

A NOSA TERRA



ANO XVII - 14 DE XULLO - 1994


PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 630 - 150 PTA

Grande oferta cultural e festeira e poucos cartos
para as vacacións

O verán dos hoteis baleiros

O Xacobeo ia abrir o camiño do turismo pero non foi así. Moitos galegos terán que veranear na casa, pero teñen unha programación cultural e festeira que é quen de contentar ao máis exigente.



Mella vetado polo PP no Consello Universitario

O PP, que xa anunciara extraoficialmente que o cumprimento dos acordos dependía do candidato que presentase o BNG, rematou por facer efectiva esta postura vetando ao Catedrático de Economía, Carlos Mella, para o Consello Universitario. Os nacionalistas conseguiron que o proceso se repita, ao denunciar varias irregularidades. (Páx. 8)

Henrique Tello: 'O chan coruñés está en mans de catro e da muller do alcalde'

Por unhas escasas décimas non acadou o BNG representación no concello de A Coruña en 1991. Enrique Tello, o candidato nacionalista, foi eleito dous anos despois parlamentario do BNG, e encabeza agora a denuncia máis grave que ten que afrontar o rexidor coruñés en debalo, Paco Vázquez. O Supremo ten xa a documentación que acreditaría un suposto delito de prevaricación, posto de manifesto sen posibilidade de silencio na construción do aparcadoiro de Matogrande. (Páx. 16 -17)


Os gandeiros precavidos ante o anuncio de que non habrá que pagar os excedentes lácteos

O Goberno central afirma que os agricultores españois que se pasaron na produción láctea asignada non van ter que pagar o excedente. Péis a esta información diversas empresas na Galiza estánlle a reter o diñeiro nos últimos meses aos gandeiros. Esta situación levou ao Sindicato Labrego Galego a anunciar a convocatoria de mobilizacións de non arranaxarse o problema. (Páx. 13)

AVENTUREIROS E CURIOSOS

Gustavo Adolfo Garrido

Unha antoloxía dos mellores relatos
de viaxes por Galicia entre o século
XV e os primeiros anos do noso
século.



galaxia

16

GALICIA

Domingo, 17 de setembro de 1992

El acuerdo firmado ayer entre el consejero Romay y el asesor, tiene validez por un año

Xunta y Fundación José Carreras colaboran en el fomento de los trasplantes de médula

El consejero de Sanidade, José Manuel Romay Breixo, y el asesor José Carreras Cui, como presidente de la fundación internacional que lleva su nombre, firmaron ayer en Santiago un convenio de colaboración para el fomento de las donaciones voluntarias y los trasplantes de médula ósea y la mejora de la atención a los pacientes oncológicos residentes en Galicia.



Evolución de trasplantes y donaciones en Galicia desde 1982

El departamento de Sanidade aprobou a firma do convenio para promover a evolución de los trasplantes de médula ósea en Galicia desde o pasado maio. En 1992, 37 personas donaron su órgano, cantidad que en lo que va de año ya ha superado los 74, lo que supone un incremento del 42 por ciento. En cuanto a los trasplantes de células, durante 1992 se realizaron 117, 17 menos que los producidos en los 11 primeros meses de este año. Las previsiones para final de año apuntan a que aumenten del 20 por ciento.

Os anuncios de Romay en rodas de prensa non se viron confirmados pola práctica

Desesperanza pola pasividade da Consellaria nos trasplantes de médula

"Ramón chegou case chorando á miña casa, cando se inteu de que en Galiza, non ía poder ser doante de médula ósea e polo tanto non chegaría sequer a intentar salvar a miña muller, cunha leucemia mieloide crónica que só se podería curar cun trans-

plante de médula", asegura consensado Xosé Lois Álvarez, un home que ten que levar ás súas costas non só a dor pola enfermidade da súa parella, senón tamén a impotencia de contemplar como o sistema sanitario non fai nada por intentar salvala. (Páx. 5)

As expectativas criadas pola Xunta fixeron medrar a oferta,
pero minguou a demanda

Baixón da hostelaria despois do Xacobeo

ARANTXA ESTÉVEZ-LUPE GÓMEZ



As excursións con comida ao ar libre son un xeito barato e frecuente de facer turismo interior

A. IGLESIAS

“Pase unhas vacacións de película nun hotel de catro estrelas nas Rias Baixas, duas noites e tres días para tres persoas por só oito mil pesetas”: anúncios como este asulagan as páxinas dos xornais porque os hoteis están baleiros.

Empanada de polbo contra os macro concertos

Durante todo o mes de Agosto, celébranse festas das “de comer e de beber”. No última fin de semana de Xullo, **Brión** abre a súa Festa da Froita, onde as mulleres da localidade ofrecen pexegos ou cereixas, coincidindo coa Romaría Internacional. Tamén nesa mesma data, **Vilagarcía de Arousa** celebra a Festa da Ameixa e **Ribadeo**, a Festa do Polbo.

O Luns, Día da Pátria, perto están **Santiago** e **Padrón**, onde se celebra o Santiaguíño do Monte que, ademais de ter carácter relixioso, non descoida o aspecto gastronómico, así no monte ásanse sardiñas e pementos.

Xa en Agosto, atravesando o país en diagonal, **Allariz** está en festas a terceira fin de semana co atrativo da empanada. Remata o Domingo cunha tarde de música galega. A non moitos quilómetros, no **Carballiño**, celébranse festas culinarias por partida dobre: o Domingo catorce, o polbo, e o vinteun, a empanada en Mexego, unha parroquia perto da vila do Arenteiro.

Para os que gustan do alcol, o Sul ten citas inevitables durante o mes que andamos. Se é na primeira fin de semana de Agosto, a **feira do albariño en Cambados** reúne a milleiros de persoas e a subida ao **Monte de Santa Tegra na Garda** convértese nun baño de viño, a augardente de Sela, en Arbo provocará desfeitas o día vinteun de Agosto. Para rematar a rota etílica, o vinteoito de Agosto celébrase a **Festa do Viño do Condado en Salvaterra**, onde durante a mañá regálase viño aos asistentes, que en edicións anteriores chegaron a vintecinco mil persoas.

A pataca convértese na protagonista das festas de **Coristanco** no terceiro Domingo de Setembro. Nesta festa prémíase o seu tamaño e o xeito de cocinála pero ademais utilízase para bailar, xa que parellas de mozos concursan sosténdoa na fronte.

Festas relixiosas

Galiza celebra, durante o verán, en cidades, vilas e aldeas, festas de carácter relixioso, nas que é

habitual que haxa procesións, aínda que as máis das veces non son de longa tradición. O dezaiseis de Xullo o país bótase ao mar para venerar á Virxe do Carme, a patrona mariñeira. En **Camiñas** haberá festexo do día 15 ao 18 de Xullo e o día grande márcalo a procesión.

Desfile marítimo haberao tamén en **Marín**, na **Coruña** e noutras vilas e cidades espalladas polo territorio galego. Nas festas de Marín haberá ademais un día dedicado ao Folk, outro á terceira idade e outro ao rock. Na vila coruñesa de **Arzua**, do 14 ao 18 deste mes, celébranse as festas patronais en honra á virxe do Carme, os festexos serán amenizados por grupos de gaitas, bandas e orquestras.

Ademais da festividade do Carme, celebrada en todas as vilas mariñeiras, hai outros acontecementos relixiosos que atraen cada ano a milleiros de persoas. A procesión do Cristo da Vitoria en **Vigo** ou as festas do Apóstolo en **Santiago** congregan multitudes de devotos.

Procesións impresionantes que ademais atraen a centos de curiosos son as de **Santa Marta de Ribarteme**, a finais de Xullo e a do Divino Xesus Nazareno en **Deán**, na **Póvoa do Caramiñal**. Nelas, o punto forte está na procesión das mortallas, onde os ofrecidos aos santos métese nos cadaleitos.

Para os que gustan do viño, o Sul ten zonas inevitables: **Cambados**, **Salvaterra** ou **A Garda** ofrecen litros a esgalla.

Presupostos millonarios nas festas urbanas

Nas cidades as festas de verán teñen un carácter moi distinto ás das vilas. Cada bairro celebra as súas, así en **Vigo**, **Bouzas**, **Berbés** ou **Coia** convértese en illas independentes con celebracións propias. Pero **Vigo**, **A Coruña**, **Lugo**, **Ourense** ou **Pontevedra** teñen entidade propia cando planean as súas festas de verán, e é frecuente que teñan un carácter marcadamente institucional e que desaparezan as comisións de festas en favor do papel dos concellos.

Dese xeito, nas cidades coinciden as festas dos bairros, coas relixiosas e coas institucionais. O Cristo da Vitoria coincide coas festas de verán organizadas polo concello de **Vigo**, que estiveron caracterizadas durante moitos anos polos concertos musicais no Parque de Castrelos. Este ano trocouse a música por cinema, e a primeira quedou nun segundo plano. O ciclo de cinema que se proxectará en Castrelos, organizado pola productora

Nas Rias Altas un establecemento de catro estrelas durante os meses de Abril e Maio ofrecía aos clientes do seu restaurante a posibilidade de pagar o que estimaban xusto pola consumición que viñan de tomar. A pesar de medidas como esta, a ocupación nesa tempada non acadou as expectativas dos hoteleiros; no mes de Maio nen en Lugo, nen en Ourense chegouse ao 20%.

O verán está entrado e os empresarios quíxanse da baixa ocupación nos establecementos hoteleiros. As cifras sinalan que a contratación só acaba un 40% nas primeiras datas de Xullo. As previsións nos hoteis galegos significan, con respecto ao ano pasado, un 20 ou 25 por cento menos de porcentaxe de reservas. Os hoteleiros apuntan que a causa desta baixa rexistada no turismo na Galiza este verán está na recesión económica pola que atravesamos o país. Hai que facer economías para pagar quince mil pesetas de habitación nun hotel de catro estrelas.

"A xente non está como para saír de vacacións", declaraba o presidente da Asociación de

Hostelaría de Vigo. Os efectos da recesión fan que se antes os turistas viñan á Galiza durante uns 15 días, este ano veñen, en termos xerais, só por espazo de dous ou tres días. No departamento de Turismo do Concello de Vigo tamén notan a baixada na afluencia de veraneantes a pesar de non teren aínda as estadísticas oficiais do primeiro mes de vacacións. Na península do Morrazo as casas que, en anos anteriores alugábanse, neste mes están desocupadas e non hai previsións de que a situación mude en Agosto.

En Compostela consolidouse, debido ás peregrinacións, un turismo non disposto nen a estar moitos días na cidade nen a gastar moitos cartos en hoteis.

Pero o problema este ano 94 en Compostela é máis grave: non hai turismo de ningunha caste. As ruas da zona vella están baleiras e nen restaurantes nen hoteis se están beneficiando do tradicional turismo. "Non hai xente. Estamos no segundo mes máis importante

do ano en canto a hostelaría e temos un 32% de ocupación", dixo Xesus Asorey, responsable da Asociación Hosteleira de Santiago, que asegura que esta crise é xeralizada en toda Galiza.

Se nas zonas costeiras a situación é preocupante, no interior a media de ocupación hoteleira está nun 30%.



As praias convértese, nas cidades, en lugares masificados

A. IGLESIAS

Más previsións para Agosto

A baixa ocupación hoteleira de Pontevedra, para Antonio Pérez, propietario dun hotel en Sanxenxo, "dase este verán pola existencia dun exceso de oferta neste sector, que se incrementa co funcionamento doutra de carácter ilegal, tan coñecida polos turistas como a legal". Galiza conta con 450 hoteis contabilizados fronte aos máis de cincocentos de Barcelona. Na opinión deste empresario, a ocupación hoteleira galega comezou bai-

(Continúa na páxina 4)

Oportunidade perdida

Os datos facilitados polos sectores directamente afectados son coincidentes á hora de situar a demanda turística na Galiza en parámetros inferiores incluso aos de 1992, mentres a Xunta segue a agardar que no mes de Agosto mellore a situación. Ocupación hoteleira que non chega ao 40% na maioría das zonas, restaurantes e casas de comidas vacíos, bares desertos e ausencia case total de excursións e mesmo pelengrins, configuran un panorama que, polo menos, mostra que o Xacobeo-93 foi unha oportunidade perdida.

Habería que reflexionar cal é a causa de que mentres as zonas turísticas do resto do estado teñan os seus establecementos aateigados e non poden atender ás demandas, na Galiza o panorama sexa desolador. O que non se pode é dar como única causa-solución a esgrimida polo secretario xeral de Turismo, García Bobadilla: baixar os prezos. Non semella ser esa a causa, pois as tarifas dos establecementos galegos son equiparábeis ás de outras zonas, cando non teñen unha maior calidade-precio.

Para que serviron os máis de 30.000 millóns gastados en promoción nestes tres últimos anos, através do Xacobeo-93 e outras campañas? Galiza sempre se distinguiu por unha hospitalidade e unhas características que fan que os visitantes recunquen ano tras ano. Pero os centos de miles que visitaron o noso país o ano pasado, nen voltaron, nen atraeron a novos visitantes. Tampouco as campañas publicitarias e de promoción están a facer efecto este ano.

Non será máis ben que desde a Xunta se orientaron mal as campañas, enfocándoas a un turismo que non é o propio nen o adecuado para as nosas características e, a maiores, o comenente? Pasou o día e pasou a romaría, semellan indicar os índices de afluencia turística.

En catro anos o Goberno galego veu autogabándose co impulso que para o noso desenvolvemento ia supor o Xacobeo-93. Ulo? Manuel Fraga, repetía hai escasas datas na inauguración dunhas pousadas para o turismo rural, que este sector ia ser o dinamizador da economía galega, o que sacará a Galiza do subdesenvolvemento, tal como prometeu nos seus distintos programas eleitorais e discursos. Tan convencido está deste sector como motor da economía galega que ten esta dirección xeral no organigrama da súa presidencia.

Os resultados son teimudos en levarlle a contraria non só en canto a éxitos acadados, senón tamén a respecto dos medios investidos. Non será máis ben que Fraga está a propiciar unha política turística caduca e inadaptada ás características galegas? Nen Galiza é a Costa do Sol, nen a situación actual é a dos anos sesenta. ♦

A NOSA TERRA



Os desprazamentos ás zonas costeiras son os máis solicitados

A. IGLESIAS

de Chano Piñeiro, ocupará case trinta noites dos meses de Xullo e Agosto.

A alternativa contracultural este verán ven dada polo centro veciñal e cultural de Valadares, que organiza o I Revoltallo de Música Emerxente no Monte dos Pozos. Esta iniciativa, herdeira do Woodstock norteamericano (mítico festival con acampada nos arredores de Nova Iorque) ten como punto central unha acampada do 15 ao 22 de Agosto, onde se pode asistir a cursos de música como gaita, cordas ou percusión. Para redondear a experiencia, terá lugar a Feira de Música Inde-

pendente onde durante tres días actuarán trinta grupos de Galicia e do Norte de Portugal.

As Festas de María Pita na Coruña tamén se celebran ao longo do mes de Agosto e teñen como principal atractivo nos últimos anos os concertos musicais no Coliseum, que levan traído a figuras internacionais con grande aceptación. Ademais de música, o fútbol ten a súa festa co trofeo "Teresa Herrera".

Santiago tamén celebra as súas festas do Apóstolo no medio de concertos de figuras internacionais. O día da Pátria, contra todo

o que puidera parecer, estará marcado pola actuación de Willy Deville, que estará na Galiza por segunda vez neste ano. Pola súa parte, Ourense programa os venres de verán onde na tarde e noite haberá humor, música, cinema e exposicións na rua.

A cidade de Pontevedra tamén festexa as súas festas de Peregrina dun xeito similar. O día 11 de Agosto márcase o comezo, para prolongarse até finais de mes. Cun presuposto de cen millóns de pesetas, o prato forte tamén é a música con grupos como UB-40, Seguridad Social ou Antonio Vega. ♦

(Ven da páxina 3) xar a partir do ano 1991 e, a pesar do Ano Santo, esa tendencia decrecente continúa. Para Xesus Asorey, criouse moita oferta mentres a demanda decrecia.

No pasado ano, máis o atractivo do Xacobeo, nos primeiros seis meses do ano chego a resistir unha ocupación dun 10% en moitos casos. Segue existindo un problema constante que é o do baixo poder adquisitivo dos turistas que pernoctan nos hoteis galegos. De xeito vense favorecidas instalacións coma os campings en prexuízo dos hoteis de categoría. Se nas zonas costeiras a situación é preocupante, no interior é peor porque non se chega ao 30% de ocupación. Porén, a Secretaría Xeral de Turismo segue a dicir que as previsións son boas.

É a mesma polémica do pasado ano, cando a Xunta comunicaba as cifras de visitantes con satisfacción e os hosteleiros con incredulidade. Se nun principio semellaba que Santiago non ía ter infraestruturas para acoller á morea de turistas, non se acadou o 100% de ocupación. Segundo Xesus Asorey, o ano Xacobeo non foi bon e o presente é peor. "Estamos dicindo que imos ter o mellor ano de turismo e estamos por baixo das cotas doutros anos como o 92".

Ulo os turistas?

Rosalía Pose, propietaria dun hostel da Coruña, móstrase asombrada ante a situación crítica de ocupación dos establecementos desta cidade. "Non lembro outro ano tan mau como este. A situación da Hostelería na Coruña é problemática" afirma Rosalía. Mesmo no número de reservas de hoteis para a data do campionato futbolístico *Teresa Herrera* nótase un acusado descenso. "Estou desexando que alguén chame e pergunte se hai cuartos para ver o Teresa Herrera", engade a hosteleira, así como constata que o rendimento dos hoteis coruñeses este verán "non acada o 30 por cento".

A maioría da xente que visita Galiza é doutras zonas do Estado e permanece moi pouco tempo. Unha familia de Madrid alugada nun hotel modesto de Vigo buscaba para os seus tres días de vacacións praia e sol. "Xa distribuimos o tempo, o primeiro día as illas Cies, o segundo a zona da Garda e norte de Portugal e o último, O Grove e A Toxa; son os sitios dos que nos fala todo o mundo", sinalaban.

O certo é que hai lugares que son pouco beneficiados no canto de facer turismo, xa que non son promocionados como luga-

res atractivos para o viaxeiro por non ter costa ou por non haber grandes intereses empresariais.

Rexurde a polémica do Xacobeo, a Xunta alardea das cifras de visitantes e os hoteis están baleiros.

É a mesma polémica do pasado ano, cando a Xunta comunicaba as cifras de visitantes con satisfacción e os hosteleiros con incredulidade.

Onde imos de vacacións?

Paris-Eurodisney, 94.000; Praga, 60.000; Viena, 70.000; Cuba, 115.000; Palma de Mallorca, 42.000. Os trinquos das axencias están inzados de ofertas que inclúen viaxes e estadia.

En Xullo as axencias non rexistan demasiado movemento, aínda que estas temen que continue así no resto verán. Carme L. dirixe unha axencia de viaxes e cre que nestes anos os galegos saen pouco de vacacións. "En Xullo os que máis viaxan son os mozos que acaban de rematar o curso e se apañan con poucos cartos, a maior parte vai con menos de cincuenta mil pesetas pero, aínda nese tramo de idade xa houbo tempos mello-

res", sinala. ♦

Cenário festivo a 1.000 metros da casa

Guitiriz, as terras lucenses e a capital do Ribeiro, Ribadavia, darán cor a este verán con festivais nos que se dará pulo a distintas expresións artístico-culturais e nas que abundarán as romarías. Porque non é preciso cruzar as fronteiras galegas, nen andar moitos quilómetros, nen gastar cartos a esgalla en viaxes a outras terras para atopar troula e festexar as vacacións. Quen escolla á Galiza como lugar onde folgar poderá montar nun barco e ser un vikingo en Catoira ou se o prefire asaltar un castelo en Moeche. En Betanzos, a cidade dos Cabaleiros, un ano máis os festeiros cruzarán o Mandeo en embarcacións engalanadas para a ocasión para ir merendar ao campo dos Caneiros.

De aquí a poucos días, na vila de Ribadavia váise celebrar a **X Mostra Internacional de Teatro: do 15 ao 24 de Xullo**. Actuarán compañías galegas, catalanas, asturianas, inglesas e doutras partes do mundo. Haberá obras inspiradas en criacións de escritores como Federico García Lorca. Representarase o drama de Macbeth, inspirado nun dos textos do patrimonio dramático universal. Lembrarase ao poeta Artaud e a súa rebeldía contra as trampas do sistema. En total, serán nove xornadas cargadas de interese para quen goste da emoción da realidade dramatizada e queira fuxir deste xeito da mo-

notonía cotiá do resto do ano.

Festa da cultura

Nos comezos de Agosto, os días 6 e 7, na paisaxe natural que se estende a carón do balneario de Pardiñas, en Guitiriz, terá lugar a **Feira e Festa da Música e da Arte**. Será unha fin de semana chea de actividades diversas. O Sábado haberá unha Mostra de artesanía de instrumentos tradicionais galegos —gaitas, trécolas e outros aparellos— e intérpretes que fan uso deles que actuarán durante todo o día.

Na criazón dun Seminario de Danza para animar aos festeiros a que bailen durante os dous días que duran os actos, está o ánimo dos organizadores

No primeiro fin de semana de Agosto coinciden a celebración da Festa da Música e da Arte de Guitiriz e a romaría vikinga de Catoira

de que a xente que acuda a esta cita participe realmente na festa e no baile. Outro espazo deste festival estará ocupado pola actuación de grupos como Os Diplomáticos de Monte Alto, para quen goste do rock bravu e da Arroutada. Para adictos á música folk estarán sobre o cenário as agrupacións Treixadura e Albenda. O día 7, Domingo, haberá diversas exposicións de artes plásticas e artesanía. Tamén se entregarán premios de pintura e de cerámica. Será unha mistura de música e arte que tentará prender totalmente aos festeiros que cheguen a matar o fastio, inventando dúas xornadas diferentes ao resto das vacacións estivais.

A Troula no río Mandeo

Dentro do **San Roque de Betanzos, o 18 e o 25 de Agosto**, será a festa dos Caneiros. Non hai mellor ocasión para esquecer que existen coches, trens, avións, grandes barcos e, daquela, cómpre aproveitar para cruzar o río Mandeo en lanchas. O destino desta rota é o campo dos Caneiros; ali o festeiro poderá manducar unha boa merenda e se lle peta, tumbarse baixo dunha árbore, rodeado do resto de visitantes.

Ao comezar o mes de Agosto en Catoira poderemos asistir á representación dunha obra de teatro por parte dunha compañía danesa. O teatro, coa obra "Ihagbbard e Signe", na que se representarán asaltos con loitas de espada e algúns protagonistas serán auténticos cabalos, xogarase con efectos pirotécnicos e luminotécnicos. Todo iso ocorrerá durante os 7 primeiros días do mes. O conto, relata a historia da filla de dous reis que, sendo moi cortexada a princesa, non dá importancia á beleza exterior senón á forza e a coraxe. Un Domingo, o día 7 de Agosto, remata a posta en cena desta obra, e **Catoira** preparase para vivir a súa romaría vikinga, na que haberá, entre outros actos, unha dramatización do **Desembarco Vikingo** e da defensa das Torres do Oeste.

O Folión de Chantada

Cando xa a maioría dos emigrados están a rematar as suas vacacións, o **cuarto Sábado de Agosto**, este ano o 27, teñen lugar as festas patronais de **Chantada**. O máis importante destes festexos é o **Folión De Carros**. Esta tradición que se remonta á época medieval consiste en xugadas que tiran carros do país no que os distintos grémios van cenificando a súa mestria respectiva. Moitas das labores perdéronse agora na vida cotiá, polo que este desfile é o trinque non só de vellos oficios, senón dos seus utensilios e clima de traballo.

O **Festival Irmandiño de Moeche**, cara o Norte da Galiza, terá dúas datas: o 19 e o 20 de Agosto. A noite do Sábado o castelo de Moeche sufrirá un asalto e tamén haberá, nesta noite, música galega. ♦



X. LARGUIVO

SANIDADE

Romay apresentou hai meses en televisión a *Fundación Carreras*

Os hospitais galegos non aceitan doantes de médula ante a desesperación dos enfermos

■ MARIA ALONSO

"Ramón chegou case chorando á miña casa, cando se inteirou de que aquí, en Galiza, non ia poder ser doante de médula ósea e polo tanto non chegaría sequer a intentar salvar a miña muller, que ten unha leucémia mieloide crónica que só se podería curar cun transplante de médula", asegura consternado Xosé Lois Álvarez, un home que ten que levar ás súas costas non só a dor pola enfermidade da súa parella, senón tamén a impotencia de contemplar como o sistema sanitario non fai nada por intentar salvala.

Malia as declaracións públicas do conselleiro de Sanidade, Romay Beccaria, a sinatura dun convenio en Decembro do 93 coa Fundación "Josep Carreras" de Barcelona, e a campaña que a Xunta está a desenvolver en Galiza co obxectivo de fomentar a doación de médula ósea, Xosé Lois non é o único afectado que se ten atopado coa irracionalidade dun sistema sanitario que non entende da premura coa que os enfermos de leucémia necesitan unha asistencia axeitada: Begoña Pereira, unha médica da Cruz Vermella de Vigo, sufriu a morte da súa irmá, afectada por esa terrible enfermidade, despois de loitar sen descanso contra a inoperancia do sistema, sen este lle axudar o máis mínimo nos seus intentos inúteis de salvala.

O rapaz que pretendía doar a súa médula para curar á muller de Xosé Lois Álvarez, que decidiu hai xa tempo doar todos os seus órganos cando morra, pensou que un exemplo aínda máis claro de altruismo e solidariedade sería o de facer algo polos demais en vida. Inteirouse, através do médico de cabeceira, de que Marta, a muller de Xosé Lois, necesitaba un transplante de médula e non dubidou nen un momento a súa decisión de lle doar a súa, péis a que o facultativo lle advertiu das molestias e mesmo do doloroso que podería ser. Despois de falar coa afectada para comunicarlle o seu interese por facerse doante para salvala, foi de seguido aos servizos de Doantes e Hematoloxía do Hospital Xeral de Vigo, onde o persoal o fixo voltar até tres veces por descoñecer os mecanismos para facerse doante de médula ósea. Finalmente, despois de explicarlle que no devandito centro sanitario non sería posíbel facer as análises necesarias, comunicáronlle que debería porse en contacto coa Fundación "Josep Carreras" porque "a Xunta non nos manda cartos para facer nada diso e sería absurdo facer ex-



ANXO IGLESÍAS

Xosé Lois Álvarez encontrou, pola súa conta, doantes de médula para a súa muller.

traccións, se despois non van ir a nengun lado".

"Loxicamente —explica Xosé Lois Álvarez—, non lle podes dicir a alguén que accede a doar a súa médula, coa falla de doantes deste tipo que hai, que chame e mesmo marche a Barcelona, costeando os gastos do seu peto".

O home de Marta, unha muller de 37 anos, entende que ao pior a médula de Ramón non resultaría compatible coa da enferma, pero ate que alomenos habería que intentalo. Os pacientes que queren doar a súa médula deben submeterse a unha análise de sangue que permite facer unha tipaxe para coñecer a combinación xenética do individuo.

A loita contra o tempo fixo que Begoña chegase a captar 600 doantes sen que o Servizo Galego de Saúde colaborase con nengun meio.

Como no mundo existen 40.000 combinacións diferentes, resulta moi difícil atopar a axeitada para cada paciente e por iso "non se pode desaproveitar a ninguén", asegura Begoña Pereira.

O pesadelo vivido pola familia da doutora Pereira comezou o pasado ano, cando as anemias, hemorraxias, infeccións e desmaios que sofria a súa irmá provocaron o diagnóstico dun síndrome mielodisplásico provocado por unha mutación xenética que afectaba á célula nai e, polo tanto, facía inservíbeis os glóbulos brancos, os vermellos e mesmo as plaquetas da paciente. A única esperanza de vida para esta rapaza, de 25 anos, era un transplante de médula que nunca chegou, xa que as transfusións de sangue e plaquetas apenas abundaban para mantela con vida.

Begoña Pereira iniciou entón unha búsqueda que, mália os esforzos, topou en todo momento coa falta de medios e mesmo coa insensibilidade do conselleiro de Sanidade, Romay Beccaria, e a responsábel da Oficina de Coordinación de Transplantes de Galiza, María Xosé Rubio, que argumentaban non dispor aínda de vías para atender os problemas dos enfermos de médula, en tanto non se asinase o convenio coa Fundación "Josep Carreras".

O éxito de só unha persoa
A loita contra o tempo, porque

'Iso non o levan en hematoloxía?'

A campaña que desenvolve Romay Beccaria para concienciar aos cidadáns sobre a necesidade de doar a médula ósea choca frontalmente coa realidade hospitalaria do desinterese da Administración por aportar os medios necesarios. A Nosa Terra, facéndose pasar por un posíbel doante de médula ósea, falou telefonicamente co servizo de Doantes do Hospital Xeral de Vigo e puido comprobar como o persoal da devandita unidade se preguntaba, estrañado, a quen lle podían remitir ese doante. "Iso non o levan en Hematoloxía? Non, muller, ese tipo de temas levámolo nós. Se miras que tal, dille que chame o Luns, a ver se hai alguén que lle poda dar razón do tema. Mire, se non lle importa volte a chamar o vindeiro Luns para ver se está alguén que saiba sobre as doacións de médula" foron algunhas das expresións que escoitamos e que, case con toda seguridade, nos farían desistir do noso intento altruista no caso de sermos doantes reais. ♦

unha crise podía ser fatal para a súa irmá, cunha médula ósea incompatible coa dos seus catro irmáns, fixo que Begoña chegase a captar 650 doantes en Galiza. Como a Administración sanitaria non tiña prevista infraestrutura nengunha para levar a cabo as análises necesarias, púxose en contacto cos responsábeis da Fundación de Barcelona e conseguiu a axuda do persoal dos laboratorios de Inmunoloxía do Hospital Xeral de Vigo, que se comprometeron a facer arredor de 10 extraccións diarias e a envialas despois a Barcelona para a súa posterior tipaxe. Deste xeito, e sen que o Servizo Galego de Saúde colaborase con nengun meio, chegaronse a tipar uns 300 pacientes.

'Eu era dos que crian que o sistema sanitario funciona e que ao final sempre se conseguen as cousas que son xustas.'

Agora que súa irmá morreu, ao non poder resistir os efectos de varios ciclos de quimioterapia e non atopar a tempo o doante de médula que necesitaba, Begoña Pereira amosa a súa sorpresa polo feito de que, nen sequera despois de asinar o convenio que agardaban os responsábeis sanitarios cando ela pedía axuda, os hospitais galegos sigan rexeitando posíbeis doantes pola falta de información e medios. "En principio —explica— o convenio contemplaba unha dotación económica para este ano de 20 millóns de pesetas, cantidade que permitiría facer arredor de 500 tipaxes de médula ósea, porque cada unha costa 40.000 pesetas".

Ao mesmo tempo, a médica da Cruz Vermella salienta a cantidade de cousas que se poderían facer en favor dos enfermos de leucémia, cando só ela conseguiu nun tempo limitado 650 doantes, o 10 por cento dos que están rexistrados actualmente en todo o Estado español, uns 6.000 segundo os rexistros internacionais, que falan de 1.200.000 doantes no mundo inteiro.

"Seguirei pagando"

O problema ao que se enfrentan os 25 enfermos que actualmente necesitan en Galiza un transplante de médula ósea non consiste unicamente na falta de medios nos centros hospitalarios, nen sequer na insensibilidade dos responsábeis sanitarios, senón tamén na obriga de abonar importantes cantidades de diñeiro se é que queren beneficiarse dos adiantos médicos existentes no mundo. Xosé Lois Álvarez denuncia que a entrada no sistema de búsqueda internacional de que dispón o rexistro da Fundación "Josep Carreras" supúxolle un desembolso económico de cen mil pesetas, que o Sergas debería ter coberto xa en concepto de reintegro de gastos e aínda non pagou.

"Oito meses levo xa agardando a devolución deses cartos —explicou— cando en Cataluña eses reintegros fanse ao cabo de dous meses. Primeiro paguei 35.000 pesetas pola búsqueda dun posíbel doante en Franza e logo 65.000 pola doutro en Holanda. Nengun deles serviu, pero seguirei pagando cantas veces sexa necesario até atopar á persoa que poda salvar á miña muller".

Desta amarga experiencia, Xosé Lois conservará sempre sobretodo a sensación de ter sido "defraudado, enganado, completamente decepcionado, porque eu era dos que crian que o sistema sanitario funciona e que ao final sempre se conseguen as cousas que son xustas". "Esta —engade— non é unha enfermidade normal, senón unha especie de mazazo que te derruba, pero atópaste con que careces por completo con calquer apoio e o único que che queda é a axuda da familia e os amigos". ♦

7 DIAS

■ O Exército queda en Cataluña e Euskadi, contra as razóns estratéxicas

O Plano do Norte do Exército de Terra, para a reconversión das unidades militares desa área, non contempla a eliminación das tropas ali destacadas, contra o que indican as necesidades estratéxicas para a defensa do Estado. Nalgunhas autonomías do Norte si que se disolven algunhas brigadas e núcleos divisionarios. O PNV declarou, através de Joseba Eguibar, que o mantemento das unidades militares "debe ser para compensar o que non controlan; é máis consecuencia dun complexo que do interese que pode ter". ♦

■ O tribunal non ve delito na información que relaciona a Petrovigo con Elf-Aquitaine

O xulgado de instrución número catro de Vigo afirmou que "o certo é que non atopamos no seu contido [do artigo que relaciona a Petrovigo con Elf-Aquitaine] eses elementos que excedan a posibilidade delictiva, máxime tendo en conta a estrutura intencional do delito de inxurias, que esixe en todo caso unha intención de menoscabar o crédito, reputación ou honor dunha persoa". Esta declaración é un dos fundamentos de dereito da conclusión do sumario pola querrela interposta por Petrovigo contra o xornalista Gustavo Luca de Tena e que agora o xulgado remitiu á Audiencia Provincial. Con semellante declaración, a incriminación do redactor de *A Nosa Terra*, está practicamente desbotada. ♦

■ O PP quer exculpar ao alcalde de Xinzo por compras oficiais na súa droguería

O PP intentou exculpar ao alcalde de Xinzo, Isaac Vila, na comisión que investiga as responsabilidades deste nas adquisicións irregulares de material que o Concello que preside fixo na empresa Droguería Agrícola, da que Vila é propietario. As vendas irregulares arrástanse desde 1983 e o BNG calificou de "tomadura de pelo" a intención do PP de investigar a irregularidade pero exculpar ao seu responsábel. ♦



■ As oposicións de ensino meio non se suspenden

A petición de suspensión cautelar da convocatoria do 7 de Xuño de oposicións para ensino meio, formulada por numerosos opositores de convocatorias anteriores, foi denegada polo Tribunal Superior porque unha sentenza do Tribunal Supremo ratificou outra convocatoria, esta en Andalucía, que tiña bases moi semellantes. A maiores, a Xunta está á espera do Supremo fallar ao seu favor no recurso presentado ante as oposicións de 1992, nas que non se establecía unha nota mínima para computar os méritos dos opositores. ♦

■ Denúncian unha agresión policial a un senegalés

Un cidadán senegalés con residencia en Vigo denunciou a

un policía local por unha agresión producida no decurso dunha identificación nunha praia desa cidade. A agresión foi presenciada por numerosos veciños e unha testemuña apresentou unha denuncia contra o policía. Organizacións non gubernamentais e vítima tamén presentaron denuncia e o policía fixo o mesmo pero contra o cidadán senegalés, a quen acusou de agresión e ameazas de morte. ♦

■ IU pacta co PP e o PSOE critica o feito porque prefere a CiU

IU fai as beiras á dereita andaluza pero renega da catalana, acusándoa de ser a peor de Europa. Arenas é para Anguita un aliado "contra o demo". Mentres, Felipe González escoita os afagos de Pujol e escandalízase do pacto "contra natura" asinado por Anguita. ♦

■ Fernández Tapias non está interesado en Alvarez

Mentres Xosé Capeáns mostraba a súa disposición favorable para adquirir o Grupo de Empresas Alvarez e proceder ao seu saneamento, o empresario vigués Fernando Fernández Tapias deu cabazos ao conselleiro de Industria, Antón Couceiro, e asegurou que non está interesado na merca do Grupo. ♦

Entanto non se soluciona a crise de Alvarez, os traballadores desta empresa continuaron as súas mobilizacións, que centraron no Concello de Vigo; o Luns 11, impediron o acceso ao seu interior, e o Martes 12 acadaron o apoio unánime do Pleno Municipal. ♦



Margarida Rodríguez Montes, presidenta do Comité de empresa de Alvarez.

■ Un luxemburgués case seguro sucesor de Delors

Xa case hai consenso para determinar quen será o sucesor de Jacques Delors á fronte da Comisión Europea, trátase do Primeiro ministro de Luxemburgo, Jacques Santer. Os outros tres candidatos foron desbotados e o Venres 15 un cume extraordinario procederá á designación oficial. Probabelmente un dos candidatos rexeitados, o inglés Leon Brittan, será vicepresidente económico da Comisión. ♦

■ Fraga fará a ofrenda ao Apóstolo

O Presidente Fraga será o representante réxio na Ofrenda ao Apóstolo deste ano, que se celebrará na Catedral de Compostela o 25 de Xullo. Pasaron os tempos nos que un acto como este provocaba ciúmes e enfrontamentos entre a presidencia da Xunta [Fernández Albor] e a delegación do Goberno central [García Sabel], e que eran dirimidos polo Rei a meio da súa presenza en Compostela. ♦

■ O haxix volve ás Rías

Nos últimos días foron aprendidos 2.800 quilogramos de haxix nas proximidades de Vilagarcía, procedentes dun barco que traía a droga desde Marrocos. Outros 500 quilogramos están fondeados nalgún lugar das inmediacións da illas Cies, pero de momento non foron localizados. Tres persoas foron detidas na mesma operación na que se incautou a droga. Despois de varios anos nos que a cocaína ocupaba o tráfico de drogas, o haxix volveu ás Rías Baixas. ♦

■ O OAR desaparece e o Breogán está en perigo

A exclusión do OAR da Liga do Baloncesto, por non poder presentar un pre-suposto mínimo de 200 millóns para 1994, vai provocar a desaparición do clube ferrolán. Outro clube, o Breogán de Lugo, podería correr a mesma sorte se non atopa patrocinador para o próximo ano, porque daquela tampouco chegaría ao orzamento mínimo legal exixido pola Liga Profesional do Baloncesto. Galiza, de ser a Comunidade máis representada na pasada tempada ligueira, con tres equipas [Bregoa, Coren e OAR], perdería a meirande parte da súa forza no baloncesto estatal. ♦

■ O PP quer postos nas institucións estatais

O triunfo electoral das Europeas é o argumento que emprega o Partido Popular para colocar candidatos da súa corda nas principais institucións do Estado, tales como o Defensor do Povo ou o Consello Xeral do Poder Xudicial. Os líderes do PP quereren forzar un acordo parlamentario e estarían dispostos a renunciar a unha posición de peso dentro do Consello Asesor de RTVE a cambio de ser aceptadas os resto das súas peticións. CiU monstrou o seu desagrado ante tal posibilidade porque semellantes acordos irían en detrimento da súa representatividade nas devanditas institucións estatais. ♦

■ O PP non quer auditar as obras da Deputación de Lugo adxudicadas a Coherpu

O PP intentou que non fosen estudados os expedientes das obras que a Deputación de Lugo adxudicou a Coherpu, e que están a ser analizadas por unha Comisión de Investigación. O argumento empregado polo PP para rexeitar a auditoría é que "non hai indicios de delito, só irregularidades administrativas, polo que non hai por que dilatar o tema". O PP non pudo saírse coa súa e o ditame final foi aprazado para que se pudesen estudar os expedientes que o PSOE solicitara. ♦

■ O paro baixa no Estado máis que na Galiza

En Xuño por quinto mes consecutivo baixou o paro na Galiza. Fixoo en 2.501 persoas, un 1,23%, pero en menor medida que no resto do Estado, onde houbo 34.500 desempregados menos, un 1,29%. O total de parados na Galiza na actualidade é de 200.271, o 17,45% da poboación activa. No Estado a porcentaxe de paro é menor: 17% e a cifra de persoas sen emprego é de 2.644.000.

Na Galiza, por provincias, onde máis baixou o paro foi en Pontevedra, xa que houbo 995 desocupados menos. Na Coruña houbo 532 parados menos. En Ourense o paro baixou en 489 persoas, e en Lugo fíxoo en 485 persoas. Por sectores, o paro subiu no colectivo de persoas que buscan o seu primeiro emprego, 405 parados máis, o 1%, e na agricultura, 363 parados máis, o 4,4%, e baixou na construción, 1.200 desempregados menos, o 3,65%, nos servizos, 1.091 desocupados menos, o 1,36%, e na industria, con 978 parados menos, o 2,4%. ♦

GALIZA E MUNDO

POLÍTICA INFORMATIVA

O BNG pretende levar as propostas dos diversos sectores sociais ao Consello

O PP busca a continuidade cos cambios na RTVG

■ A.E.

Os relevos na cúpula dos medios públicos autonómicos non van supor cambios na política informativa e de programación que viñan levando até de agora. Así o manifestou Adriano Marques de Magalhães, novo presidente do Consello de Administración da Compañía de Radiotelevisión Galega (CRTVG), despois de constituírse este organismo. Pola súa banda, o BNG anuncia que defenderá "un modelo de medios públicos que coincide coa lei pola que foron criados. Iso nestes momentos xa sería un gran paso adiante", en palabras de Francisco García.

Ramón Villot, o ex Director Xeral da CRTV atopábase en Madrid no despacho do seu homónimo da RTVE, García Candau, cando recibiu a chamada de Fraga Iribarne. "Fixo vostede os cambios?", inquiriulle o Presidente da Xunta. "Pois logo está vostede cesado". Sen sair do despacho, Villot presentou a Candau a petición de ingreso na RTVE, da que estaba en excedencia.

Pérez Varela despois de moitos meses de busca do home idóneo e de conciliar os intereses dos distintos poderes dentro do PP, xa tiña decidido quen ocuparía o posto de máximo responsable da CRTVG. Despois de moito insistir e apelar á súa amizade, lograra que Francisco Campos, até daquela director da Axencia Galega de Noticias, aceptase a dirección xeral da CRTVG. Non se sabe se Campos tivo que aceptar de antemán que lle nomeasen aos responsables da Rádio Galega e da TVG, ou non foi capaz de impor os seus criterios fronte os distintos intereses corporativos imperantes no PP.

O certo é que, conxuntamente co anuncio do nomeamento de Francisco Campos, a Xunta, filtrou tamén os nomes do director da TVG, Arturo Maneiro, e a



O PP pretende que na RTVG toda siga o mesmo, agás as perdas.

ANXO IGLESIAS

continuidade de Blanco Campaña na rádio até pasadas as eleccións municipais. A capaci-

dade de manobra de Francisco Campos quedou así recortada, preveéndose que se ocupara

sobretudo da parte económica, tendo como principal cometido o saneamento da CRTVG.

DUAS INCÓGNITAS

A. EIRÉ

Duas son as incógnitas que terán que despegarse nos próximos meses a respecto da CRTVG. A primeira cal vai ser o grado de dependencia profesional do novo Director Xeral, Francisco Campos, ao seu amigo Pérez Varela, e mesmo a capacidade de manobra que van ter ambos dentro do PP. A outra, a capacidade de fiscalización e xestión do novo Consello de Administración coa entrada do BNG, que quebrou o bipartidismo.

As primeiras impresións a respecto do papel que pode xogar o Director Xeral non poden considerarse moi alentadoras. Semella que o que van a demandar del é a pura xestión económica-empresarial, aínda que esta non se poda separar dos obxectivos para os que foi criada a RTVG. O campo estritamente xornalístico vai ter continuidade tanto na rádio como na televisión. Que sexa o propio PP quen nomee aos cargos intermedios, elevando a director da TVG a un home como Arturo Maneiro, que foi nestes anos o máis criticado da toda a RTVG, tanto interna como externamente, pola súa visión servil da información, é

máis unha provocación á sociedade que un sinal de cambio. Dentro desta continuidade hai que incluír a permanencia de Xosé Luis Blanco ao fronte da Rádio Galega, non por ponderar positivamente o seu traballo, senón por non desfacer os equilibrios partidarios internos.

A outra incógnita está nos cambios no Consello de Administración da RTVG. O papel dos designados polo PP nunha especie de lotería de consolación, é de todos coñecido. O conselleiros do PSOE ao longo destes anos, realizaron a mesma política que os do PP. Nesta ocasión, a elección de Santiago del Valle, un membro do Comité de Empresa, proposto polos socialistas, e a presenza dos dous membros do BNG, pode ser decisiva á hora de aprobar aqueles temas que requiren o voto favorable dos dous tercios dos conselleiros, tales como a programación e presupostos. Outra das facetas debería de ser a conexión da RTVG coa sociedade, máis alá do reparto de intereses partidarios, único aspecto no que se pode dicir que traballou o Consello até de agora. ♦

Falta por saber que grau de dependencia profesional terá Francisco Campos de Pérez Varela.

Francisco Campos ven de presentar a súa tese doctoral que versa sobre a economía dos xornais galegos nos dez últimos anos, estando considerado como un dos principais expertos na xestión económica dos medios de comunicación galegos.

Continuidade

Esta continuidade que semella ser a tónica que van seguir os novos reitores da RTVG, foi confirmada polo presidente do Consello de Administración, Adriano Marques de Magalhães, despois de que se constituíse o organismo. "Os xiros non deben de ser importantes, no Consello nen na programación", aínda que apuntou un incremento na programación cultural "sobre todo no fútbol, que, en certo xeito, tamén é cultura".

Pola súa banda, Francisco García, elixido a proposta do BNG, afirmou que el e a súa compañeira María Tereixa Navaza, van apostar polo modelo de TV pública que se contempla na lei reguladora, propiciando uns medios públicos que defendan "a nosa identidade nacional, lingüística e cultural". O BNG tentará que na RTVG primen os criterios de "profesionalidade, pluralismo ideolóxico e obxectividade". Tamén tentarán o establecemento dunha xestión máis eficaz, o aumento da produción propia e o remate da infrutilización dos recursos, tanto no eido material como de persoal.

O BNG afirma que seguirá a norma de darlles aos novos reitores un tempo prudencial para enxuiar a súa labora, poñendo en marcha unha serie de entrevistas cos representantes sindicais e co comité de empresa, para, seguidamente, escoitar a todos os sectores sociais que esteñan interesados, "tentando deste xeito veiculizar as súas propostas".

Santiago del Valle, o traballador da TVG elixido a proposta do PSOE, considera que unha das súas principais labores será a de "rematar co despotismo que caracterizou aos informativos, a arbitrariedade na adxudicación de pluses e horas extras e nalgúns casos nominais esaxeradas". Del Valle anuncia que vai defender as asignaturas pendentes: "estabilidade, independencia e profesionalidade". ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Francisco Carballo. Vicepresidente: Xaquín Acosta
Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga.
Vogais: Francisco Torrente, Cesáreo Sánchez, Alberte Ansedo, Xosé M^o Dobarro, Carlos Xohán Díaz e Manuel Veiga.
Secretario: Xan Piñeiro.

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horacio Vixande, Anxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: Ricardo Sandoval e Merche Vázquez (A Coruña), Xavier López (Compostela), Carme Carballo (Ourense), Carme Vidal (Pontevedra), H. Sanfiz (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Ratón (Vilagarcía), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortega), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), H. Naval (A Mariña), X. López Témaz (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naveiro (Terra Chá), X.M. Santiago Caigoso (Barbarza), Manuel Bello (A Montaña), Manuel Díaz (Meide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacín (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Manuel

Pan (Bergantinos), Daniel Lazaré, Pepe Rei (Euskadi), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Begoña Moa (Alemaña), Gonçalo Nuno (Porto). Axenda: Iago Luca.

Colaboradores: Paula Castro, Arantxa Estévez, Manuel Vilar, Xosé Cid Cabido, Pilar Piñeiro, María Alonso, Viki Costas, Avelina Barreiro, Lino Braxe, Primitivo Carbajo, X.C. Garrido Couceiro, Nanina S. Castroviejo, Anxos Saigado, Amanda Alvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gacío, Xurxo Estévez, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mella, César Varela, X. Fernández Mateo, Antonio Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña.
Internacional: Xulio Ríce, Patricia Grinberg, Juan C. M. Botelló.
Literatura: Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. Música: Xoán M. Estévez,

Xico Peña, Xoán Manuel Carreira, Oscar Losada. Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova. Cinema e Televisión: Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. Arquitectura: Práctico Lizancos. Historia: Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Delmi Alvarez, Voz Noticias, El Progreso.
Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreira, Carlos Silvar, Gonzalo, Xulio Gaioso, Tokio, Hermida, P. Nuñez, Manel.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreiro.

Subscripcións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rúa do Príncipe, 22, planta baixa (36202 Vigo), Apartado postal 1371.

Teléfonos: Administración, Subscripcións e Publicidade (986) 43 38 30. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedencia.

CONTROL INSTITUCIONAL

O BNG conseguiu que se repita o proceso ao denunciar varias irregularidades

O PP veta a Mella para o Consello Universitario

■ CARME VIDAL

O PP, que xa anunciara extraoficialmente que o cumprimento dos acordos dependía do candidato que apresentase o BNG, rematou por facer efectiva esta postura vetando ao Catedrático de Economía, Carlos Mella, para o Consello Universitario. Os nacionalistas conseguiron que o proceso se repita, ao denunciar varias irregularidades.

A Mesa do Parlamento anulou por unanimidade a elección de representantes ao Consello Universitario que con anterioridade fora impugnada polo BNG. O grupo nacionalista decidiu presentar un recurso contra o proceso argumentando irregularidades formais cometidas polo PSdeG-PSOE ao ter mudado de candidato unha vez rematado o prazo de presentación. A sesión da elección dos cinco representantes do Parlamento no Consello Universitario Galego suspendeuse cautelarmente e foi o Martes cando a Mesa decidiu anular o proceso no seu conxunto. Aínda que o argumento fora o incumprimento da normativa, a razón que levou aos nacionalistas a impugnar as eleccións ao Consello Universitario foi a intención do grupo popular de acaparar o oitenta por cento da representatividade deste órgano impedindo a entrada do candidato do BNG, Carlos Mella.

Proceso viciado

Bautista Álvarez, vicesecretario na Mesa do Parlamento, denunciou repetidas irregularidades nun proceso que considera "viciado desde o comezo". A substitución do candidato do PSdeG-PSOE, Espada Recarey por Méndez Romeu, alén de estar fóra de prazo non fora realizada de xeito persoal polo implicado, requisito que establece a normativa vixente. Segundo Bautista Álvarez, o único coñecemento que había era unha carta de Espada nos medios de comunicación na que anunciaba que no caso de que os problemas internos no PSdeG-PSOE non se solucionasen, el renunciaría ao posto no Consello Universitario.

Pacto incumplido

Con anterioridade, os tres grupos políticos con representación parlamentaria consensuaron un reparto proporcional dos candidatos a este órgano segundo a que ao Partido Popular lle correspondían tres, un ao PSdeG-PSOE e un ao BNG. Os nacionalistas consideraron que o grupo popular vulneraba o compromiso establecido ao presentar catro candidatos, feito que deixaría sen representa-



Carlos Mella

A. IGLESIAS

ción á organización frentista. O que se xogaba era, segundo o deputado nacionalista e membro da Comisión de Educación, Henrique Trillo, "o dereito a respectar os resultados eleitorais, os pactos políticos e o mesmo dereito á representatividade". Tello acusa ao Presidente da Xunta, Manuel Fraga e á Consellería de Educación de "intentar deixar ao BNG fora do Consello de Universidade e marxinar ao nacionalismo do sector educativo onde é maioritario, trátase dunha clara decisión política do Partido Popular". Para a deputada nacionalista Pilar García Negro, "é valioso que se aceptase a impugnación e o que compre é que se reabra o proceso unha vez o Parlamento desautoriza o anterior". Que o BNG acadase representación no Consello de Universidade é considerado polos nacionalistas "non como unha concesión nen un favor senón como un dereito democrático" polo que García Negro afirma que "o PP está violando as regras e pondo en perigo o mesmo marco legal que impón, é alarmante que se queira impedir o acceso do BNG no Consello de Universidade e este feito pode dar medida do que está a acontecer neste organismo".


Reincidencia de Permuy

Do Consello de Universidades forman parte cinco representantes dos partidos políticos parlamentarios, alén dos reitores das tres Universidades e o consellei-

ro de Educación, Xoán Piñeiro Permuy. Non é a primeira vez que Permuy é acusado de vetar o acceso de representantes nacionalistas en asuntos nos que ten competencia. Xa recentemente a CIG denunciara a súa exclusión dunha Mesa Sectorial de Educación.

Unha vez reaberto o proceso, o BNG espera conseguir representación no Consello pero, no caso de o PP reincidir na decisión de impedir a súa entrada neste órgano, amosa a vontade de "empregar todo tipo de recursos existentes e, se fixer falta, mesmo un recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional até que se impida que o nacionalismo quede apartado deste proceso". No entanto, Pilar García Negro considerou impoñible que os populares tentasen de novo marxinar aos nacionalistas xa que "sería moi grave que o PP repetise a súa xogada política unha vez que o Parlamento desautorizou o proceso anterior, son eles os que estiveron a violar até agora as regras do xogo democrático".

A Mesa do Parlamento reunirse este xoves para elaborar unhas novas normas que regulen o proceso xa que as que se estaban a aplicar foran redactadas para as eleccións do 1990 e este foi precisamente o argumento empregado polo Presidente da Cámara, Vitorino Núñez ao ter que explicar a anulación da elección de representantes no Consello Universitario. ♦



Sociedade de fomento

MANUEL CAO

A Xunta de Galiza acaba de pór en marcha a Sociedade de Investimentos Estratéxicos de Galiza (INESGA) para xestionar un fondo de fomento de proxectos viábeis de interese para a economía galega que contará cuns recursos de 10.000 millóns de pesetas aportados polas catro Caixas de Aforro galegas e o Banco Gallego. A xustificación deste fondo estaría en paliar, dalgún xeito, a inacción da Xunta de Galiza en materia de política económica e industrial fuxindo tanto do proxecto de Banco Público Galego proposto polo BNG como do puro liberalismo defendido polo líder da CEG. A inicial negativa da Caixa Galicia ten a súa explicación na preferéncia por opcións menos comprometidas coa realidade galega e quizais máis rendábeis e con menor risco a curto prazo.

Polo momento, o escaso volume de fondos comprometido e a experiencia doutras iniciativas anteriores non permite ser moi optimista sobre os froitos que producirá a creación deste novo organismo. En realidade, estamos diante dun instrumento clásico de desenvolvemento rexional consistente na provisión de recursos financeiros a un tipo de interese inferior ao do mercado, quer dicir, un incentivo ao investimento produtivo.

Os problemas dos incentivos están no uso concreto que deles se fai, sendo necesario introducir criterios obxectivos que discriminen na vertebración e desenvolvemento da economía galega. Porque os incentivos ao ser xestionados por organismos nados ao abeiro do grupo político dominante poden acabar convertidos nun simple aumento de recursos cos que facer clientelismo e pagar favores sen maior obxectivo que reafirmar e estender, aínda máis, o poder abafante que o partido maioritario ten desde hai séculos en Galiza.

Se cadra, o problema máis grave da sociedade galega sexa este poder omnímodo, camiño do Kim Il Sung de Corea do Norte, que aborta calquer intento de anovamento interno e aletarga á sociedade de xeito que a penas hai propostas e as que hai, aínda que axeitadas en teoría, quedan convertidas en pura propaganda sen soporte nengun nunha realidade social e económica que esmorece día a día. De todos modos, xa sería bon que este novo organismo acabase investindo realmente os recursos comprometidos e que os outros bancos se visen obrigados, dalgún xeito, a participar no mesmo.

Do que se coñece até agora, cabe dicir que a cantidade inicial de 10.000 millóns de fondos prestábeis supón pouco máis do 1% dos investimentos crediticios realizados en 1992 polas entidades financeiras colaboradoras e, ademais, falta a participación do Banco Pastor, a segunda entidade financeira galega, así como a do resto da Banca privada e pública que opera en Galiza, que tiña en 1993 unha cuota de mercado do 55,7% fronte ao 43,9% das Caixas de Aforro. O temor á aprobación polo Parlamento galego dunha Lei de Caixas de Aforro non desexada obrigou a estas a colaborar. Esta iniciativa non pode compararse coa creación dun Banco Público Galego tanto polo volume de fondos captábeis, pola influencia real na dinámica do resto das entidades e polas expectativas que tal instrumento criaría na economía e a sociedade galega. ♦



A. IGLESIAS

‘Este poder omnímodo, camiño do Kim Il Sung, aborta calquer intento de anovamento’

ESPECULACIÓN URBANÍSTICA

Entre os accionistas da empresa figuran familiares da muller de Roldán

Unha empresa está a estragar a liña de praia de Patos

■ B. LAXE

A urbanización dun camping e a construción dun hotel van escachizar a liña de praia en Patos, Val Miñor, unha das poucas que permanecía intacta nas Rías Baixas. Estas construcións vanse facer despois de recalificar os terreos e mudar as normas urbanísticas. Na sociedade promotora, constituída antes de que se aproben as modificacións, participan familiares da muller de Luis Roldán e persoas relacionadas co alcalde Avelino Fernández.

A praia de Patos, unha das millores e máis coñecidas de Galiza, está a perder a súa fisonomía actual e boa parte do seu atractivo coa construción de catro bloques de pisos, compostos de baixo e tres alturas e un edificio para un hotel. Os veciños falan de "especulación urbanística", aínda que recoñecen, na súa maioría, que "están obrando dentro da legalidade".

Segundo pon de manifesto o ex-concelleiro de UNEN, David Giraldez, o único que votou en contra, a normativa urbanística adaptouse para permitir estas construcións que "rachan claramente coa liña de praia, case vírxen até de agora". Primeiramente modificáronse as normas subsidiarias para permitir construír nos terreos nos que estaba instalado o camping, calificados



Os catro bloques de edificios rachan a liña de praia.

anteriormente como dotacións.

Para apoiar este cambio de usos, montouse toda unha campaña de axitación contra o camping, acusándoo, entre outras moitas cousas, de ser "un niño de tráfico de drogas e vida licenciosa". Unha das persoas que máis se destacou nesta campaña, dirixindo sobre todo a recollida de asinaturas, foi Antón Veiga, a quen os veciños de Nigrán atribúen unha forte relación persoal e política co alcalde,

Avelino Fernández. Antón Veiga participa na empresa *Promoción y Urbanización Playa de Patos S.L.*, que realiza a urbanización e construción de edificios nos terreos cuxo uso se modificou.

Os outros sócios da urbanización son o ex-propietario do camping, Luis Lavandeira, Guillermo Collarte López, a súa filla Berta Collarte Rodríguez e o fisioterapeuta ourensán Lisardo Iglésias. Dáse a circunstancia de que Guillermo Collarte, fundador do PP en Ourense e membro da dirección provincial dos empresarios da construción, é tío político de Blanca Rodríguez Porto, muller do prófugo ex Director da Guardia Civil, Luis Roldán. Guillermo Collarte está casado

con Celsa Rodríguez Porto.

Os concelleiros do PSOE en Nigrán, afirmase que a instancias de Abel Caballero, votaron primeiramente a favor desta recalificación, absténdose a segunda vez que o pleno tratou o tema, sinalando que non consultaran cos veciños. O proxecto tamén foi aprobado, sorprendentemente, pola Dirección Xeral de Costas.

A constitución da sociedade

A sociedade mercantil *Promoción y Urbanización Playa de Patos S.L.* constituíuse e mercou os terreos con anterioridade a que o Concello aprobase as modificacións urbanísticas dun segundo proxecto auspiciado por esta sociedade: a construción dun aparta-hotel na mesma liña de praia, a cen metros do camping. Para iso o Concello modificou de novo, en Xuño de 1993, as normas subsidiarias, aprobando unha ordenanza especial para os establecementos hoteleiros. Alegando que non hai suficientes empresas deste tipo en Nigrán permítese a súa construción en terreos nos que só se podería edificar unha vivenda unifamiliar. De momento, a única empresa que se acolle a esta normativa, despois de ter comprado o terreo, é a urbanizadora do camping, *Pupp S.L.*

Esta modificación da normativa foi estudada en dúas ocasións polo concello. Na primeira quedou sobre a mesa. Na segunda aprobouse, estando ausente o tenente de alcalde, Pedro Español, un dos dous concelleiros que acaba de abandonar a equipa de goberno por discrepancias co alcalde Avelino Fernández. ♦

POLÍTICA PENITENCIÁRIA

A DISPERSOM MATA

TERESA PEREIRO

A pasada segunda-feira dia 4 de julho morriam em acidente de circulação Helena Chao e Teunis Van rijzewijk familiares do preso independentista Manuel Chao do Barro e da presa independentista Carmo Viso Rubim, quedando ferido de gravidade o filho de ambos de sete anos de idade. O acidente ocorria depois de realizar umha visita familiar a Carmo na prisão de Ávila e a Manuel no cárcere de Alcalá Meco.

A dispersom dos presos e presas independentistas, a política de Instituições Penitenciárias é a responsável direita destas mortes. Desde o Ministério do Interior planifica-se umha política encaminhada a derrotar moral e psicologicamente às presas e presos políticos, afastando-os quilómetros e quilómetros longe da Galiza e repartindo-os em distintos cárceres ao longo de Espanha para matner um isolamento que acabe por minar a sua resistência e inteireza.

Esta política alcança no seu criminal objectivo às famílias e pessoas achegadas, obrigando-as a longos trajectos para manter um pequeno contacto de 40 minutos. Trajectos que a parte de ser umha

sangria para as suas economias de gente trabalhadora, non se realiza na maioría dos casos nas óptimas condições: presons polos horarios marcados no cárcel, horarios laborais, impossibilidade económica de utilizar outros meios mais seguros... Cada trajecto é um jogarse a vida para poder receber e dar umha palavara, um sorriso e alento dos seres queridos.

Se a morte de Helena Chao e Teunis Van enchem de tristeza e raiva o coração do movimento independentista, nom o fam menos os feitos que se desenvolvérom ao redor da celebração do acto civil de enterramento. Tanto Carmo Viso como Manuel Chao solicitárom o poder ser trasladados desde Madrid e Ávila para compartir com a sua família a dor destes momentos. A pesar de estar autorizado pola Audiencia

Nacional dito traslado, Instituições Penitenciárias negou-no num primeiro momento polos custos económicos que suporia. Em tudo caso esses gastos derivam-se da sua política de dispersom. Por outro lado esses gastos nom se midem à

hora de traslados, visitas ao dentista e à família, de outros presos como Amedo, Dominguez... que, pro fazer-lhe o trabalho sujo ao Estado, gozam de privilégios publicamente reconhecidos e realmetne Instituições Penitenciárias está à sua inteira disposição.

Quando ao fim acedem aos traslados, Carmo Viso chega à cerimónia com duas horas de demora, o que nom evitou que a gente que já estava no cemitério às 8 da tarde, agarsse ali até as dez para realizar o enterramento, hora na que apareceu Carmo escoltada pola Guarda

Civil e algemada. Ante a insistência da gente ali congregada de que se lhe retirassem as algemas para poder abraçar aos seres queridos, os rostros dos guardians non se imutárom e nom pudo ser que um momento tam significativo como era aquel, a família Chao do Barro pudera abraçar-se como correspondia.

A Manuel Chao já nom se lhe agardava. Traslado desde Alcalá Meco cara Galiza às quatro da tarde segundo informou a Direcção da cadeia, nom poderia já materializar o encontro familiar dada a demora forçosa que se lhe impujo à hora de realizar a viagem.

Tudo isto unido ao forte dispositivo de seguridade que envolveu em todo momento o desenvolvimento dos feitos, fijo que mais umha vez o sistema democrático espanhol mostrasse o seu outro rosto para com a Galiza, umha face de represom, castigo e extermínio para os galegos e galegas que se levantam contra umha situação de domínio secular que sofre a nossa Pátria. ♦

TERESA PEREIRO GARCIA é membra da Coordenadora Nacional de J.U.G.A.

DISCRIMINACIÓN SOCIAL

O Concello de Santiago acusado de xenofobia por pretender derrubar as suas vivendas de Aríns

Portugueses perto de casa

■ PAULA CASTRO

Son familias portuguesas. Viven na parróquia de Aríns, no Concello de Santiago dende o ano 85. Compraron uns terreos e construíron, con escasos recursos económicos dos que dispoñían, unhas vivendas pobres pero dignas. Agora, tras case dez anos de estancia esperan a que o Concello de Santiago dea curso á orde de derribo que pesa sobre as suas casas.

O que en principio foi denunciado polos seus propios veciños como irregularidades urbanísticas está acadando dimensións políticas ao pasar de ser un simple asunto de ilegalidade a ser un problema de carácter xenofobo.

As tres familias perxudicadas pola orde de derribo están formadas por un total de 20 persoas, das que trece son nenos. Algúns levan máis de 20 anos residindo no Estado, outros chegaron no ano 81 á Galiza. Levan loitando por asentarse legalmente dende o ano 85, momento no que mercaron as terras nas que agora viven. "Todos son problemas, no Concello non nos quixeron dar os papeis para o empadronamento e tivémolo que facer en Zaragoza e na Coruña", sinala Luis Manuel, da familia Dos Santos. Tamén sulían que os nenos están todos escolarizados, apesar de que houbo moitas dificultades para topar os colexios onde os admitiran, "porque o Concello non fixo nada por axudar", di Mari Carmen, a muller de Luis Manuel.



Viciños de urbanizacións próximas pensan que a presenza dos portugueses desvaloriza a zona.

Para eles a primeira solución que se lles daba dende o Concello non era válida. O seu méio de vida son as feiras, e nas terras teñen os cartos cos que deambulan dunha para outra. Se aceptaran un piso de protección oficial, aínda que o Concello se comprometera a facerse cargo do pago das seis primeiras mensualidades, eles non terían onde deixalos, e perderían o único méio

para gañarse a vida que coñecen. Ademais, tras nove anos vivindo en Aríns non queren pensar en marchar deixando atrás todo o traballo feito, a horta, o pozo, as chabolas, "non nos iremos das nosas terras, para eso as traballamos" sinalan. Por parte do Concello, Luis Toxo, concelleiro de Servizos Sociais o único que declara é que "nos sempre buscamos unha saída axeitada,

eles non. Negáronse a todo o que se lles ofrecía. Se non se lle busca unha pronta saída a este asunto haberá que proceder a aplicar a resolución xudicial".

Terras que 'perden valor'

Foron os propios veciños de Aríns, un total de catro, os que denunciaron a irregularidade das construcións destas vivendas.

Tras nove anos vivo en Aríns non queren pensar en marchar'.

Pensa que non ten por que viver, no seu chalé de luxo, xunto a un grupo de vendedores ambulantes'.

Tres deles porque consideraban que as terras que querían vender, próximas ás das familias portuguesas alí asentadas, perdían valor. O cuarto porque pensa que non ten porque vivir, no seu chalé de luxo, xunto a un grupo de vendedores ambulantes. Finalmente conseguiron o que querían, que se declarara ilegal a súa instalación na zona. Pése a que estas familias recorreron ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza a resolución da ilegalidade das construcións e a orde de derribo mantivéronse.

En canto o Tribunal dictou a sentenza o Concello de Santiago iniciou os trámites para levala a cabo, pero topou dende o primeiro momento coa oposición de diversos grupos e colectivos. Encarna Otero, concelleira do BNG, e voceira do grupo mixto, solicitou alternativas ao problema, considerando que se trataba dun asunto de marcado carácter social, que se amparaba na legalidade para marxinar a un grupo de persoas que non atentaban contra a seguridade de ningún. "Non é un problema urbanístico, senón un problema que atinxe a un grupo de emigrados cunha forma de vida distinta", asegura Encarna. Segundo ela afirma "de atender a criterios puramente urbanísticos habería que dar orde de derribo non só de moitas edificacións existentes nas proximidades, senón do case 90% das construcións do rural galego, xa que a maioría incumpren as ordenanzas urbanísticas". Ademais o Concello destaca o problema de salubridade que provocan dadas as características das súas vivendas, afirmación contra a que se pronuncia a Concelleira do BNG, sinalando que "non se trata dun problema illado. En toda a parróquia non hai alcantarillado e en xeral todos teñen problemas de abastecemento de auga".

Grupos de solidariedade defenden aos portugueses

'Viven dos seus propios meios e só reciben acoso'

Non só para o BNG é este un caso de discriminación e racismo que atenta cos principios da Constitución e dos Dereitos Humanos. A raíz deste suceso conformouse unha Plataforma Cidadana contra a discriminación á que pertencen numerosos colectivos e asociacións como o Colectivo Anti-Sida, Asociación de Pobres e Marxinados, Casa Encantada, PRESOS,... e outros moitos que como independentes pretenden que casos como este non se repitan. Todos coinciden en destacar que a solución pasa por topar alternativas viábeis que respeten o seu méio de vida, considerando ademais que debe ser o propio Concello o que oferte esas alternativas. Para Fran, un dos voceiros desta Plataforma "se non se busca a solución axeitada pasarían a viver novamente na marxinalidade". Ademais denuncian tamén a inactividade do Concello nestes oito anos e a súa intervención unicamente

como executores da resolución xudicial. Para eles desaténdese o problema social que hai detrás, dun grupo de xente que vive dos seus propios meios, sen recibir ningún tipo de axuda até o momento e que se buscou a súa propia inserción "recibindo a cambio unicamente hostigamento", incide Fran.

Pero de todos os Colectivos contrários a que se produza o

derrubo inmediato, o único que está tratando directamente co Concello é Cáritas Interparroquial. Miguel Fernández, un dos encargados de levar o tema destaca os avances das conversas, e sinala que Cáritas "está disposta a colaborar economicamente co Concello, poñendo a disposición dos afectados a metade dos custos doutra vivenda se é preciso".

Para eles, como para todos os Colectivos a mellor solución para o problema xurdido en Aríns pasa por que o Concello asuma a busca duns terreos que cumplan os requisitos legais de 2.000 metros cadrados para permutar polos actuais, e que se lles concedan axudas para que podan construír novas vivendas, "do que xa se farián cargo eles", di Miguel Fernández. Mentres tanto sería necesario esquecer calquer tipo de prazo, e "esperar o tempo que fora necesario até que remate todo o proceso, para que non

queden sen vivenda mentres tanto", engade Miguel. Cáritas está á espera das solucións que se tomen nas dúas reunións que se celebrarán no

Concello coas traballadoras sociais encargadas do asunto e a que celebrarán o Presidente de Cáritas e o concelleiro de servizos Sociais Luis Toxo. ♦



"Fixemos as casas e non temos outro traballo que o de vendedores ambulantes nas feiras".

CONFLICTOS NO MAR

A competencia desleal no seo da UE na orixe do problema

**Mariñeiros portugueses reaccionan
contra as importacións masivas de peixe galego**

■ H. VIXANDE

Doce camiións galegos e un armacén importador da localidade portuguesa de Matosinhos sufriron distintos tipos de ameazas e agresións na última semana por parte pescadores portugueses que protestaban contra a importación de peixe galego. Protestas semellantes, pero sen violencia, ocorren na Galiza pola importación de pescado e marisco procedente doutros portos europeos. A falta de regulación do sector resultado do Tratado de Adesión á CE provoca indefensión entre mariñeiros galegos e portugueses.

As protestas portuguesas estanse a concentrar nos portos de Leixões, Matosinhos, Aveiro e Figueira da Foz, aínda que un comunicado da Xunta da Galiza afirma que todos os camiións agredidos transportaban peixe comercializado legalmente. Mentres, os pescadores portugueses aseguran que as tallas mínimas galegas son menores que as portuguesas e fan competencia desleal. Pero non unicamente hai problemas por esta cuestión, a desregulación do comercio leva consigo que o tránsito de peixe afecte aos portos pequenos, que ven como a mercadería que ven-

den as suas lonxas perde valor ante a invasión de peixe de fóra.

Portugal é especialmente sensible á competencia desleal doutros portos pola falta de control governamental no peixe que chega en camiións desde outros estados. As tallas mínimas da pesca han ser respeitadas, pero o pescado transportado deste outros portos, principalmente galegos, non se somete a vixianza. Ante esta situación os pescadores anunciaron que continuarán coa súa atitude de impedir a descarga e venda de peixe importado por procedementos violentos de ser preciso. Nos doce casos que até agora se coñecen, denunciaron que en dúas ocasións o peixe estaba podre.

Fiscalización rigorosa

O portugués Sindicato Livre dos Pescadores reivindicou a fiscalización rigorosa hixiénico-sanitaria nos postos fronteirizos onde pasan os camiións con peixe e nas lonxas onde se destina a súa comercialización, a adopción de medidas tendentes á diminución das importacións, que o peixe importado sexa vendido despois da lonxa findar, que se remate co prezo libre cun mínimo de garantía e que haxa subsidios para os pescadores.

Joaquim Piló, membro do Sindicato Livre dos Pescadores, asegurou que a situación dos traballadores do mar empiorou nos últimos tempos en Portugal e reclamou do Goberno portugués unha intervención decidida en defensa da pesca. "O povo português diz: consume moito peixe, o que temos non ha chegar, de modo que teremos que importar, pero é preciso regular e controlar a introdución de peixe de fóra".

Manuel Boullosa, da Confederación Intersindical Galega, afirma que a liberalización de mercados afectou sobretudo aos países produtores, como Portugal e a Galiza. Boullosa tamén lembra que esa liberalización, ademais, non levou consigo que os barcos destas dúas nacións pudesen acceder aos caladoiros doutros estados membros da Unión Europea.

As pesquerías tradicionais sen protección

"No Tratado de Adesión á UE non se regulamentaron as pesquerías tradicionais nen se protexen ás comunidades pesqueiras -asegura Boullosa-, hai que ver como se consegue iso. O problema de Portugal afecta a todos os portos da zona e en xeral ao Sul de Europa. Aquí chegan nécoras de Irlanda e son vendidas como galegas e na Bretaña pasa algo semellante. O que pasa é que neste conflito tamén hai algunhas razóns localistas".

Para Boullosa e para Piló, o problema tamén está na falta de política pesqueira europea. "Quen mandan son países como a Alemaña, que impón as regras e esquece sectores como o pesqueiro porque non lle afecta", declarou Joaquim Piló a *A Nosa Terra*. "Apenas hai inspeccións pesqueiras comunitarias e as que van a porto son coñecidas de antemán", dixo Boullosa.

Mentres os pescadores portugueses se reunían en Lisboa co Ministro do Mar, Azevedo Soares, desde a Galiza o Goberno autónomo pedía ás autoridades

portuguesas a intervención a prol do cesamento das agresións aos camiións galegos e asegurou que a Garda Nacional

Republicana certificou que as mercaderías cumprían todos os requisitos administrativos, sanitarios e de transporte. ♦



O peixe galego chega ás pequenas lonxas en Portugal, anega o mercado e tira cos prezos
A. IGLESIAS

**A patronal viguesa de pesca enfréntase
cun paro ao Goberno central para liberalizar a descarga**

A entrada en vigor no Porto de Vigo da Sociedade Estatal de Estiba e Desestiba (SEED) o 11 de Xullo provocou o paro dos labores do porto pesqueiro porque armadores, consignatarios pesqueiros e exportadores, non aceptaron este organismo por considerar moi caros os servizos que presta. Con esta medida comezaron un pulso co Goberno que, ameazan, podería rematar coa actividade pesqueira en Vigo.

O porto pesqueiro de Vigo mantén a súa oposición á SEED desde en 1986 o Goberno anunciara que os portos de interese xeral terían que ter unha Sociedade Estatal de Estiba e Desestiba, que realizase todos os traballos portuarios de carga e descarga, e que debería estar participada nun 51% pola Administración central e nun 49% polos usuarios portuarios.

En Vigo o nacemento da SEED retrasouse varios anos, nos que todos os sectores implicados mostráronse en contra e fixeron todo o posíbel para evitar o seu nacemento, agás na Administración e os sindicatos da Organización de Traballo Portuarios (OTP), organismo de creación franquista cuxos traballadores ian ser absorbidos pola SEED. "Os traballadores da SEED terán unha situación privilexiada -asegurou Xosé Ramón Fuerte, xerente da Cooperativa de Armadores-, os prezos son demasiado altos e ademais a SEED asume labores que até agora faciamos nós mesmos".

Aínda que todo o porto de Vigo manifestara a súa oposición á SEED, finalmente, cando chegou o momento de criala, unicamente os sectores relacionados co peixe quedaron fóra da súa constitución, de modo que foi asinado un convenio colectivo

entre a xerencia da SEED e os representantes dos traballadores. Os armadores de pesca considéranlo leonino porque non é flexible e o feito de ser a pesca en fresco unha mercadería perecedora fai precisa certa marxe nos horarios de descarga.

Enfrentamento patronal-Autoridade Portuária

A patronal pesqueira viguesa enfrenteuse á Autoridade Portuária e tentou rexirse a meio de acordos internos entre armadores e tripulacións dos barcos, para que estas descarguen o peixe, pero distintas posicións verbo a interpretación da lei, ten paralisada a definición das alternativas que ten a patronal, de modo que está pendente dunha aclaración das Autoridades de Traballo. As promesas dos armadores de

non facer nada até estar aclarada a situación, foron incumplidas, e o primeiro día en entrar en vigor a SEED, o porto pesqueiro quedou paralisado.

A patronal pesqueira di que a empresa mixta, de maioría pública, de carga e descarga é moi cara.

De todos xeitos, Xosé Ramón Fuertes, xerente da Cooperativa de Armadores, asegurou que o colectivo ao que representa non pechou totalmente as portas dunha solución, e

anunciou que hai tres saídas posibles: que o porto pesqueiro se acolla a unha cláusula de excepción e quede fóra da SEED, por decisión do Goberno central; que o convenio colectivo do Gran Sol recolla a descarga por parte das tripulacións e que haxa un acordo para que a SEED interveña parcialmente na descarga. "Estamos nun proceso de aposta polo porto de Vigo -asegurou Fuertes-, queremos modernizar a frota e afrontar a liberalización do 1996 con posibilidades, pero coa SEED en vigor o porto vai encarecer os seus servizos e non imos ser competitivos, daquela os barcos marcharán fóra, pero as naves de conxelado e a industria auxiliar terán que pechar, a situación é dramática". As afirmacións de Fuertes foron desmentidas pola xerencia da SEED, que afirmou que os custos serán os mesmos que até agora. ♦

DEPORTE-ESPECTÁCULO

Clemente adaptou a equipa ás características do fútbol español

Os rematadores impoñen a súa lei no Mundial

■ PUCHEIRO

A eliminación do seleccionado español nos cuartos de final, ao perder con Italia, relanzou a polémica sobre a configuración do combinado escollido polo seleccionador Javier Clemente e sobre a táctica empregada. A maioría das críticas vertidas realízanse en abstracto, sen analizar a situación da Liga de Fútbol no que corresponde aos xogadores con nacionalidade española. Se ollamos aos xogadores que definiron os partidos na Mundial, correspóndense en máis dun 50% cos da liga española, pero nengun integra a selección de Clemente.

A totalidade das equipas que xogan na Liga Española de Fútbol (agás o Athletic de Bilbao) teñen fichado a un ou dous xogadores estranxeiros para a súa dianteira. Son eles os que marcaron máis do 70% dos goles da liga. Romário, Stoichkov, Bebeto, Penev, Zamorano, Salenko, Kódro, Suker, Luis Garcia, Hugo Sánchez, Gudelij, Redondo, Ramos, Esnaider, Zalazar, Urban... son os nomes máis significativos destes goleiros. Estes xogadores, que participaron coas súas respetivas seleccións, comezando polo máximo anotador, Salenko, e continuando por Romário, Bebeto e Stoichkov, que permitiron a Brasil e a Bulgaria acceder ás semifinais, foron os que resolveron os encontros a prol das súas equipas.

A diferenza é clara a respecto da selección española cuxo único dianteiro centro, Julio Salinas, tiña o posto ocupado polas figuras extranxeiras. Así as cousas, despois da lesión de Alfonso, Clemente non contaba cunha dianteira de garantía, que tiñese ese cheiro a gol suficientemente treinado. Eses reflexos que permiten decidir un partido tocando só o balón tres ou catro veces como fai Romário. Por iso o adestrador, que outra cousa podía facer? Optou por conformar un bloco homoxéneo no que xogando á contra, na vez de crear xogadas de gol, se pudesen aproveitar os fallos dos contrarios. Disciplina, coraxe, entrega e especulación co resul-



Neste campionato os brasileiros apostaron por unha maior capacidade defensiva.

tado e coa marcha do encontro, foron as armas que empregou o seleccionado español para chegar a cuartos de final.

Precisamente cando millor xogou, desde o punto de vista do espectáculo deportivo, contra de Italia, deixándose levar por esa levedade que envolve a ansia de vitoria, foi cando fracasou a

equipa. Volcados ao ataque, Italia, Roberto Baggio, agardou a oportunidade que uns segundos antes fallara Salinas e marcou o segundo gol que deixaba ao seleccionado español fora de conseguir o mellor resultado da súa historia nuns mundiais.

Italia, que viña fracasando totalmente, pasando a primeira elei-

minatoria na repesca e os oitavos de final con paciencia, oficio e oportunidade, mentres o treinador Sacchi quería que xogasen ao fútbol como o Milan, pero sen ter os mesmos xogadores, derrotou a España, abandonando o anterior sistema e xogando coas propias armas do contrario. Italia, que no Calcio padece a mesma inflación de

dianteiros estranxeiros que España. Roberto Baggio, o único goleiro italiano de prestixio, desfixo a igualdade.

Cando os partidos se deciden, chegan os grandes

Os búlgaros, que comen cando queren, fuman, beben, toman café e poden ver as súas mulleres, que discuten no campo, sobre todo entre Stoichkov, Kostadinov e Sirakov, xogan caótica-mente, atacan continuamente, desgástanse sen motivo... Teñen moi pouco do fútbol chamado moderno. Pero cando chega a hora, marcan sempre un gol máis que o contrario, pois Stoichkov, colle o ariete e arremete contra do muro de Berlín, pero desde o outro lado e abre a muralla. Así foi como eliminaron a Alemaña.

A selección brasileira non é a mellor dos últimos anos, o seu centro do campo non se pode comparar co que xogou en Italia. Parreira, o preparador, decidiu por a traballar aos futbolistas. E andan Mauro Silva e Dunga a roubar os balóns. Xa non se recrían tanto no xogo, nen agardan que o contrario perda o balón na área carioca. O gardaredes, Taffarel, tamén xoga, sorprendentemente. Non é a mellor selección canarina desde hai 24 anos, pero pode voltar a quedar campiona do mundo. A diferenza márcana Romário e Bebeto. Eles contabilizan os goles, sete de dez entre ambos. O problema virá se un día non atopan a inspiración, pero, aínda que sexa agardando noventa minutos, case sempre chega. Así foi como salvaron a primeira ronda.

Holanda e Alemaña non teñen goleiros que decidan, por esta circunstancia tamén quedaron fora Francia, Inglaterra e máis Portugal. Pola contra, os países do Leste, Brasil e os nórdicos, exportan aos seus xogadores, que se convierten en líderes das súas respectivas equipas, obrigados a decidir. E a decisión, en décimas de segundo, é algo que se aprende, que se treina. De aí a clasificación destas seleccións para as semifinais. Os países africanos, con xogadores nas mellores ligas e un fútbol vistoso, carecen de dianteiros que podan mudar o rumbo do encontro. Os negros africanos aínda non son líderes das súas equipas europeas. A diferenza no fútbol seguese a chamar gol. Hai quen o marca agardando que falle o rival e, os talentosos, provocan os fallos. Os españois só gañaron mentres os inimigos fallaron máis ca eles. ♦

PORTEIRO, NON TE TIRES QUE HAI CRISTAIS!

A. EIRÉ

Os mestres da pluma cando foron quen de vencer o seu pudor de intelectuais, sempre escribiron sobre os porteiros. Desde Henry de Montherland a Albert Camus, desde Alberti a Benedetti, Miguel Hernández a Castelao ou Manolo Rivas, pasando polo Che Guevara. Peter Handke intitulou o seu libro a *Soedade do porteiro ante o penalti*, só pode describirla aquel que a teña sufrido. Ese momento, no que a gloria e o fracaso se atopan separadas somentes por once pasos é indescritíbel para aquel que non o vivira e non teña pluma rexa para contalo.

Por que sempre escribiron sobre porteiros?

Eles foron porteiros. Escritor e porteiro son oficios que comparten unha certa excentricidade, singularidade e, mesmo, afán de notoriedade. Son persoas con imaxinación, dispostas, na especificidade das súas accións, a encaixar as críticas, mentres agardan a gloria.

Os grandes campionatos resólvense a maioría das veces con lanzamentos desde o punto de penalti. Dous porteiros asumen o desenlace de moitos mi-

nutos de xogo, das arelas da equipa, pero tamén de todos os siareiros que están detrás, chegando, ás veces, a confundir coas arelas dun povo.

Máis do 60 por cento dos lanzamentos das *penas máximas* poderían ser detidas polo porteiro se este fose capaz de permanecer quedo no momento do lanzamento, pois van dirixidos ao centro do marco. Iso sábeno todos os porteiros. No un contra un, do que se trata é de agardar, non desequilibrarse, ter máis acougo que o contrario.

Por que a regra que se aplica para toda xogada non se aplica nos golpes fatídicos, sabendo que dará resultado?

A presión a que está sometido o porteiro é tanta que non pode permanecer quedo. A maioría das veces, cando se lanza, xa ven o balón de volta da malla. Pero é igual. O mesmo dá. Hai que facer que se fai. Todo menos construír a estátua. Nada existe tan doroso para o porteiro, máis ca o gol, que lle berren aquilo de "non te tires que hai cristais". ♦

No un contra un, do que se trata é de agardar, non desequilibrarse, ter máis acougo que o contrario.



CADERNOS
A NOSA TERRA
DE PENSAMENTO E CULTURA

Fútbol, o espello da sociedade

PROXIMAMENTE Á VENDA

DESMANTELAMENTO AGRÁRIO

O SLG anuncia mobilizacións se as indústrias seguen negándose a pagar o leite

O Goberno Central afirma que non se vai cobrar a cuota láctea de 1993

■ A.E.

O Goberno central afirma que os agricultores españois que se pasaron na produción láctea asignada non van ter que pagar o excedente. Péis a esta información diversas empresas na Galiza estánlle a reter o diñeiro nos últimos meses aos gandeiros. Esta situación levou ao Sindicato Labrego Galego a anunciar a convocatória de mobilizacións de non arranxarse o problema.

Os agricultores non van ter que pagar o exceso de produción láctea de 1993, segundo afirmou o Goberno Central por meio da TVE-G e Radio Nacional de España na Galiza. Segundo declaracións dun voceiro do Ministerio de Agricultura a estas emisoras, o Estado español so sobrepasou en 14.000 toneladas a cuota marcada pola CEE na campaña leiteira anterior, que era de 5.240 mil toneladas de leite. O goberno central agarda compensar este exceso coas 150.000 toneladas que teñen de reserva dos produtores de venda directa, transferíndollas ás indústrias para equilibrar.



Os produtores galegos téñense manifestando contra a cuota láctea en numerosas ocasións

MONCHO IGLESIAS/ARQUIVO

Os datos aínda non son definitivos, nen existen referidos só a Galiza, pero desde Madrid afirmase que aínda que no noso país aumentou a produción a respeito do ano anterior, diminuíu en España e Catalunya, polo que, como a cuantificación é a nivel estatal, os gandeiros galegos tampouco van ter que pagar os excedentes de produción.

As empresas non pagan

A noticia facilitada polo goberno central pode facer mudar de actitude a empresas como Clesa, Lagasa e Reny Picot que se estaban a negar ao pago do leite aos agricultores que sobrepasaron a produción láctea asignada, aínda que a actitude das tres empresas non é a mesma. Cle-

sa negouse a pagar o leite recollido no mes de Maio a aqueles agricultores que superaron a cuota na campaña leiteira pasada, realizando unha intercompensación dentro da propia empresa. Lagasa tampouco pagaba á xente que sobreproducise do cupo asignado, demandando do Conselleiro de Agricultura que se responsabilizase de de-

volver o diñeiro se, efectivamente, en contra do manifestado, se aplicaba a cuota. Reny Picot, pola súa banda, negase a pagarlle o leite recollido aos agricultores que xa se pasaron dos litros asignados nesta campaña.

Ante esta situación, o Sindicato Labrego Galego, anunciou mobilizacións de non arranxarse o problema, recordando que tanto o conselleiro como o Ministro do ramo afirmaron que non se aplicaría a cuota láctea a campaña pasada. Despois deste anuncio semella que o problema se comezou a solucionar pois Clesa, empresa que recollía a gran parte dos afectados, comezou a pagar, argumentando que a Consellería de Agricultura xa afirmou que non habería problemas.

Desde o SLG recordan as palabras do Ministro Albergo despois da xuntanza co Conselleiro Pérez Vidal, afirmando que os agricultores tampouco ian ter que pagar a cuota láctea para a tempada 1994-95. Ao mesmo tempo, desde o sindicato recórdalle a todos os gandeiros como "producir cada vez máis é a única saída para o agro galego", recordándolles que as análises realizadas todos estes anos, "chamando a producir foron correctas" e como as mobilizacións "impediron non só que se cobrase a cuota láctea senón que se desmantelasen as nosas producións".♦

POLÍTICA FORESTAL

O número de focos é maior, pero non se estenden por mor das brigadas

Menos incéndios en Galiza que no Levante, aínda que se seguen a maquillar as cifras

■ H.V.

O litoral mediterráneo español está a sufrir unha onda de incendios forestais que hai tres anos que foron desterrados da Galiza. Mentres o Levante arde, Manuel Fraga ofrece unha brigada antilumes a estas zonas. Pero o éxito da política forestal galega leva consigo un esforzo orzamentario que unha perspectiva temporal máis ampla demostraría que o monte galego está peor ca o resto do Estado. A maiores, Galiza está a rexistar moitos lumes, de dimensións menores que en Cataluña, pero as cifras oficiais tapan esta realidade.

A chegada de Romai Beccaria á Consellería de Agricultura e Montes supuxo a posta en marcha dun mecanismo antilumes que en dous anos extinguiu unha tradición que cada verán devastaba o país. A súa xestión contrastaba co nefasto Agosto no que Francisco Sineiro, á fronte do departamento de Agricultura no Goberno tripartito, veía arder a Galiza desde o seu destino vacacional de Ibiza.

A seca no Levante español du-

rante estes últimos meses -na Galiza choveu máis- provocou numerosos incendios forestais e obrigou á mobilización de grandes colectivos civís e militares para tratar de extinguir os lumes. Os relativos éxitos do esforzo dos Gobernos dos países cataláns e tamén de Castilla logo foron comentados polos ecoloxistas. Nunha liña similar, a organización Greenpeace asegurou que o obxectivo non debe ser erradicar o lume no monte mediante un aparato de extinción poderoso, senón coa prevención.

Brigadas antilume con orzamentos millonarios

Xustamente na Galiza sucede o contrario ao que os ecoloxistas consideran desexábel. Aquí as brigadas antilumes consumen orzamentos millonarios e condean á Administración a manter estes presupostos se quer que non se disparen os lumes, que continúan a ser moitos, aínda que unha axeitada maquillaxe por parte da Consellería reduce a súa incidencia, denuncian fontes sindicais das patrullas de extinción.

A necesidade de xustificar éxitos na política forestal levou á Xunta non só a modificar o sistema de cómputo de lumes, sen contabilizar o que denomina queimas controladas, que as veces chegan a 300 hectáreas, nen os conatos de lumes, menos de unha hectárea. Ademais, a Administración galega aplica unha política de persecución policial a cargo dos traballadores das brigadas de extinción, posto que a Policía Adscrita á Xunta non está preparada para a investigación antilumes.

Galiza, o Levante e o Centro ibérico presentan aspectos aparentemente opostos en canto á situación do lume, como tamén en canto ao deseño de política forestal. Pero dase a contradición de que o Plano Forestal español, e a política forestal



A. IGLESIAS

catalana e castellana, teñen mellor disposición cá Galiza para afrontar unha política de prevención con éxito.

Política forestal

O Plano Forestal galego consagra á produción de especies de crecemento rápido as zonas de máis risco de incendio, mentres noutras zonas do Estado a tendencia é dotar de frondosas aos boscos. Nengunha organización ecoloxista loubou o Plano Forestal español, pero o galego conseguiu moitas máis críticas que


aquel. A razón é que o esquema productivista que a Xunta ten para o monte galego, e que ten como obxectivo dotar de materia prima á industria das celulosas, deixa aos boscos sen resortes para impedir que se produzan lumes: a maleza que medra arredor dos eucaliptos e estas propias árbores son altamente combustíbeis. Ademais, a dimensión das plantacións de especies de crecemento rápido fai imposible efectuar labores de limpeza nos montes, de xeito que sexa máis difícil prender o lume. Pola contra, a loita contra a desertización que pretende consagrar o Plano Forestal español, pode deixalo nunha situación na que, á volta de poucos anos, o panorama mude radicalmente e os incendios non se produzan e as brigadas antilume non sexan precisas.

Outro aspecto completa un mapa forestal galego con dificultades para afrontar o futuro con posibilidades de éxito: eis a política agraria común e a obrigatoriedade de abandono da gandería e a agricultura, algo que provoca que as máis das terras queden descoñecidas e o lume paste con máis facilidade.♦

A NOVA ORDE INTERNACIONAL

Valentin Pozhidaev

'A maioría dos ucranianos teñen nostálxia da URSS, pero saben que aquel réxime non podía seguir'



■ M.V.

Relanzar a economía é a maior preocupación dos ucranianos, despois de que as eleccións parlamentarias e presidenciais veñen de dar a vitoria a unha esquerda aínda por definir. Valentin Pozhidaev, vicepresidente da Federación de Sindicatos de Ucraína estivo recentemente en Galiza, convidado pola Confederación Intersindical Galega. Dirixentes sindicais ucranianos visitaron varias empresas do país coas que pretenden establecer relacións. As centrais ucranianas son aínda as encargadas da xestión dunha parte do sector público.

Que situación vive hoxe Ucraína?

A situación económica é tan mala que resulta difícil garantir os medios de subsistencia da poboación. A reestruturación encontra moitas dificultades, de modo que case todos os sectores produtivos seguen nas mesmas condicións que antes. A privatización apenas avanzou. Pero a situación política é máis estable. Véñense

de realizar eleccións parlamentarias e presidenciais.

Está a xente contenta cos cambios dados?

Interesan máis os feitos que as ideoloxías, porque a xente ve que a maioría das forzas políticas non son capaces de mellorar a situación e aínda lembra a época soviética, cando tiña emprego asegurado e vivenda gratuita. Podíase vivir despreocupadamente. Por iso votaron agora polos comunistas, aínda que entenden que o réxime soviético non era capaz de seguir e que o colapso produciríase de todas formas.

A prol da privatización

Cal foi até agora a postura do goberno a respecto das privatizacións?

Hoxe hai dous grupos políticos no parlamento con planteamentos distintos. Uns defenden a privatización rápida e total e outros prefiren dar pasos a modo. Este segundo sector é o predominante. Hai que ter en conta que son grupos heteroxéneos, porque os partidos aínda non están plenamente configurados. Tamén houbo unha evolución nas forzas da esquerda. Socialistas e comunistas son partidarios da privatización en todos os sectores,

quitado na terra. O sindicato apoia ás privatizacións paulatinas, empezando polas grandes empresas que deben ser divididas por centros de traballo.

Está o sindicato a prol de privatizar a sanidade e a educación?

Socialistas e comunistas son partidarios da privatización en todos os sectores, quitada a terra

Os sindicatos estamos en contra de calquer intento deste tipo, porque para iso non existen bases legais, nen económicas. Semellante política sómente se podería acometer no caso de que os servizos mínimos estivesen perfectamente cubertos. Hoxe todos teñen dereito á saúde e ao ensino pero a calidade non é boa. O que se faga privado debe ser en base a novas institucións, non privatizando o que hai.

Como se define o seu sindicato, independente, de clase?

Unha organización non pode ser de todo independente e menos no noso caso, cando aínda estamos a administrar establecementos que deberían ser, como mínimo, propiedade do Estado. Aínda somos quen realizamos as inspeccións laborais. Tamén xestionamos centros deportivos e culturais, como se facía antes. Estas funcións irémolas deixando tan de contado como sexa posíbel, ate nos convertirmos nunha organización independente neste sentido. ♦

LOA E GABANZA DO FINADO PRESIDENTE DE COREA DO NORTE

MANUEL VEIGA

Un amigo cubano contoume que el estudara nun coléxio subvencionado por Corea do Norte. Tiñan uns uniformes moi bonitos e comían bastante ben. Eran os primeiros anos setenta. Un día a este amigo, cunha mistura de curiosidade e retransa, ocurriuselle solicitar un libro de Kim Il Sung. Debeu ser o único en moito tempo con tal angueira, porque unha semana despois chegou unha pequena camioneta cargada coas obras completas do gran líder. "Alí estaban os seus textos, os discursos, reflexións e canto saíra pola súa boca desde que naceu. Todo anotado e clasificado no tomo correspondente". Ollei para a mirada do cubano, coñecedor do seu humor sulfúrico e do seu anti-dogmatismo militante, pero non atopei sinais de desprécio para o xefe de estado coreano. Bromeaba sobre detalles como aquel, pero sen acritude, que diría González.

Noutra ocasión faloume das sesións de cine coreano. Moitos filmes trataban da guerra contra o sul que apoiaban os Estados Unidos. A súa tese era practicamente

a oposta ás películas que se facían na mesma época en Hollywood. Pero os coreanos do norte non contaban con actores loiros para interpretar o papel de ianquis e tiñan que recurrir a tintes máis ben ridículos, sen poder evitar ademais que os supostos *marines* tivesen todos os ollos esgazados ao xeito oriental. Nunha das películas, escoitábase a arenga dunos pretendidos soldados norteamericanos, aos seus compañeiros que se batían en retirada, na que decía: "Fuxamos como ratas cobardes do glorioso exército de Kim Il Sung".

Pero a min seguíame asombrando a ausencia de xenreira ou desprécio do cubano contra aquel país. Kim Il Sung parecía unha especie

de avó, do que un se ría, non sen agarimo.

Se cadra mañá, Gabriel Albiac escribe en *El Mundo* chamándolle, ao recentemente finado, Kim Il Sung "suxa besta asesina", como xa fixo no seu día con Fidel Castro, e este artigo de A Nosa Terra semella propio dun comunista nostáxico e benevolente coas atrocidades dunha dictadura.

Kim Il Sung parecía unha especie de avó, do que un se ría, non sen agarimo.

Pero Corea do Norte queda demasiado lonxe, mesmo para simpatizar con ela. Tamén lle queda lonxe aos Estados Unidos e aos europeos da UE que desde hai uns meses cargan tintas nos medios de comunicación contra ese pequeno país, último reducto dun es-

tilo de gobernar. Probabelmente teñen razón e a República Popular de Corea non resulte un modelo para ninguén. Pero chama a atención a teima norteamericana. Tamén lembro que os sandinistas, moito máis amantes da liberdade de expresión e dos procesos eleitorais que o réxime oriental, nunca deixaron, pésie a todo, de ser estigmatizados polos Estados Unidos e que á propia Violeta Chamorro lle foron negados créditos misérrimos, previamente concedidos, polo simple feito de "levarse demasiado ben coa oposición sandinista".

Pode que Corea do Norte non sexa un modelo, pero tamén é claro que o único modelo que parece válido hoxe é o de anicarse ante a bota dos Sete Grandes.

Superlativo por superlativo eu prefiro ao Grande Líder, o que defendeu o seu país da invasión xaponesa e máis tarde da norteamericana. El sempre será máis inocente que os seus infinitamente poderosos enemigos. Aínda que fose un líder kitsch. ♦

DESEQUILIBRIO NORTE-SUL

Inda que a meirande parte das clases e especies se atopa no hemisferio Sul, o control sobre xenes, plantas, animais e outros organismos viventes, fica cada día en maior medida na área de influencia do Norte.

O investigador e activista canadiano Pat Roy Mooney da *Rural Advancement Foundation International* de Ottawa, argumenta que esta crecente tendencia de patentar toda forma de vida que en ocasións é parte da integridade

cultural de indíxenas e das comunidades do Terceiro mundo feren profundamente esta mesma integridade, e pode afogar no xermolo os esforzos e as aspiracións innovadoras do Sul.

Países de África e Asia deben pagar por utilizar produtos naturais que xa usaban desde hai séculos

Estados Unidos patentan e monopolizan inventos realizados no Terceiro mundo

■ PAT ROY MOONEY

Cando Aklilu Lemma foi convidado por unha Universidade de Ohio, nos EEUU, para recibir o título de "Doutor Honoris Causa" foi tratado a corpo de rei. A noite previa á súa investidura, o investigador etíope describiu no decurso da cea o seu traballo de investigación sobre E 44 (Endod), unha rama da chamada árbore africana de xabrón e a súa potencialidade para prevenir a Sistosomiase, unha das máis terribes enfermidades tropicais, que afecta especialmente aos nenos. Ao longo de séculos, as mulleres etíopes usaron o Endod como xabrón e champu. Na auga o Endod mata aos caracois transmisores do parásito causante da enfermidade. Os científicos etíopes precisaron moitos anos de tratamentos e campañas, ás veces con pouco éxito, para convencer a algúns Institutos do Norte de adicar o tempo e o diñeiro precisos para investigar e desenvolver o Endod como remedio contra un dos máis graves flaxelos da metade Sul.

Os anfitrións do Doutor Lemma ficaron estarecidos diante do evidente, a falta de interese da ciencia do Norte en participar no desenvolvemento e nas novidades científicas do Sul, pero se preguntaron de contado se o Endod non mataría tamén aos moluscos Zebra, un azoute, non para os nenos senón para a industria naval dos Grandes lagos nos Estados Unidos e Canadá, onde estes caracois péganse en grandes cantidades nos cascos dos barcos e dificultan a manobrabilidade nos a miúdo estreitos canles.

De volta no seu hotel traballaron o Doutor Lemma e os asistentes universitarios nun proxecto para atacar co Endod o intruso molusco, transfuga de Asia. Case de incógnito recibeu á mañá seguinte o título de Doutor Honoris Causa.

Isto sucedeu o 15 de Xuño de 1990. Exactamente catro meses despois, o 15 de Outubro de 1990 apresentou a Universidade a solicitude de patente para a especie de Endod que pode matar aos moluscos Zebra. O procedemento está até hoxe suspendido, mentres un mercado valorado en 5 mil millóns de dólares espera a que, por fin, o Endod poda ser utilizado nas augas norte-americanas. A Universidade informou que existe xa un grande consorcio químico que só espera o pracet para a utilización comercial do produto, co cal se aseguraría que máis de un 80 por cento dos impostos resultantes da patente fiquen nos Estados Unidos!!!

Mentres, as verdadeiras descubridoras das especies do En-

O libre uso da planta será prohibido tamén nos países de África onde foi descuberta e é utilizada hai moito tempo.

Inventos, hábitos culturais e tamén imaxes do Sul son apropiadas a cotío polos países ricos. Na fotografía, india norteamericana nun anuncio da multinacional Renault.



dod, as mulleres de Etiopia, continúan a súa solitaria loita contra a Sistosomiase.

Outro exemplo: Margosan-0, un produto listo para a súa patente, que procede da asiática árbore Nim e sobre o cal ten agora unha millonaria multinacional química estadounidense a única patente. Aos granxeiros norteamericanos apresetaselles o Nim como unha novidade total: o primeiro insecticida orgánico, mentres os labregos e os curandeiros desde o Leste da África até o Pacífico Occidental cultivan desde hai séculos a árbore do Nim para extraer a súa substancia que consideran dunha maravillosa forza curativa.

Tamén os xaponeses

No eido da farmacoloxía, os xaponeses veñen de lanzar ao mercado un novo medicamento, o CPT 11 no, que se supón, podería estar a solución ao enigma de como impedir a reprodución das celas cancerixenas. A substancia básica do CPT 11 é un extracto dunha planta de orixe hindu.

Para un produto alimenticio está aínda no ar preñado de influencias comerciais da Oficina Mundial de Patentes de Xenebra o procedemento para patentalo. Trátase das plantas da Thaum-

tina e Serendipitina, as dúas cun incrível poder edulcorante, moitas veces superior ao da cana do sucre. No caso de se lle conceder a patente, o libre uso da planta sería prohibido, non só en Europa e Norte-américa senón tamén nos países de África Occidental onde foi descuberta e é utilizada hai moito tempo na alimentación.

Estas patentes en conxunto constitúen un exemplo do que no Sul se coñece xa como "Cleptomonopolio" ou "Bio pirataria". Tecnicamente poderían non ser concedidas, pero os últimos informes de patentes nos Estados Unidos e a crecente tendencia nesa dirección, teñen deixado nas mans dos xuíces de patentes a enorme riqueza da variedade biolóxica e xenética do Sul. Tradicionalmente exixíase ao produto, para ser "patentábel", que tivese un valor de innovación e un sentido de utilidade social. Estas exixencias caen cada vez máis no esquecemento debido ao control do mercado pola cada vez máis poderosa industria biotécnica. A nova interpretación do dereito de patente —na súa orixe formulado para protexer os dereitos dos inventores da lámpada incandescente ou da sementadora—, significa agora a protección dos dereitos de invención de bulbos de tulipáns,

tipos de arroz ou aínda partículas do cerebro humano.

Como o mostra a caza de patente para o Endod ou o Margosan-0, a industria biotécnica non está somente interesada en tirar proveito da Natureza "virxe e selvaxe" senón tamén dos inventos pasados e actuais dos "reformadores comunais" dos povos indíxenas. O argumento para admitir estes avances ten dous fillos: os inventos só se poden patentar cando son presentados por avogados e apoiados por científicos e teñen que axustarse ademais a un estándar occidental. Os povos indíxenas poden só ofrecer unha arte, unha artesanía e un folclore de escaso valor comercial. E quen ten os avogados e os científicos son as multinacionais da industria biotécnica.

A voracidade para impor o monopolio sobre todas as manifestacións de vida corre en todas as dimensións: outra empresa norteamericana patentou xa nos Estados Unidos un tipo de algodón modificado xeneticamente, mentres están pendentes os procesos de patente en Europa, Índia e Brasil. A nova semente é practicamente campo vedado para os países do Sul, que non teñen a capacidade económica para pagar os enormes dereitos de patente, (e iso,

naturalmente, sempre e cando a multinacional estexa disposta a vender a licéncia...).

Comprar a variedade biolóxica

Segundo esta lóxica, todas as formas da variedade biolóxica poden ser compradas, unha tras doutra. Así existe, por exemplo, unha indisolúbel correlación entre a perda da Cultura e a perda da cultura agraria. Non só dous tercios das linguas do mundo están perdidas para sempre, unha porcentaxe moito máis alta (70-75%) de toda a variedade xenética de plantas que constituían algunhas das máis importantes fontes de alimentación desapareceron tamén. As dúas perdas producíronse nas mesmas áreas locais: cando a Cultura se extingue, extingúese tamén a sabedoría e a protección da Humanidade através das plantas curativas e as sementes tradicionais.

Que podemos facer nós? En primeiro lugar, todo o campo do dereito á propiedade intelectual sobre materia vivente ten que ser discutido sobre unha ampla base científica. Hai moito tempo que o sistema non se corrixe a si mesmo, mesmo algunhas grandes empresas consideran que entretanto, as negociacións de patentes fanse sen control nengun.

En segundo lugar debe ser recoñecida e promocionada a integridade intelectual dos "reformadores comunais". É urxentemente preciso criar un fondo internacional, baixo os auspicios da ONU, que sobre a base de proxectos e programas se dedique a conservar e desenvolver a sabedoría indíxena. Este fondo debe asegurar ás comunidades indíxenas o control xurídico sobre os seus inventos e bens e evitar unha comercialización precipitada, valorando que toda a Humanidade poda facer uso deles.

Finalmente, as oficinas de patentes dos países industrializados deben concertar novas normas para asegurarse que os "bio piratas" non se podan enriquecer cos inventos doutros.

A nosa proposta é válida non só para a protección do pasado, senón para a salvagarda dun futuro para todos. ♦

PAT ROY MOONEY é fundador e director da "Rural Advancement Foundation International" unha ONG con base en Ottawa (Canadá). Unha das principais áreas de traballo da RAFI é a protección da variedade de especies en beneficio das comunidades indíxenas de todo o mundo. O artigo publicouse orixinalmente na revista "Forum", 181-182, 1994, de onde foi reproducido polo boletín "Dritte Welt laden Brief" de Erlangen. Da versión alemá foi traducido ao galego.

CORRUPCIÓN URBANÍSTICA

Henrique Tello

'Os sócios da muller de Francisco Vázquez controlan o 90% do cha

■ XAN CARBALLA

Por unhas escasas décimas non acadou o BNG representación no concello de A Coruña en 1991. Henrique Tello, o candidato nacionalista, foi eleito dous anos despois parlamentario do BNG, e encabeza agora a denuncia máis grave que ten que afrontar o rexidor coruñés en debalo, Paco Vázquez. O Supremo ten xa a documentación que acreditaría un suposto delito de prevaricación, posto de manifesto sen posibilidade de silencio na construción do aparcadoiro de Matogrande.

Cal é a diferenza entre a denuncia actual e aquela outra na que Francisco Vázquez resultou absolto?

Na anterior denuncia arquiváranse as dilixencias porque o fiscal do Supremo actuara despois dunha autodenuncia de Paco Vázquez para que se investigara a relación da súa familia coas empresas constructoras da Coruña. O auto de absolución do Supremo falaba de que había relación pero non tiña transcendencia económica e non había incumprimento do artigo 401, o que regula o fraude e a prevaricación. Nesta denuncia de agora hai un elemento novo: o aparcamento de Matogrande constrúese ilegalmente sobre terreos municipais, é o mesmo constructor o implicado, Anxel Jove, e desde 1991 ten permanentes actuacións en nome da muller de Francisco Vázquez, da súa familia e da súa propia empresa (Illano S.A. en Galicia e Cartepa S.A. en Canarias). Ade-

mais Jove actua en representación dela na Xunta de Compensación de Matogrande en terreos que se compravenden con moito beneficio, por exemplo terreos que están a carón de onde se construe o aparcadoiro ilegal. Os elementos novos é que aumenta desde entón moito a relación de Anxel Jove coa muller do alcalde e que agora si teñen unha grande transcendencia económica.

O aparcamento de Matogrande pasou moitos meses desperdiciado. la medrando a obra, e todo sen licencias e ocupando un terreo público. Como se explica esa vista gorda?

O 18 de Novembro de 1993 xa aparece na prensa que a empresa de Jove (Irco S.A.) ofrece aparcamentos á venda nesa parcela que é municipal, e é en Abril cando sae a concurso público a concesión da explotación do aparcamento cando xa está practicamente construído. Ou sexa que cando xa ofertaba prazas de aparcamentos, Jove apresenta, como presidente da Xunta de Compensación de Matogrande, unha serie de alegacións ao concurso, que lle son aceptadas; alegacións para que as prazas non só sexan de venda, tamén de aluguer, e que en caso de traspaso non teñan que pagar canon municipal. Este é un elemento importante porque Jove agora di que os terreos non son municipais, senón que lle pertencen. Daquela, como presentas alegacións cando os terreos e a obra son teus? É unha actuación desesperada.

A alegación básica do concello é que actuaron en canto soberano o que pasaba. Que antes non se decataran.

Din que actuaron antes que ningún. Desde o goberno municipal din que actuou o 2 de Maio, en canto se soubo, pero ten que probalo documentalmente e nós sabemos con certeza que non foi así. Non hai un só cidadán da Co-

ruña que crea esa trola de que pasaron meses e meses sen que unha obra desa enorme dimensión fose detectada, nunha zona que está en plena construción, chea de seguido de técnicos municipais. Habendo unha inspección de obras que pola mínima cousa xa está enriba, quen pode creer esa mentira?

No pleno municipal do 11 de Xullo o PP apropiouse dunha argumentación do BNG para atacar ao PSOE: é independente de que vostedes actuarán tarde, senón que hai que preguntarse como actuou Irco S.A. dese xeito impune, cando calquer constructor sabe que se se pon a obrar en terreos municipais caelle o pelo, porque a multa pode chegar até os 400 millóns. Paco Vázquez di nun primeiro momento que a situación era doadamente legalizábel, pero hai que lembrar tres cousas que o concello non fixo: paralisar o proceso, incautar a obra e actuar conforme á lei de-

'Coa última remodelación municipal, Vázquez intenta buscar chivos expiatorios para desviar a súa responsabilidade'.

rruíndo ou expropiando o construído. Desde o primeiro momento o Concello actuou con mala fé, porque en troques de investigar atacounos a nós dicindo que todo era unha inxúria e unha calúnia, que nos ía denunciar. Foi mágoa que non fixera real a denuncia, porque ás veces ás actuacións de investigación dunha defensa facilitan o acceso a unha documentación que hoxe case nos está ve-

dada. E máis complicado conseguir testigos que sosteñan unha acusación que para defender.

A ausencia de Paco Vázquez no último pleno como se explica?

El presumiu sempre de que non asistía a plenos que tocaban temas que afectaban intereses da súa familia. Pero saltou esa norma, por exemplo, cando se tratou a compraventa dun terreo da súa muller para o Parque Ofimático, en Matogrande. A famosa Parcela 96, que compran en comun Irco S.A. e Illano S.A. e que despois lle venderon ao Instituto Galego de Vivenda e Solo. Nese proceso modificase o volume de aproveitamento e daquela revalorizáronse os terreos e sérvenlle en bandexa un excelente negocio a Irco e Illano.

A denuncia do BNG é só polo aparcamento?

É pola construción ilegal do aparcamento, pero acusamos a

'O españolismo de Paco Vázquez non calou nos cidadáns'

Unha das teimas principais de Paco Vázquez foi manter a gala un españolismo desafiante, mesmo desde a toponimia da cidade. Calou na cidadanía?

Igual que penso que as irregularidades urbanísticas e os negocios escuros, non van ter a transcendencia electoral que se puidese pensar, a súa actuación provinciana e chabacana non ten tanta incidencia como se cree desde fóra. A Coruña non foi nunca nacionalista nen antinacionalista. Expresa moi ben as contradicións da colonización cultural. A cidade é esencialmente administrativa e de servizos, e a inculturación funcionaba. Para traballar pasábase a xente á cultura dominan-

te. Aquí estaba o Goberno Civil, as delegacións ministeriais, era a capital *in pectore*,... e ese foi o caldo de cultivo para un político como Vázquez. Pero non criaron un antigaleguismo como se pode pensar.

Sempre poño o mesmo exemplo do Deportivo. Se a alguén lle dá votos na cidade é ao nacionalismo. Ao PP non lle supuxo nen un voto a pesar de Lendoiro, e el sábeo e teno comentado; e tampouco a Paco Vázquez, porque chegou ao seu teito e porque a súa relación coa equipa é moi mala. Só hai que ir a Riazar e ver o panorama das bandeiras, das pancartas e dos berros de ánimo en galego. A cultura da españolización non calou na Coruña. ♦



ANXO IGLESÍAS

Paco Vázquez... ricación... camer... gal, é... ticos c...

A última... de hai... ponde... chivo... deitar... ocorrid... Urban... respon... cargos... lle outo... cellalia...

Unha urban...

Vázquez a meior... terese

Non é... forzas... cidade... que el... conxug... nivel u... de a u... ven ca... non lle... através... que se... cios sa... 4.000... corrup... podía e... típica... anos... constr... non co... donos... nizábe... 400 e... de Rol... de pes... nos ac...

Cons... a mar... teceu


Basica... co S.A... Illano

'C...

CC...

Vos... má... se i...

Inic... apa... Jov... da... mo... viot... pre... pec... ali... mei... der... tas... a vi... que... fica... que... da... mo... S.A... 98%... te s... que



do chan urbanizábel da Coruña'

se-
ha
no
a?

A última remodelación municipal de hai escasos quince días, responde ao interese de procurar un chivo expiatório no que despois deitar as responsabilidades do ocorrido. Chimpou ao concellal de Urbanismo, Pedro Vasco, deses responsabilidades e seguiu crindo cargos pintorescos, como o que lle outorgou a Carme Marón: Concellalía do Paseo Marítimo.

Unha densa trama urbanística

Vázquez ascende e consolídase a meio dunha mesta trama de intereses ligados á construción?

Non é que Paco Vázquez utilice ás forzas vivas, ou económicas, da cidade, senón que é ao revés. O que el fai maravillosamente ben é conxugar unha total corrupción a nivel urbanística, vendendo a cidade a unhas persoas que lle devolven cartos e poder. Cartos que senón lle chegan directamente si através das empresas da muller, que se enriquece porque os negocios saenlle redondos: compra a 4.000 e vende a 60.000. A rede de corrupción municipal que se crea podía existir previamente pero multiplícase na súa etapa de doce anos. Anteriormente o nivel dos constructores era pequeno pero non como Soto ou Jove, que son donos hoxe do 90% do chan urbanizábel, de polígonos inteiros de 400 e 600 vivendas. Se no caso de Roldán se fala de 4.000 millóns de pesetas, iso é un xogo de nenos ao lado do que aquí se aventa.

Conseguiron desenguedellar a maraña de intereses que se teceu?

Basicamente é unha empresa (Irco S.A.) que fai os negocios con Illano S.A. e co constructor Ma-

'A base de recalificación e información privilexiada, a empresa da muller de Paco Vázquez fíxose de ouro'.

nuel Soto. As empresas bifúrcanse pero Irco S.A. está na matriz de todas elas, e o irmán de Anxel Jove é o presidente da asociación de promotores urbanísticos da Coruña. Antes de Paco Vázquez as empresas de Jove tiñan problemas de liquidez e despois pasan a multimillonárias. A técnica básica do ascenso foi a compra de terreos a baixo prezo e a súa recalificación. Por exemplo, Irco e Illano mercan os terreos do Paseo das Pontes, os máis caros da cidade, (cun fraude engadido porque a antiga propietaria donáraos para vivendas de protección oficial e o concello recalifica estes terreos a cambio doutras fincas); son as mesmas empresas da parcela de A Cubela, da permuta do Corte Inglés, ... Ascenden por meio desas operacións de especulación e chegan a unha fortuna incalculábel.

Xustiza e política

A xudicialización da política ten sido criticada tamén polo BNG, que de feito esta é a denuncia xudicial máis importante que realiza desde que foi fundado?

É unha actuación nova pero o BNG non pensa utilizala sistematicamente, porque non hai que levar a actuación política no xulgado. Pero aquí non houbo outra, porque non temos representación

política no concello e as denuncias que apresentamos no rexisto municipal foron sistematicamente ignoradas.

Vázquez conta sempre cun certo indulto social. Segue conservándoo?

En parte quizais si, depende como se vaia resolvendo o asunto. Nós non tivemos intención eleitoral, e desde que realizamos a denuncia só fixemos unha única rolda de prensa. Queremos facer as cousas con rigor pero non aproveitarse con oportunismo da *onda de corrupción que nos invade*. Non son optimista que para a cidade ou para o BNG non creo que teña meirande influencia do que xa era a situación precedente, onde o BNG está moito mellor situado electoral e socialmente. Outra cousa é que houbese unha sentenza claramente condenatoria, que faría tambalear algúns dos seus apoios eleitorais.

E cal é posición do PP, ao que o portavoz do PSOE, Losada, acusa de estar en coalición electoral co BNG?

O PP coñecía perfectamente todo o tinglado e no BNG fumos os últimos en inteirarnos. Denunciámolo en canto o soubemos. O aparcamento está a cen metros da miña casa, pero eu non podo sospeitar que todo é ilegal. Fiamos os datos cando comezan a aparecer os anuncios na prensa. Outra cousa distinta sería estando o BNG no concello. Por algo a primeira pregunta que fixo Paco Vázquez nas anteriores municipais foi, «Saiu o Bloque?». O PP sabendo a irregularidade non solicita o pleno até que o BNG fai a denuncia. A súa postura é débil e condicionada polas boas relacións das cúpulas galegas de PP e PSOE. De feito non ten candidato designado nen amosa especial interese en desembarcar con forza a pelear con Paco Vázquez pola alcaldía. ♦

'O arquitecto municipal está implicado coa trama das construtoras'

Vostedes falan de que posúen máis documentación. A que se refiren?

Inicialmente presentamos o do aparcamento e o de que Anxel Jove actuara en representación da muller do alcalde. Agora como o Fiscal Xeral do Estado enviou o asunto á Sala 2ª do Supremo (Sección de Asuntos Especiais), nós ímonos personar ali. Aparte dos documentos dos medios de comunicación, que son denuncias graves, remitimos actas do concello da Coruña sobre a venda da Parcela 96, a do Parque Ofimático, nas que se recalifican os terreos e se demostra que Jove sempre actua en nome da muller do alcalde; presentamos os documentos de Cartepa S.A. (a muller do alcalde ten o 98% das accións e o 2% restante son do pai e a nai do alcalde), que constituíu con Soto, Jove e

outros a inmobiliaria *Amulei* en Canárias. Finalmente o que nos parece máis grave, e do que informamos ao Supremo, é que o arquitecto municipal, xefe do Servizo de Urbanismo, Garcia Agudin, ten unha empresa, através da súa esposa en relación de gananciais, con Anxel Jove en Baleares (Irco Baleares). Isto

'O arquitecto municipal, Garcia Agudin, ten pola via da súa muller negocios con Anxel Jove na empresa Irco Baleares'.

último é o colmo porque Garcia Agudin é a persoa que ten que asinar os informes urbanísticos. As solicitudes de Jove sobre mellora de aproveitamento, compensación ou edificabilidade no polígono de Matogrande, ten que asinalas Garcia Agudin. Para completar a faena o Director Xeral de Irco-Baleares, é o ex-gobernador da Coruña, Moreno Aguilar. Esta é a documentación nova que aportamos.

O caso ten máis a ver co beneficio particular que coa financiación dos partidos?

Só en parte porque o local do PSOE no centro da Coruña é de Irco e cedido ao PSOE mediante unha hipoteca na Caixa Galicia que non está cobrada. Ou sexa, un agasallo de moitos cartos: máis de 200 metros cuadrados en Castro Camiños, o centro da cidade. ♦

Demócratas cardíacos

O Congreso Extraordinario da Frente Sandinista de Liberación Nacional, celebrado en Managua o pasado mes de Maio, supuxo unha vitoria para a facción máis esquerdista da organización, Izquierda Democrática. O dado non é novo, máis hai outros aspectos do congreso que non son tan coñecidos.

"Neses momentos a tensión chegou ao seu punto máximo - comenta na súa última edición a publicación *BARRICADA INTERNACIONAL*. O posto médico preparado para calquer emerxencia informou que durante os tres días atendeu a máis de 181 delegados que presentaban síntomas de hipertensión, arritmia, espasmos, malestares dixestivos e crises de pranto": un congreso democrático, ninguén está libre de sofocos.

De todos xeitos, o propio *Barricada Internacional* considera que o debate aberto no Congreso do FSLN aínda non foi pechado: "Porén, o cónclave demostrou que nestes tempos de paus de cego, de parámetros rotos e mitos descalificados, a FLSN busca voltar de novo á súa razón de ser (...). O traxecto a percorrer vese longo, e o perigo dunha división non foi conxurado definitivamente", asegura na súa editorial.

Unha presidencia cobizada

"Dos tres candidatos en liza, dous, Jean-Luc Dehaene e Ruud Lubbers, son primeiros ministros e o terceiro, Leon Brittan, brillante comisario en Bruxelas, todos capacitados para o posto [de Presidente da Comisión Europea, en substitución de Jacques

Delors]", explicaba o diário francés *LE MONDE*, na súa edición do 24 de Xuño.

"E daquela que levou a algúns a citar o nome de Felipe Gozánlez, como a Helmut Kohl?", pergúntanse, nun artigo de opinión os xornalistas Philippe Lemaître e Claire Tréan, que fan un



PANCHO/LE MONDE

repasso histórico polos presidentes da Comisión, maioritariamente grises funcionarios nunha Europa con poucas competencias. "E comeza a era Delors, a potente ascensión da Comisión, o tempo da paixón dun home comprometido coa causa comunitaria, os seus métodos de traballo, e a unha coxuntura política particularmente favorábel..."

Os columnistas veñen a dicir que Delors veu dar unha nova dimensión ao cargo e que esta coincide cun futuro no que o papel europeu estará máis presente na vida dos cidadáns, de aí o desexo de facerse coa cadeira que teñen algun líderes europeos.


Guerras para vender armas

O columnista Manuel Cruz ven de descubrir a orixe comercial dalgunhas guerras do Terceiro mundo. Explicou a súa teoría no número do dez de Xullo do dominical *ANTENA SEMANAL*, a revista que acompaña a *O Correo Galego*.

"A morte é un grande negocio do que dependen catorce millóns de empregos directos en todo o mundo, entre eles un millón de científicos e investigadores. Ademais, a caída do Telón de Azeiro reduciu os orzamentos militares do mundo occidental: un 18% menos que en 1987. Cómpre buscar clientes", di o xornalista.

"Toda unha falacia [o argumento disuasório e de seguridade] que serve para ampliar o negocio. As armas destínanse a reforzar aos réximes no poder, de dubidosa procedencia democrática, e empréganse na represión da oposición. E cando os enfrontamentos internos son excesivos -caso de Ruanda nestes días-, intervense con máis armas para impor a paz", destapa o artigo máis adiante.

Non faltan datos no artigo: nos anos 80 Estados Unidos vendeu as tres cuartas partes das armas solicitadas por Somalia e logo os *marines* encarregáronse de destruílas. ♦



Protexer a natureza tamén é a túa obriga.

Toda precaución é sempre pouca co lume. Se saes de excursión, lembra que non se pode prender fogueiras fóra das zonas habilitadas para tal fin, nin botar mistos ou cigarros sen apagar.

**PROTEXE A NATUREZA.
SE VES LUME,
CHAMA O**

085
GRATUITO
ATENDE AS 24 HORAS

XUNTA
DE GALICIA 

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA
E MONTES

CÚMIO DO G7

Os sete grandes repiten desde hai quince anos a mesma doutrina

Máis dogmáticos que Kim Il Sung

■ FERNANDO CARBALLA

É un tópico que o falecido presidente de Corea do Norte mantiña no seu réxime uns principios moi sectários. O pólo oposto paréceno os dirixentes do mundo occidental, dialogantes e negociadores. Reunidos os días 9 e 10 de Xullo en Nápoles, os presidentes e primeiros ministros dos sete países máis desenvolvidos (G7) estudaron a fondo o grave problema do emprego nos países do Norte industrializado, que atinxirá en 1995, nos países da OCDE, a 35 millóns de traballadores e traballadoras.

Como guión os "sete grandes" manexaron, sen emendas nen correccións, o *Estudo da OCDE sobre o emprego*, publicado en Xuño en París, recibido como unha Biblia por gobernos e medios de comunicación a toque de carga neo-liberal.

E non obstante o citado informe non ten nada de novo. Desde hai dez anos, a Organización de cooperación e desenvolvemento económicos (OCDE) elabora dossieres sobre a situación económica que se parecen uns a outros como un Ford T a outro Ford T: iguais e en calquer cor que se queira, sempre que sexa negro. A OCDE afirma que o paro masivo é a causa duns mercados de traballo demasiado "ríxidos", uns custos salariais demasiado altos, sistemas de protección social arcaicos...

O desemprego afecta a 35 millóns de persoas activas máis outros 15 millóns que non se apuntaron aos inems diversos ou que se conformaron cun emprego a tempo parcial.

Desde o inicio, o Estudo pon en evidencia o contraste flagrante entre as cifras de paro na Europa occidental e o "crecemento de emprego na América do Norte". Para isto habería que crer a cegas nas estatísticas oficiais dos EEUU e do Reino Unido, outro país que indicaría unha mellora da situación do emprego por unha política económica máis ortodoxa. Os datos reais son ben máis pesimistas. A británica *Employment Service Agency* ven de circular aos seus axentes locais unha instrución para propoñeren aos parados postos pouco cualificados, mal pagos, con horarios difíceis, en zonas con transportes públicos moi deficientes ou inexistentes, para os probar. Isto ordenouse por escrito. Un documento artístico verbo do tema é a espléndida "Chovendo pedras" do cineasta inglés Ken Loach, recén estreada no noso país. A prosa administrativa tamén alcanza categoría literaria.

Estatísticas ocultas

A verdade numérica tamén é diferente da que aparece na pro-



Máis flexibilidade, menor salario e redución dos custos sociais. Os "sete grandes" reiteran máis unha vez as súas consignas.

paganda, que non se poden calificar doutro xeito as cifras falsas sobre o desemprego nos Estados Unidos, que melloran mes a mes segundo lomos nos periódicos. Dito ao estilo académico: Fonte: *The American Express Bank Review*. Data: 24 de

Xaneiro de 1994. Táboa: Paro no Xapón: 9,7%, e non 2,7%. Paro nos Estados Unidos: 9,3%,

Mentres as sociedades alemás e xaponesas abonan un dividendo do 35% dos seus beneficios aos accionistas, as firmas británicas teñen que pagar un 70%.

e non 6,4%. Paro no Reino Unido: 12,3%, e non 9,8%.

Segundo a OCDE, a crise actual non é imputábel en absoluto a unha demanda gravada durisimamente polo desemprego e o estancamento dos salários, se-

Alemaña e o Xapón teñen os salários máis altos... e os accionistas menos ambiciosos

O paro existe porque o mercado de traballo é ríxido, os salários demasiado altos e as prestacións sociais un desgrazo de recursos. Isto é un dogma. Por moito que busquemos nos medios de comunicación non encontraremos outra explicación. Sen embargo, desde o chamado segundo choque petrolero, en 1979, a parte dos salários na renda nacional está a niveis iguais, senón inferiores aos dos anos 70.

A OCDE di que nos países anglófonos aumentaron as diferencias de salários nos anos 80 e que esa é a estratexia que hai que seguir na Europa continental. Moitos empregos son de tan baixa produtividade que só son viábeis con salários moi baixos. Entón si que hai

que chamar ao Estado. Para que suprima as regulamentacións que impeden a creación destas empresas, para que "lance campañas de sensibilización destinadas a suprimir toda conotación negativa, na opinión pública, verbo do peche de empresas" (se alguén lle encontra unha conotación positiva!) e, especialmente, para "acentuar as diferencias salariais segundo as rexións e as profesións".

Se isto é discutíbel no plano da equidade, a terapia é mesmo dubidosa no plano económico. Átenme esta mosca polo rabo: ¿Por que Alemaña ten uns custos salariais horáricos un 80% superiores aos do Reino Unido e o Estado español — e un 40% por riba dos da Italia e

a Franza— e exporta todo o que quer, cun comercio exterior amplamente excedentário, por exemplo, con Inglaterra?

Un atarrabos voluntario, Robert Bischof, presidente da empresa alemá Jungheinrich, di no *Financial Times* do 10 de Xuño pasado: "As empresas británicas cren que poden compensar a súa falta de investimentos reducindo os seus custos salariais. Mentres as sociedades alemás e xaponesas abonan un dividendo do 35% dos seus beneficios aos accionistas, as firmas británicas teñen que pagar un 70%".

Falamos —fala Bischof— de reparto das rendas entre capital, traballo e investimentos. Loita de clases. Non é? ♦

nón ben ao contrario por unha insuficiencia da oferta provocada por... un custo excesivo da man de obra! E como explica que o aparato produtivo estexa logo ao 65 ou 70% da súa capacidade? Pois non o explicando. Non explica nada. Afirma, repite, machaca, pero non explica.

Contra o sector público

Se polo menos o informe estivese ben expurgado de contradicións. Pero nen iso. Di que "os dous tercios dos empregos criados desde os anos 70 fórono no sector público" e que "desde que acabou a expansión do sector público o paro medrou rapidamente". A conclusión debería ser... pero non, diso nada: hai que evitar que o Estado "acapare o aforo nacional", suprimir "os obstáculos aos fluxos de capitais", "reforzar a competencia pola vía da privatización".

Liberalizar amplia os mercados, di a Comisión Europea mentres decreta desmantelar os monopólios do Estado nas telecomunicacións. A nosa política de emprego depende das privatizacións, di o ministro francés de Economía. Exactamente. Iso é exactamente: a *sua* política de emprego. 800.000 postos de traballo menos en 1998, di *Cambridge Econometrics*. Non é que as previsións económicas sexan de fiar. Pero as que sempre acertan son as que tocan a infelicidade dos que menos teñen. Seguro que en 1998 vai haber 800.000 postos de traballo menos: 280.000 na Franza, 180.000 na Italia, 140.000 na Alemaña.

Baixar os impostos

"Aumentar as taxas marxinais de imposición tería evidentemente un efecto disuasorio nos traballadores con altos salários", di o Estudo da OCDE. Tamén é a tese clásica de Reagan e Thatcher, segundo a cal os impostos elevados son factor de desmotivación, de fraude e de evasión fiscal. É o argumento do dentista que só traballa 3 meses ao ano (e folga os outros 9) porque Facenda lle leva todo o que ganaría traballando 10. Ou o do que di que ten que pedir un crédito para pagar o IRPF en Xuño, aínda que gaña 8 millóns de pesetas ao ano. Auténticas dificultades financeiras, abofé. Pero este catecismo non precisa demostrarse. O Fondo Monetario Internacional, o FMI, di no seu Boletín do 11 de Abril que diso "non hai ningunha proba concluínte". Que desde 1985 a 1991 as taxas marxinais do Imposto sobre a Renda baixaron en todas partes —do 61 ao 44% de media en 14 países da OCDE— "sen que esas desgrazadas teñan contribuído de maneira significativa ao investimento ou á disciplina fiscal".

E isto tamén reza para a "redución de cargas" ás empresas. Nen pola cabeza lles pasa criar postos de traballo. A *amortización*, ponte de prata. Un Ramilo francés, o presidente da comisión social da patronal: "Falar de contrapartidas neste campo denota unha má comprensión da realidade económica". Nótese o cinismo elegante. ♦



Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)

Julio Anguita que xa unha vez se proclamara na Coruña defensor da "cultura Mediterránea" está a pegarlle unhas boas acometidas á CiU e a Catalunya inteira. Acusa a González de pactar "co pior de España" e afirma que a burguesía catalana é a máis retrograda de Europa. Na mesma semana, o líder de IU xustificou o seu pacto co PP andaluz, dicendo que "non importa con quen se pacte, se o pacto é bon para os cidadáns".

Non se entenden as filias e fóbias de Anguita, sobretudo tendo en conta que Pujol compartiu celda con militantes comunistas durante o franquismo, réxime polo que senten, en

Cangas a moi cívica

—¿A Cangas, dis? Ti toleaches, a xente alí sempre anda en liortas e protestas. ¡Vaia persoal!

Mellor calar outros moitos comentarios que se me fixeron cando decidín residir na zona de Cangas a pesares de ter o meu traballo en Vigo. Son dos que pensa que nesta terra galega mal que ben aínda é posible casar servizos co calor humano e que o pequeno é fermoso.

Cando xa levo unha tempada a vivir nesta vila na cal me prezo de ter un fato de bos amigos e, aínda máis, unha morea de estupendos veciños compre, por esa mesma veciñanza, poñer en prosa algunhas reflexións sobre os tópicos que conforman a imaxe dos cidadáns de Cangas polo mundo adiante. Non hai cousa que máis odie que os estereotipos, máis aínda cando estes obedecen á preguiza intelectual e o borreguismo e é por isto que vou tentar demostrar, dende a miña experiencia persoal, a falsidade do tópico dunha Cangas incívica.

O civismo pode ser definido dende un punto de vista teolóxico como "algo naturalmente bo e virtuoso para

un cidadán mais non para un santo". Alguén tamén nos EEUU referiuse ó civismo, aló polo 1874, coma "o espírito da liberdade, a afirmación do dereito natural á revolta contra a dominación do Home, aínda máis cando ese Home é o seu veciño". E xa para rematar coas citas démoslle palabra ó grande escritor romántico inglés, Lord Byron, que aló no 1816 definía unha vila coma "o corazón sen ambicións e a man dun facheloso, fraterno e cívico grupo".

Unha concepción actual do que o civismo é podería ser a seguinte: o exercicio activo dos dereitos cidadáns na procura dunha relación interveciñal mais fraterna e harmoniosa, mirando o ben común sen renunciar nin miguíña ó teu dereito individual á liberdade, á felicidade e á xusticia.

A pregunta que se tería que facer en primeiro termo sería, pois, si os cangueses exercen a súa civilidade. Ímolo ver logo.

A nivel asociativo coído que Cangas é un auténtico exemplo para Galicia, velai senón como nun concello de pouco máis de 20.000 habitantes podemos atopar todo o abano de sindicatos existentes cun alto grao de participación; cinco partidos políticos con representación no Concello; activas agrupa-

cións de comerciantes, mexilloeiros e asociacións de carácter pedagógico que convocan encontros anuais de ensinantes.

Si do eido deportivo falasemos, o saldo asombraría a cidadáns de calquera parte do Estado. Valai un relatorio no cal, de seguro, vaise quedar no tinteiro mais de un, polo cal pido anticipadamente desculpas: un equipo de balonmán na primeira categoría do Estado; un equipo de fútbol de moi alta soleira militando nas categorías rexionais; varios equipos de fútbol afeccionados; tres clubs ciclistas; equipos de remo en todas as categorías e modalidades, dende nenos ata adultos, por non citar o deporte escolar.

No que ó campo cultural se refire o saldo non pode ser máis positivo: un grupo de teatro profesional; un festival de teatro internacional; unha asociación cultural con progra-



na procura dun mundo mellor no que os seres humanos sexamos unha fonte de solidariedade para nos mesmos.

Ainda tiven tempo de acompañala nos seus derradeiros sufrimentos. Eran perto das 5 da tarde do día 27, puden agarimar aquelas queridas mans e braciños que, encaixados nunha cama hospitalaría, sufrían con resignación as agullas dos soros e a axuda dun oxíxeno que lle atemperaba o seu corpo maltratado pola peste da enfermidade. O seu rostro era coma unha litografía de perto de dous anos, desde que o relóxo comezara a descontar un tempo que nos fuxia impasíbel, e que nos era impasíbel deter.

Ollou para min, sorríndome cos seus sempre cobizosos ollos,

acollendo con agarimo a miña man impotente de poder axudala, de poder insuflarlle a vida que se lle ia murchando levemente...

Pasei a tarde á súa beira, mais, ao fin, tiña que voltar a Madrid. Bi-queina con suavidade, mentras ela aínda tivo forzas para lembrarse dos meus, que ao fin eran tamén os seus. Xa no avión, mentres os motores facían encher de inquietudes aquel páxaro de metais e fibras, coa ollada

"Eu non chegarei a velo, poisque son unha das presas do inimigo, mais aquí temos a semente de futuro", gustaba dicir...

posta, através da fiestra que máis perto tiña, no infindo do ceu; milleiros de preguntas acudían ao meu maxin atropeladamente, tinxindo o meu presente de inquietudes.

Alguén puxo diante de min un fumegante café, o cal fun saboreando a grolños, enchendo de quentor os meus atecidos ánimos. Entre os grolños, as preguntas non deixaban de rebulir, tendo a obriga de respotalas. Falando comigo, ia dicíndome, como era posíbel que miña irmá pudesese sofrer tan fera enfermidade, se sempre levou unha "vida san" das nosas aldeas, sen fumar, nen sofrer as polucións das cidades, nen sequer de nengun complexo industrial...

Botei unha ollada enriba da no-

mación anual; varios colectivos de artistas plásticos e incluso algúns dos máis senlleiros escritores galegos residindo na zona de Cangas.

Sei que por tradición un dos grandes amores dos cangueses é a música e neste eido tanto as actividades coma o nivel de participación non ten comparanza en toda Galicia: un Conservatorio e unha Escola de Música; banda municipal; grupo de música de cámara; dúas corais; cinco grupos de rock; un de música folk; escola de gaitas e grupo de baile e todo iso sen contar as asociacións máis informais como son as comparsas de Carnaval ou a rondalla da véspera de S. Xosé.

¿Que maior indicador de civismo pode haber que o traballo en común e a participación solidaria?

Probablemente sexa só un dato anecdótico, mais para quen coma min ten vivído e viaxado por toda Europa, resulta gratificante residir nunha vila na cal o tráfico sorprende polo seu respecto ás normas e incluso resulta chocante para os visitantes o feito de que aquí teñan preferencia os peatóns nos pasos de cebrá.

Compre xa, para ir rematando, facer referencia a un suceso que, ás veces groseiramente manipulado

por algúns medios de comunicación, fixo nos últimos tempos a Cangas famosa. Non fai falla dar nomes para que o lector saiba a que suceso me estou a referir. Eu seguí os acontecementos dende Inglaterra e non puíden evitar facer a comparanza de Cangas coa Atenas clásica na cal tamén había revoltas cidadás a pesar de ser o berce do que hoxe entendemos por democracia. A democracia entendida como exercicio cidadán non deixa de ser un compromiso de procura do ben común. Cando ese compromiso racha por unha das partes dun xeito tan nido como daquela se fixo, o contrato queda invalidado e é preciso buscar solucións para que a comunidade siga funcionando. Nese caso o dereito á revolta como último recurso convértese nun deber. O non exercelo sería baixar da categoría de cidadáns á de servos.

Creo ter expresado o meu convencemento de que esta vila é un exemplo de convivencia e educación. Xa sei que si miráramos cidadán por cidadán difícil sería atopar un santo, mais non se trata diso, os cidadáns non teñen porque selo, deben de ser exactamente iso, cidadáns. E os cangueses e canguesas sono, e de primeira. ♦

XOSÉ M^a DE CASTRO ERROTETA



sa fermosa ría (Pontevedra), percorrína de cabo a rabo á vista de páxaro, e, olla ti, doutra volta sempre vou acair a ese merdeirento complexo *Ence Elnosa*. O buraco negro que hipoteca el só a vida de milleiros de persoas; as vilas e cidades do entorno da ría.

Lembro non hai moito tempo, na sua casa, tiña unha fotografía aérea do antergo Praceres, onde a beleza natural da ría conxugábase cun aproveitamento dese paraíso natural de augas e fondo mariño, a eclosión da nosa riqueza mariñeira. Lémbrome tamén que como boa horticultora, contábame: "cando ven ese cheiro fedorento, e eses fumes que enchen de pestilencias o aire das vilas e cidades do entorno, é coma se dalgunha lagoa do inferno saisen os aires fedorentos da morte e queimases nunha orxia infernal os nosos agros". Así tamén os peitos dos nosos nenos e maiores; que Montecelo é ben coñecedor de estudos epidemiolóxicos, onda enfermidades respiratorias e da pel son únicas no entorno do complexo. Mais, xa coñecedora da sua enfermidade, chamoume con resignación, tamén con renovados esforzos de loita, sempre disposta a axudar os seus ben queridos compañeiros do B.N.G.: "Eu non chegarei a velo, poisque son unha das presas do inimigo dos povos, o egoísmo humano sen fronteiras, mais aquí temos a semente de futuro", gostaba dicir... O derradeiro verán, ensinoume información sobre a Organización pola Defensa da Ría..., brillábanlle os ollos de ledicia, mentres paseniñamente ía espoñendo os seus sentimentos e ilusións para o futuro das seguintes xeracións que tanto agari-maba.

No derradeiro Nadal posou nas miñas mans o nº 601 de *A Nosa Terra*, onde a máis doutras informacións, ensinoume un informe denunciando a contaminación que Ence Elnosa verten na ría —13 Kilos de mercurio cada xornada de 1993; asimismo, contaminación por dioxinas, o espectro dos cancerixenos máis potentes que se coñecen.

Pousou a sua ainda enérxica man no seu peito, nun intento de axudarse na respiración que pouco a pouco ía refugándose-lle. Agardou un intre como tentando recoller do silencio que

TENISTAS

NANINA SANTOS

Nunca escribo de desportos, dinme, e teñen razón. Unha porque estou pouco ou nada informada. Duas, porque os que a min me gustan (ciclismo, natación e remo) son máis que nada masculinos e non tería outra cousa que repetir: homes, homes, homes e tres porque verbo do fútbol sigo reflexionando. É un fenómeno descomunal que cada día aporta novas vetas á miña pescuda.

Xa, pero por exemplo o tenis, dinme. Aí tes campioas, heroínas, artistas. Por que non das conta das vitórias e das artistas?

Ignorancia. Hei de recoñecelo. Ignorancia e falta de interese; porén agora non vou pasar por alto a vitória de Conchita Martínez en Wimbledon fronte á varias veces finalista e varias veces campioa Navratilova.

Lili Álvarez, deportista de sona desde os primeiros anos do século, cando as mulleres aínda comezaban a facerse visíbeis fora dos ámbitos tradicionais de casa-cociña-igreja (e da que dará conta a contracapa da Andaina nº 9 que vai para o prelo), felicitou a Conchita Martínez. Ela quixo gañar varias veces, de feito ficou finalista tres, porén nunca chegou á vitória final. ♦

nos traguía o rumor alonxado dun bater rítmico das ondas na Ponta da Laxe... Como a respiración argallou, apoustando a sua fermosa mais nua cabeza de quimioterapia no meu peito.

Soubo da última manifestación que congregou a milleiros de persoas diante da fábrica da morte. Teríalle gostado estar ali, mais xa non podía. A morte ía apertando a ela, mentres ro-mando entre os dentes, desafiándoa, dicía: demasiadas mortes polo cancro, para un povo que ten de loitar pola sua dignidade e o seu dereito a unha saúde nunha sociedade onde a persoa e o meio ambiente sexan suxeitos de futuro.

Eran as 24,00 horas do día 27, soou o teléfono, a voz acougada de Sara anunciábame que acababa de finar.

Detrás dela quedáanos a esperanza de que as suas inxerencias non se podan esvaer no aire, de que Ence Elnosa, através da cadea trófica, non siga hipotecando o futuro de milleiros de persoas... O que ela quería, "que fose a última vítima da loucura irresponsábel..." ♦

CARLOS PIÑEIRO
(MADRID)

Carta aos asistentes á Festa da Langosta

Pasou a IV Festa da Langosta e, un ano máis, temos servida a polémica e o posíbel fraude, recordándonos o primeiro ano no que tamén ocorreron cousas estrañas, non si?, recordan vostedes que daquela "voaran" unhas cantas racións?

Contestaron decíndonos que levaron as caixas baleiras, ¿será que ían a algun tipo de colección?

O B.N.G. coma sempre desde a sua responsabilidade de oposición construtiva, no mes de Decembro propuxo a creación dunha Comisión Mixta entre Restauradores, Comerciantes, industriais e Corporación para, entre todos, organizar e revitalizar a *Festa da Langosta*, xa que entendiamos que polo camiño que ía só podía desembocar na sua desaparición. Pero unha vez máis, a prepotencia do grupo de goberno (PP) rechazou a proposta e o tempo demostrounos que tiñamos razón.

Diante desta situación, no Pleno do 30 de Xuño o B.N.G. fixo algunhas preguntas para poder esclarecer o que xa era un rumor popular, case todas elas obtiveron por resposta o silencio, non sabemos, xa veremos, algo que resulta increíble en quen ten a responsabilidade de velar polos intereses de todos os gardeses/as. E por iso que nós queremos trasladar estas preguntas aos cidadáns das que seguro saben a resposta.

- 1.- Cantas racións se puxeron á venda?
- 2.- Cantas se venderon e cantas sobraron?
- 3.- É certo o que dicía a prensa de que algunhas voaron en coches oficiais?
- 4.- Cantas levaron e quen as levou?
- 5.- Onde están as que quedaron?
- 6.- O viño non se estropeaba tamén o levaron?, por certo, había algun tipo de "comisión" cunha determinada bodega?
- 7.- Quen vai a pagar o case *Millón* de pesetas que se perdeu? A Festa seica era do Partido Popular. Pasaranlle a factura?

Todos aqueles que saiban as respostas envíenllas á señora Alcadesa e á sua Equipa, porque o B.N.G. vai seguir preguntando e, por suposto, intentando que se saiba a verdade. ♦

ANTONINO TORRON FERNANDEZ
(PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G.)

Visca Catalunya!

Despois de pasada a tolémia do 12-X, e con tempo para reflexionar e pensar en conciencia e en soidade; fóra de sentimentalismos e ideoloxismos, cheguei á devandita conclusión. Non vou analizar a fondo como cheguei a esta resposta: primeiro, por falta de espazo, (trinta liñas) e segundo, porque sonche das que cavilan que para achegarse á realidade

cámbo, unha discreta nostálxia os xóvenes líderes *populares* como Arenas. Será que Anguita prefere o *cortijo* sobre a *masía*. Ao final acabará sendo el tamén nacionalista... andaluz.

"**Cómennos a impostos**", di o propietario dun bar familiar. "Con isto dos módulos, acaban connosco e se aínda houbese clientes coma antes, pero con esta **crise...**". O paisano é un dos que cren na crise da que fala a televisión, non se fixa nos coches de importación que andan por eí, nen nos pisos de luxo a trinta millóns que se seguen a construír. Será que nisto da crise, tamén hai clases.

Aos ruandeses custáballe 196 francos producir un quilo de té e nos **mercados** internacionais pagábanllo a 130. Perdían un tércio con cada quilo. Pero, aínda perdendo, non se podía eliminar unha industria, a do té, que daba emprego a 400.000 persoas. Canto máis traballaban, máis pobres eran. Non o din os noticieiros. Prefiren o reduccionismo da "brutalidade étnica".


En Servi-jet apresetase unha rapaza a pedir traballo. Resposta: "Cómprendos xente, pero non queremos mulleres porque levar **paquetes** dá mal efecto".

Os xornalistas norte-americanos non teñen nen idea de fútbol, din os xornalistas daqui. Pero, despois, transcreben ao pé da





En lembranza de Bea Adrio

1º cabodano



En lembranza da amiga e fiel militante nacionalista Bea Adrio, a cal tivo o triste designio de deixarnos o 17 de Xuño de 1993 ao sufrer un infortunado accidente.

Os teus amigos non te esquecen



letra os **comentarios** do *Usa Today*. Mália que burros, son ianquis e iso sempre é unha razón para imitalos.

Comunismo

dinástico din que hai en Corea, porque a Kim Il Sung sucedeuno seu fillo. Nengunha lei no país di que teña que ser así. Tampouco sería dinástico, que a Fidel o sucedese seu irmán Raúl ou a Daniel Ortega seu irmán Humberto. Serían circunstancias históricas, criticábeis como calquer cambio dun xefe de goberno. O demais son descalificacións. A sucesión hereditaria, por mandato constitucional, só existe nalguns países, de acordo con tradicións moi antigas, nas que o **sangue** prima sobre outros motivos. Algun deses países está bastante próximo, bastante máis próximo ca Corea.

O Centro de

Investigacións Sociolóxicas debería ter en conta estes datos. Prezos de **bandeiras**. Establecemento: Corte Inglés. Galega para mastro, con copón, oblea, sete cruces e coroa: 6.000 pesetas. Roji-gualda, con escudo constitucional: 3.000. Europea, con doce estrelas douradas: oferta a 900. ♦

non compre atopar enteléquias a esgalla, nen ecuacións de x graus con enésimas incógnitas. Sonlhe dos que cavilamos que esa "realidade", está decote no abstracto e no sinxelo. Nas verbas de calquera dos nosos paisaninhos de aldea tomando un garolo de ribeiro nunha taberna calquera da nosa Terra. Que sinxelas e abstractas as vinhetas do grande Daniel e canto expresan! Canta bória! Isto ven a conto de que hai moitos sectores nacionalistas hespanhois que acusan aos cataláns de egoístas, insolidários, chantaxistas... Disque estamos nun Estado de Dereito e por enriba **democrático**. Ou non? Pois daquela amiguinhos!:

1º. Os cataláns o 6-X do pasado ano nun acto consciente, libre, voluntario e **democrático** decidiron apoiar aos partidos propios. Logo chegaron a acordos **democráticos** cos do pesoe para gobernar Hespanha e favorecese eles o máximo posíbel. Lóxico! Ou non? **Insolidários?** Gostárame a min ver a solidariedade dos que os acusan diso cando, por pñher un exemplo, gastan máis de un millón de pesetas en iren aos U.S.A. de vacacións, e non se lembran daqueles paisaninhos que sobreviven cunha esmola de cuarenta mil pesetas, que non lhes dá para iren de vacacións a parróquia do lago, sen atravesalo famoso *Padornelo!*

2º. Para os que sigan a cavilar que son insolidários, poden ter razón —para min non—, non poden dicir que son **antidemócratas!** Tenhen dado monstas ao longo da historia da Hespanha, mesmo na guerra civil e inda hoxe superan aos fillos putativos do Vladimir e do Pablo, que se dician moi republicanos no 36 e agora árdelhes o cu por seren monárquicos. Para eles todo serve con tal de quitar talhada! Outravolta ái están os Cataláns co único partido —que eu saiba— con siglas, ERC, que defende a

eséncia da democracia e que non é outra que a *Res Pública*. Os Cataláns non son nada diso do que os alcuman, e de antidemócratas: "res de res, si us plau". Fan o que, por exemplo, calquer pai ou nai Galegos: traballhan a reu para darlhe do melhor aos fillos propios e non aos do viciño, por moi ben que se leven!

3º. Eles entenden a "Hespanha de verdade", e por iso votan **democraticamente** xente de seu propia, como xa —por sorte!— cada vez máis galegas-os están a facer.

Acabo: cada vez que vou exercer o dereito ao voto e comprobo

esencia da democracia e que non é outra que a *Res Pública*. Os Cataláns non son nada diso do que os alcuman, e de antidemócratas: "res de res, si us plau". Fan o que, por exemplo, calquer pai ou nai Galegos: traballhan a reu para darlhe do melhor aos fillos propios e non aos do viciño, por moi ben que se leven!

esencia da democracia e que non é outra que a *Res Pública*. Os Cataláns non son nada diso do que os alcuman, e de antidemócratas: "res de res, si us plau". Fan o que, por exemplo, calquer pai ou nai Galegos: traballhan a reu para darlhe do melhor aos fillos propios e non aos do viciño, por moi ben que se leven!

esencia da democracia e que non é outra que a *Res Pública*. Os Cataláns non son nada diso do que os alcuman, e de antidemócratas: "res de res, si us plau". Fan o que, por exemplo, calquer pai ou nai Galegos: traballhan a reu para darlhe do melhor aos fillos propios e non aos do viciño, por moi ben que se leven!

esencia da democracia e que non é outra que a *Res Pública*. Os Cataláns non son nada diso do que os alcuman, e de antidemócratas: "res de res, si us plau". Fan o que, por exemplo, calquer pai ou nai Galegos: traballhan a reu para darlhe do melhor aos fillos propios e non aos do viciño, por moi ben que se leven!

ESQUIZOIDES

XOAN PIÑEIRO

Un amigo meu afirma, con dados na man, que nas últimas décadas distínguense, entre nós, catro diferentes castas dominantes á fronte da cousa pública. A primeira glaciación de xerarcas sería a dos altos mandos militares retirados e correspondería aos anos 50 e parte dos 60. A terceira pricipia nesa década e foi a dos economistas coroados de máster. A cuarta, segundo este estudoso, vai ser a dos psicólogos. Falta fan. E un fato de expertos en psicodramas colectivos incorporados ao chamado consello de ministros. O seu sería terapia de choque. Xulguen se non.

Imaxinen ao responsábel de Xustiza e Interior que, á fronte da policía, fracasa con canto prófugo hai. Naturalmente acaba demitindo; pero só como ministro do Interior. Pola contra, como ministro de Xustiza permite que os xuíces se lle suban ás barbas co gallo da independéncia e, inevitabelmente, vese forzado a demitir, pero só como ministro de Xustiza. Pouco despois, este postmoderno soterrador de Montesquieu contempla como lle fuxen cos fondos reservados e, farto do asunto, como ministro de Xustiza manda encarcerar ao ministro do Interior. Iso no mesmo dia no que, enrabexado coas actuacións xudiciais, como ministro do Interior ordena deter ao ministro de Xustiza.

Chegados a este punto de esquizofrenia, míster Hyde e o doutor Jeckill serían dúas caricaturas comparados cos desdobraamentos do responsábel en cuestión. Entón a este só lle quedaria a saída de pegarse un tiro a si mesmo, quer dicir, aos dous xuntos. Ou, naturalmente, acudir ao psicólogo de garda para lle contar o esquizoide do seu caso. Seguramente, gracias ao experto da mente o titular de Xustiza indultaría ao de Interior, e o de Interior soltaría sen cargos ao de Xustiza.

Esquecida dicir que este amigo meu ten unha teoría propia sobre a quinta glaciación de xerarcas: Está convencido de que os psicólogos pasarán axiña para deixar paso aos ex presidiários. ♦

Precisións

Ante a inexactitude dunha información aparecida na páxina 6 do nº 629 do periódico, con data do 7 de Xullo de 1994, e co ánimo de que unha cousa non certa a forza de repetila deveña unha cousa certa, queremos facer as seguintes precisións:

1.- Se ben é verdade que un grupo de militantes de Compostela nos desvinculamos organizativamente da FPG logo da Asemblea Nacional celebrada no mes de Marzo, nengun de nós se integrou no BNG de xeito individual, nen sequer solicitou a súa incorporación nesas condicións a tal proxecto político.

Nengún de nós se integrou no BNG de xeito individual.

2.- O que si tivo lugar foi a formalización dun colectivo comarcal (de carácter comunista e independentista), e no nome do mesmo comezaron a darse unha serie de contactos coa dirección comarcal do BNG, co fin de chegar a un entendimento político-organizativo que levase o noso colectivo a unha integración de feito nesa fronte política.

3.- Á altura das datas que andamos (12 de Xullo), o pretendido entendimento non se deu efectivizado ante a momentánea(?) negativa do BNG a posibilitar a nosa entrada como colectivo comarcal, cuestión que para nós nestes momentos é indiscutíbel.

4.- Entendemos, ademais, que informacións como a reseñada (en nengun momento contactada) en pouco ou nada contribuen ao avanza da unidade do nacionalismo, pola confusión que alimentan e a tendenciosidade que parecen desprender.

Sen máis, e agardando que estas precisións sexan publicadas no seu xornal, un atento saúdo. ♦

MARI CARMEN LOPEZ
(CARBALLO DE BERGANTIÑOS)

RAFAEL VILLAR
(COLECTIVO C.I.S.)

RADIO CULLEREDO
107 FM.

Centro cultural "Electo Carballo"
15174 O Portazgo
CULLEREDO (A Coruña)

Tel. (981) 66 62 28
Fax (981) 66 17 75

radio FENE
emisora municipal 105 MHz FM

Radio Fene Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81
Casa do Concello 34 24 11 - 34 30 56
15500 Fene (A Coruña) Telefax (981) 34 27 51

Liceum, un ponto de encontro de Galiza e Portugal

O café do Porriño mistura a cultura de ambos países e ofrece un espazo alternativo

■ XOÁN M. ESTÉVEZ

Ubicado no centro de Porriño, equidistante de Vigo e Portugal, inserido na bisbarra do Condado, o Liceum convértese cada fin de semana nun centro estratéxico ao que acoden, nomeadamente, melómanos procedentes das localidades limítrofes, e de cando en vez de lugares máis lonxe. Alternativa cultural e espazo privilexiado de encontro das culturas galega e portuguesa.

No Porriño está xermolando un amplo movemento cultural, que ten as súas bifurcacións na Asociación do Louro, na revista "O Tranvía" e na sala "Liceum". Coinciden a miúdo as mesmas persoas nunha dinámica diversificada, que, en xeral, móvese polas mesmas inquedanzas. Afastada dos cenários e dos estudos de gravación, a cantante Uxía aporta, non obstante, á causa, a súa sensibilidade de artista, condición que, sen dúbida, favorece a doada convivencia, que fai do Liceum unha sala receptiva a pintores, músicos, grupos de teatro... que de todo ten pasado e seguirá pasando por este entrañábel local de comedido aforo —unhas duasetenta cincuenta persoas. Hai artistas que, logo dunha noite memorábel, teñen escrito á sala porriñesa, manifestando o seu desexo de volver a ela. Cando á fronte da programación está unha profesional do meio, adóitanse a coidar máis os detalles que o artista valora positivamente no exercicio da súa actividade. Falar de Uxía ou de calquera dos artistas que teñen pasado pola sala da que ela é responsable artística é falar do mesmo mundo. Desta vez non se cumpre o lamentábel tópico de que a miúdo os intermediarios da cultura son precisamente incultos ou insensíbeis.

Un café que resistiu

Na súa faciana cotiá é un de tantos cafés que resistiu o paso do tempo, co que iso comporta de espazo hosteleiro con solera. Unhas amplas escaleiras condúcenos á parte superior, que xa cumpre a función de *espazo cultural*, en funcionamento desde Febreiro de 1993; para iso apenas foi preciso alterar a estética do vello local, de finais do pasado século; tan só un afinado criterio e doada xestión; é cando aparece Uxía na historia do local: "a idea viña de atrás, o desexo de remodelar aquel espazo; e facelo, para que?; xurdiu a idea de espazo cultural, que abrise as portas ao diverso panorama posíbel das expresións culturais, aberto a todo tipo de músicas, co tempo fixemos unha excepción do *rock* —hai outras salas—, e o Liceum iría enfocada a outras músicas, que non teñen por que ser minoritarias —*folk*, flamenco. Houbo propostas de *jazz*,



Uxía, na entrada do Café Liceum, no Porriño, porta galega para moitos artistas portugueses.

ANXO IGLESIAS

pero non se chegou a un acordo, a máis é unha música difícil, que tende a espazos especializados, in da que nós non estamos pechados a ela. Basicamente, trátase de difundir a meio de concertos en directo músicas alternativas, outras non tanto... rexurdir algo tan maltratado coma os cantautores —Javier Bergia, por exemplo”.

Naturalmente, estamos a referirnos a unha sala *estábel* de concertos, que periodicamente edita un folleto —avance de programación, cos seus respectivos comentarios.

O público é o único sostén material do local, decidido desde un principio o criterio de establecer a barreira do pagamento dunha entrada, que limita o acceso ao concerto de turno. Uxía razónao en función da sobrevivencia do artista como tal: "para nós é beneficiarse en tanto que a xente que paga é a que quere ir, interésalle; os artistas teñen que cobrar e dalgunha parte teñen que sair os cartos. A xente pode entrar e non subir, pero quen queira ver grandes figuras —Júlio Pereira, por exemplo— en plan privilexiado, a dous palmos do ar-

tista, debe valoralo”. Afinado criterio, que supón un desafío para os que pensan que a música é un complemento da copa.

Parece un milagre que unha sala sen máis recursos económicos que a taquilla sobreviva como un auténtico local de concertos, pero non é un caso único, xa que o Liceum

coordena a súa programación coa doutros espazos culturais afíns: a *Nasa* e a *Casa das Crechas* en Santiago, ademais da Televisión Galega, que ás veces simultanea as súas actuacións coas destes locais.

A dinámica é imparábel. No caso do Liceum manifesta a súa responsábel artística: "decátaste co tempo do prestixio do local, da fidelidade do público, amplias a túa rede de contactos; de súpeto xorden novos grupos... no Porriño criouse un grupo de teatro, que ensaiaban no Liceum, representaron unhas farsas de Blanco-Amor e a sala estaba ategada de público. Recordo con especial agarimo unha presentación da revista "O Tranvía", adicada ás orquestras do Porriño; ese día, o batería recuperou o instrumento despois de trinta anos en desuso”.

Irmandade con Portugal

Pero esta identidade local, precisamente por mor da súa proximidade con Portugal, fai do Liceum un local con frecuente presenza na súa programación de artistas lusos; eis unha das súas características so-

bresantes, a súa especialidade no contexto da hostelería cultural galega. No pasado mes de Abril arrollouse unha *Festa dos cravos*, de acceso libre, coincidindo co aniversario do histórico acontecemento; exposicións de pintores portugueses; actuacións de J. Pereira, Vitorino, "Vai de Roda"... no futuro están previstos outros nomes, algúns históricos: Sérgio Godinho, J. Mário Branco, "Antonio Ferro Quintet" —formación que interpreta música tradicional portuguesa en clave de *jazz*. Esta fluidez na relación con Portugal perdérase desde os tempos en que o Zeca Afonso facía de anfitrión dos artistas lusos no noso país.

Na relación galaico-portuguesa volta a ser decisiva a función de Uxía, desta vez na súa dobre faciana cantora-promotora artística. Uxía participou no pasado mes de Xuño no Festival "Os sons da Fala + Pedro Abrunhosa", celebrado na Praça Velha de Coimbra; tratábase de artellar un espectáculo baseado "na música de varios países de lingua portuguesa —incluíndo a Galiza e o portugués antigo— e com uma série de convidados especiais"; a respeito da nosa cantora, o crítico Fernando Magalhães manifestou que Uxía é a "cantora galega mais portuguesa de todas". Naturalmente non é gratuito, mesmo desde o Liceum, este vínculo luso, que vai madurando co tempo: "comeza a estar máis clara a relación histórica, afectiva, con Portugal, e estase a dar na práctica; pola banda portuguesa, acollen con compracencia o convite, senten que se lle abren as portas", manifesta Uxía, que proximamente participará na gravación do novo disco do grupo "folk" "Vai de Roda"; outros contactos co país cada vez máis próximo teñen sido a súa participación en Festivais coma o Intercéltico do Porto, o "José Afonso" de Amadora —localidade próxima a Lisboa—; colaboracións coma a de Júlio Pereira no último disco da cantora galega...

Precisamente o Liceum é un dos poucos puntos de referencia nos que o afeitoado pode surtir de discografía portuguesa no noso país. Convertido nun espazo alternativo, a sala cumpre ocasionalmente coa exhibición dun catálogo musical que se caracteriza pola súa variedade, in da que os circuitos convencionais de distribución discográfica fixeron da dificultade para conseguir música non comercial, a catalogación xenérica de *outras músicas* a todo canto se saia —e non é pouco!— dos cánones convencionais do que se escoita nas listas de éxitos.

Refuxiado en *trinchiras* en expansión, o *folk* galego tamén está estreitamente vencellado á sala porriñesa: Mercedes Peón, *Dhais*, *Leixapren*, *Fía na Roca*... nomes cun futuro máis que pasado, esplendoroso, levarán o nome do Liceum coma marco do seu xermolado artístico, mentres que *Na Lúa* ou a propia Uxía receberam o aplauso dos seus paisanos na sala porriñesa.

Baixo uns soportais a xeito de refúxio, o acceso ao Liceum semella o dun conduto que dá paso a un espazo lúdico propio do que se di ultimamente *minorías maioritarias*.

‘Na relación galaico-portuguesa volta a ser decisiva a función de Uxía, na súa dobre faciana cantora-promotora artística’.

7 DIAS

■ A alma da cidade, novo proxecto de Xavier Villaverde

Segundo informa Oscar Losada, o director de cine Xavier Villaverde ten un novo proxecto de longametraxe, tras o seu debut con *Continental*. A súa productora está á procura de apoios económicos para sacalo adiante, tentando a consecución dunha coprodución con Portugal e a Franza. O proxecto encetarás a dar a súa primeira volta de manivela e Setembro. "A Alma da Cidade" con guiión do propio Villaverde rodariase en Lisboa, Madrid e Galiza con actores novos (os protagonistas rondan os 20 anos). ♦



solicitou unha entrevista co Presidente da Xunta para expoñerlle as reivindicacións da mobilización.

axentes sociais, "toda vez que as reivindicacións que se lle formularían son perfectamente asumíbeis".

regulamento de uso do galego na Administración Autonómica; que a Dirección de Política Lingüística abandoe a faceta da propaganda cultural e se adique ás súas funcións específicas e a creación dunha Viceconsellería ou Secretaría Xeral de Política Lingüística. ♦

■ Ulo Teatro do Xacobeo?

A Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena pergúntase onde van os textos do Concurso de Obras Teatrais Inéditas do Xacobeo, que este ano se convocan por segunda vez. Dotado con tres millóns de pesetas o concurso é de maior cobertura económica no Estado, pero a obra do ano pasado nen se publicou, nen se representou nen a coñecen os grupos de teatro.

A entidade profesional pergúntase se ten sentido manter esa cuantía para un premio específico, cun asunto tan concreto de tema inexcusábel como o Camiño de Santiago. "Felicitamos aos gañadores, pero sería un inútil dispendio que as obras remataran nun caixón perdido da administración os textos". ♦

■ Fraga non quer saber da Mesa

Tal e como anunciou ao remate da manifestación do pasado 15 de Maio en Compostela, a Mesa pola Normalización Lingüística

Manuel Fraga negouse a recibir aos representantes da meirande organización normalizadora actuante no país, sob o argumento de que "a política lingüística fíxaa o goberno". A Mesa insiste que iso non obsta a un comportamento democrático de dialogar cos

A tabla de materias a propoñer pola Mesa eran a elaboración e posta en práctica dun proxecto de normalización planificado; galeguización e cumprimento das ordes de galeguización no ensino; que a TVG emita exclusivamente en galego; creación dun

XI Festa da Carballeira na localidade coruñesa de Zas. Este Festival é outro dos que levan anos loitando a prol da música folk e nesta edición teñen preparado un cartel con atractivos dabondo para incrementar a presenza de afeizoados. Encetarán coa actuación dos grupos de baile da Asociación Cultural organizadora, Castro-Meda, seguindo cos *Raparigos*, o grupo ferrolán *Cempés* e como prato forte da noite a presenza dunhas das mellores bandas portuguesas da actualidade *Vai da Roda*, e un dos conxuntos clásicos no mundo do folk, os escoceses *Battlefield Band*, que voltan a Galiza á que non regresaran desde a fallida actuación no Festival de Moaña. ♦

■ Cinema galego en festivais

O filme de Hector Carré, *Dame lume*, preñente de estrea comercial, despois de participar nos festivais de Xixón e València encamiñárase á vindeira edición do Festival Internacional de Cinema de Donostia. Na cidade vasca o filme galego ollarase dentro da sección *Zabaltegui*, onde os organizadores apostan polas *opera prima* ou fitas que, polas súas características, non encaixan na sección oficial.

O párroco embaucado de Xosé Carlos Soler e *Un café de ollos verdes* de Antón Simón son as curtametraxes galegas que concursarán no XVII Festival de Cine Independente de Elxe, que terá lugar a fin de mes. ♦

■ Festa Folk en Zas

O Sábado 6 de Agosto terá lugar a

SUBSCRÍBASE A A NOSA TERRA

(Remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en maiúsculas)

NomeApelidos.....
EnderezoCod. Postal.....
TeléfonoPovoación.....N.I.F.

Suscíbome a *A Nosa Terra* (incluídos os *Cadernos de Pensamento e Cultura*) por un ano/semestre ao prezo de:
Galiza/Estado/Portugal7.500 pta./ano3.750 pta./semestre
Europa9.100
América e resto do mundo10.900

a) Subscricións para o Estado español

- Talón bancario adxunto
- Reembolso (máis 130 pta.)

b) Para o resto do mundo

- Cheque bancario adxunto
- Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.


PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETIN ADXUNTO.

Banco/Caixa de AforrosConta/Libreta.....
Titular da Conta ou Libreta.....
Nº SucursalPovoaciónProvincia.....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

ATENTAMENTE (SINATURA)

DATA



A información que paga a pena ter

Leituras


Diário
dun esquizo-
frénico

O mellor
Martínez Oca

Despois de seis anos de non publicar unha obra narrativa para "maiores", Xosé Manuel Martínez Oca entrega a que, talvez, sexa a súa mellor novela, por agora: *Diario de Inverno*⁽¹⁾.

Encontrámonos perante unha variación do manuscrito achado nun faiado, aínda que na presente é un diario dun personaxe descoñecido que lle entrega a un amigo. O diario vai "do dezanove de outubro dun ano ó oito de marzo do ano seguinte". O autor advirte que non transcribe o diario na súa integridade, xa que o seu descoñecido autor, con infulas de escritor, écheos ás veces con relatos, poemas e prosas poéticas máis ben penosas.

O autor do diario, de nome descoñecido, que o transcritor chama F., para entendernos, está namorado de "Ela", que vive fóra da cidade onde mora e traballa el (A Coruña). O diario está dirixido e dedicado a Ela. Mais, aparte, F. vai anotando o que lle acontece os días que pasan: na pensión, no emprego, na rua. Anota os seus pensamentos, as súas teimas, as súas vicisitudes. A medida que avanza o diario, polas anotacións do autor, vese con claridade a personalidade esquizofrénica de F. Quizá, tamén, autista. Imos sabendo da súa insuportábel solidade, da que quer curarse a meio do diario que é a súa fuxida, e das cartas a Ela e as car-



tas de Ela, única cura verdadeira. Acontécenlle cousas: detia coa patrona, vella, gorda, con varices, para aforrar a pensión é coñece a Chucho, un albanel que está a traballar nunhas obras no emprego de F. Chucho será a única persoa que, inconscientemente, intentará curar a F., introducindo na realidade. Unha realidade parcial, talvez enganosa, pero realidade. De Chucho, a última vez que o vexa, escapará. E logo de discutir con Ela por teléfono (Ela vaíse a Londres e F. pensa que é un engano para fuxir del), de facer un intento amoroso coa muller de limpeza do emprego — intento que fracasa pola inesperada chegada de terceiros — e de intentar facer o amor cunha operaría que encontrara en posición "non sancta" co patrono (e despois de se despedir do traballo e uns intentos fantásticos de se converter en famoso periodista), F. comete un acto do que espera que fale del os periódicos. Un acto do que se fala no diario, nunha leria co Delegado, compañeiro de pensión e imaxe do filisteu cultural para F. Un acto do que nos inteiramos no epílogo, así como do sorprendente destino final de F.

Martínez Oca presenta o seu personaxe cunhas características normais, pero devagar e a meio dos seus actos imos albiscando a súa personalidade esquizofrénica. Fuxida da realidade ("Por máis que fuxa, por máis que lle vire as costas, sempre terei aí, diante de min, unha vida que corre allea e que me ignora", p. 20; unha vida "escorre monótona, nun existir vexetal"); a desocialización ("este noxo do cuarto da fonda, este noxo da oficina, este noxo do xefe, que ten cartos e fai o que quere, non sendo máis que un cretino, mentres eu, tan superior en tódolos sentidos, teño que aturar os seus caprichos, manterme ás súas ordes (...) sempre sen dar un chío, sempre sen rechistar, sempre sen se rebelar" p. 35-36). Un proceso de desocialización que acadou o seu cume nos seus pensamentos sobre o ter fillos e no final do diario, cando se dá conta de que todas as mulleres son iguais (agás Ela, evidentemente). Martínez Oca, progresivamente, vai presentando como misóxico, aínda que ao final verase que as súas "pulsións" eran outras. Quizá porque todo o diario non era (é) máis que unha invención dunha mente esquizofrénica que se instala sen problema na sociedade (véxase epílogo) cando teña asumido a súa enfermidade.

Diario de Inverno non é só o diario dun esquizofrénico, é, tamén, o diario dun namorado

Máis *Diario de Inverno* non é só o diario dun esquizofrénico. É, tamén, o diario dun namorado. Dun home que non ten relacións

fora do amor que el mesmo fai infeliz e daí ven a súa desconfianza cara a vida. Unha desconfianza que chega sempre ao autoengano; vg., as relacións familiares (di que non ódia a seus pais, pero desprézaos), os aspectos repelentes das súas relacións sexuais coa patrona, dos que culpa, directamente, a Deus que deixou actuar ao Mal, que toma posesión del. Unha desconfianza cara a vida que é froito dunha paixón que non se sabe se inventada ou real. Unha paixón que fai que cando se sente atacado minta, fuxa cara o delirio.

Na presente, como en todas as obras narrativas de Martínez Oca, o humor fai acto de presenza. Un humor forte que abrolla, mesmo, no interior da traxédia; que é, como o lirismo verdadeiro que deita este *Diario de Inverno*, produto da lingua usada polo autor. Língua viva, chea de modismos e xiros, de grande riqueza léxica, coloquial e actual, posta ao día naquilo que foi necesario e nas formas de dicir. Martínez Oca ten un estilo inconfundíbel que en ningún momento é falso, nen manierista, aínda que poda ser barroco.

Con *Diario de Inverno* Xosé Manuel Martínez Oca logra a súa mellor novela ao saber cinxirse completamente ao tema tratado. Ao non fuxir cara adiante introducindo cenas fantásticas ou para-fantásticas como ocorrira nas súas mellores novelas anteriores ("A escura chamada dos caborcos", etc.). O escritor da Estrada alcanza facer a súa mellor novela sen, por iso, renunciar ao que sempre foi o seu Norte: non aborrecer ao lector. ♦

XGG

(1) Col. Narrativa núm. 4. Bahía Edicións, A Coruña, 1994, 144 páx.

conta de libros

Relatos
de unha hora

A Editorial Nigra ven de irrumpir cunha nova colección dentro do segmento de libro barato. Por cincocentas pesetas pódense xa debullar os relatos entregados por Dario Xohán Cabana (*Cerco de Ferro*); Ramiro Fonte (*Soños Eternos*), Xosé Miranda (*A neve e a cadeira*) e Manuel Forcadela (*Anxélica*). ♦




Os libros do Tucán

Paula Carballeira co seu *Robin e a boa xente* e Andrés García Vilarinho con *O crocodilo na habitación*, inauguran unha colección nova da editorial Edebé-Rodeira. Ten dúas seccións *Tucán Azul*, para cativos/as de máis de seis anos e *Tucán Verde*, para os que superan os nove. ♦



Balzac en galego

Antonio Pichel é o traductor de *O tío Goriot*, un dos títulos clave na apertura dos camiños realistas polos que transitará a novelística europea do XIX. A novela desenvólvese nun París menesteroso e popular con epicentro na pensión da señora Vauquer, pola que desfilan unha variada galería de persoaxes, entre eles Goriot, un anciano arruinado polo seu amor total cara unhas fillas que non lle pagan coa mesma moeda. ♦



Galego
na fronteira

Lingua e cultura galega de Asturias é o título incluído na colección Universitaria de Xerais, que recolle traballos presentados sobre o tema nos encontros de Grandas de Salime, coordinado por Francisco Fernández Rei. A realidade lingüística da Terra Navia-Eo é obxecto de análise, falándose de aspectos históricos e reseñando as figuras de Fermín Penzol ou Damaso. Benigno F. Braña, Méndez Ferrín, Antón Santamaría ou Xoán Babarro son algúns dos que aportan os seus estudos. ♦

Teatro

Loita polo
traballo

Squash, da
Compañía de
María

Acodimos á estrea de *Squash*, un magnífico texto de *Caballero*, vertido ao galego por *Xepe Casanova* e representado pola *Compañía de María*, que contén elementos arquetípicos do mundo da escena. O autor sabe xogar á perfeición coas sensacións do público espectador levando-o do riso aberto e franco, quizais un pouco facilón — por que a xente ri a cachón ao escoitar un taco? — á amargura tensa e por veces morbosa da realidade cotidiana das personaxes — non tan afastada da realidade do público. Também xoga co recorrente elemento do espello — a embocadura da cena — por onde uns malvados olláparos tiranizan a vida das tres "pobres sombras". A lectura escénica do *Cadaval* tira todo o partido destes acertos xa apuntados no texto, construindo un espectáculo áxil e divertido que deita a final un aquel de amarregar nos lábios.

A trama leva-nos a un ximnásio onde dúas personaxens, apata de *María Pujalte* e a parva ama de casa de *María Xosé Bouzas*, deven competir por un posto de traballo. O directivo entrevistador — *Luís Tosar* — vai poñendo atrancos e probas, indicando atitudes, valorando presenzas até que no final comprobamos que na realidade — na ficción, logo — nada é como aparenta. E a vinganza das mulleres non tardará.

A *María Pujalte* fai unha puta de primeira, brillante, con acenos e actitudes macarrís e un apurado traballo de asunción de rol, mesmo lingüístico: enunciación, léxico... semella recén chegada do Papagaio coruñés ou do fondo das murallas luguesas, cos golpes do chulo aínda no rosto.

A *María Bouzas* semella ter saído por vez primeira da casa, é o retrato tráxico de tantas mulleres reducidas desde sempre ao territorio do privado, raíña do fogar mais inútil para o mundo, que a necesidade bota a buscar traballo.

Cada unha ao seu xeito, coas súas armas que aos poucos irán descubrindo ao entrevistador e en definitiva ao público, aposta por ese posto de traballo tan necesario. A competición deshumanizada até a mentira, até a falta total de escrúpulos, pola obtención do posto de traballo a calquer prezo.

O entrevistador — *Luís Tosar* — pasa da aparente seguridade do seu posto directivo, un tanto agresivo, — ese xogo de dizer sempre por duplicado as cousas — na súa retórica de poder, a unha realidade só evidente no final do espectáculo e moito menos grandilocuente. *Tosar* está ben, mesmo que as veces, na funxión que vimos, faltara proxeción na súa voz.

En definitiva un espectáculo agradable e fácil de ver cun magnífico traballo de actores e director que de seguro será do agrado do público. ♦

FRANCISCO SOUTO



A *Compañía de María* nun seu anterior espectáculo, *Fisterra-Broadway*.

Leituras

A
necesidade
dun modelo
próprio

Noveno
aniversário
da TVG

A Corporación de Rádio e Televisión de Galiza está de actualidade coa renovación dos seus órganos de dirección. A recente constitución dun novo Consello de Administración, a destitución do director xeral, a súa substitución e o troco da equipa directiva de TVG supoñen un doloroso xeito de celebrar o noveno aniversario da súa creación.

O novo director xeral, que non ten participado anteriormente nun medio de comunicación audiovisual, deberá afrontar un panorama pouco esperanzador: 8.420 millóns de débeda recoñecida pola propia Compañía (a metade en créditos a curto prazo); un 15% de cuota de pantalla média (algo máis en horario de máxima audiencia); un grande desencanto, extendido entre os traballadores pola falta de perspectivas profesionais e a infrautilización dos recursos técnicos e humanos, e, ademais, unha fortísima presión política dirixida desde o goberno da Xunta e desde os grupos de oposición.

O máximo responsable da CRTVG sufrirá as consecuencias da inexistencia dunha auténtica política audiovisual tanto a nivel estatal como autonómico que evitase a caótica situación na que se atopa o sector televisivo: cadeas públicas competindo contra fábricas de programas en serie; cadeas privadas pelexando con emisoras públicas auxiliadas por presupostos e créditos oficiais; canles autonómicas que imitan os modelos estatais; máis de cincocentas televisións locais en situación alegal; o amañado reparto das emisoras de televisión a través do satélite Hispasat; comunidades autónomas que non poden desenvolver unha televisión propia porque non o

recolle o seu Estatuto de Autonomía pero si deben participar no pagamento dos 400.000 millóns perdidos polo conxunto das canles públicas; desaproveitamento das posibilidades do cabo como sistema de comunicación de voz, dados e imaxes...

Diante deste panorama, as autoridades galegas deberfan asumir a responsabilidade de establecer un modelo audiovisual para a Galiza onde a CRTVG sería o motor principal do que engancharían as diferentes empresas do sector segundo criterios profesionais e non segundo o actual clientelismo político.

A limitada audiencia potencial e o baixo poder adquisitivo no medio rural fan pouco rendábeis os investimentos publicitarios en TVG, que consegue non máis de 3.000 millóns anuais por este concepto. A batalla trabada coas cadeas estatais é desigual; os resultados, negativos: só cinco, seis, sete programas por mes se sitúan entre os cuarenta máis vistos. A estratexia empregada é errónea: máis do 50% do tempo de programación adócase a series e películas estranxeiras que non reflicten a maneira de ser dos galegos e requiren para a súa dobraxe máis de dous mil dos once mil millóns do orzamento da Compañía para 1994. As televisións autonómicas, nunha grave crise, non poden loitar coas cadeas estatais en campo aberto, deben buscar o seu propio terreo. A TVG debe ofrecer aquilo que os galegos non atopamos noutras pantallas: unha televisión ao seu servizo, que dé a coñecer a realidade do mundo desde unha perspectiva


A maioría absoluta do PP proporcionará os votos necesarios para dar as actividades da dirección, pero non de todas, xa que o Consello ten que aprobar algúns acordos por maioría de dous tercios

próxima, que corrixa a desigualdade nas oportunidades de saber, que integre a todos os galegos nunha cultura común, que reduza as distancias entre o mundo rural e o mundo urbano, que divulgue as historias e as vidas máis interesantes do pasado e do presente de Galiza, que fomente o orgullo de ser galego. Que TVG e RAG rendan froitos segundo a súa definición: sociedades xestoras dos Servizos Públicos, financiada cos presupostos da Comunidade Autónoma pero tamén a través da colaboración de entidades públicas e privadas, aproveitando a lei de mecenazgo.

Unha vocación de servizo da que debería ser garante o novo Consello de Administración. Desgraciadamente, a lei de creación da Compañía de Rádio e Televisión de Galicia propicia a instrumentalización política establecendo a atribución do executivo galego para nomear e separar do cargo ao Director Xeral da Compañía, limitando asemade as competencias do Consello. Aínda que a lei non o contempla explicitamente, a elección dos conselleiros faise segundo a forza dos grupos políticos presentes no Parlamento galego, neste caso cun considerable retraso. O que si determina a lei —perversamente— é que o Consello se comporá de 12 membros eleitos mediante maioría de dous tercios. Deste xeito, aqueles partidos que sumen as dúas terceiras partes da representación popular poden marxinar do Consello aos demais. Afortunadamente, os socialistas non impediron a entrada do BNG de acordo co seu respaldo electoral, ficando o Consello deste modo: 7 membros do PP, 3 do PSOE e 2 do BNG. A maioría absoluta do PP proporcionará os votos necesarios para dar conformidade á meirande parte das actividades da dirección da CRTVG, pero non de todas, xa que o Consello ten que aprobar algúns acordos por maioría de dous tercios (isto é, 8 conselleiros) polo que o control real é limitado pero posíbel en aspectos como a emisión, se corresponde, dunha opinión desfavorábel ao nomeamento do director xeral ou a determinación semestral da porcentaxe de horas de programación destinadas aos grupos políticos e sociais significativos. ♦

ANTÓN CORTEGOSO

Arte



A grande mãe, de Ronaldo Martins

Confidencias
dunha
expresión
afrobrasileira

Sen a presenza africana no Brasil pouco podíamos entender sobre a poderosa forza cultural que se combina e conflúe nunha serie de elementos que fundamentan a idiosincrasia afrobrasileira. África está presente en toda unha expresión dinámica que conforma a música, a danza, o teatro e a poesía no Brasil. Todos estes aspectos teñen unha tradición e un contido espiritual na ánima do negro brasileiro. Tamén as artes plásticas veñen mostrando diver-

sas formas e comportamentos da vida íntima dos negros do Brasil. Unha das últimas entregas pictóricas, das máis sorprendentes e innovadoras, é a que executa Ronaldo Martins. Este pintor retoma o universo ancestral dos seus antepasados africanos e o converte en versión brasileira. A grandeza do mito e das divinidades africanas ocupan un lugar destacado e funcional en toda a súa catalogación.


A pintura de Ronaldo Martins emerge das tradicións iorubas, unha das expresións con máis consistencia no Brasil. Nesta pintura, tamén se confirman outras presenza iconográficas que resollen, no seu conxunto, o principio fraternal e humano daquela África lonxana e descoñecida, e que no Brasil tivo continuidade e que, moi ben, recolle Martins nesas mulleres fecundantes e maternais que representan non só a orixe da vida senón tamén confirman unha cultura e uns valores que, pese ás grandes convulsións e confrontacións en diversos períodos de degradación, perduran como crónica plástica para exaltar a dignidade e pretender reafirmar e consolidar, no Brasil, as referencias dun pasado esplendoroso e continuar cultivando todo aquilo que se criou nos alicerces de África.

A pintura de Ronaldo Martins emerge das tradicións iorubas, unha das expresións con máis consistencia no Brasil

NOVIDADES

LAIOVENTO


ENSAIO



LINGUA GALEGA,
NÍVEIS PRIMITIVOS
Eligio Rivas Quintas



ROSTO NEGRO, O CONTEXTO
DAS LITERATURAS AFRICANAS
Francisco Salinas Portugal



CUBA,
DOCE E SOTURNA
Miguel Sande

EDITORIAIS
EN DISTRIBUCIÓN

Edicións Espiral Maior
Edicións Laiovento
Edicións da AS-PG
Edicións Sementeira
Edicións Toxosoutos
Edicións PP. CC. Artesa
Cadernos da EDG
Edicións Elsinor Teatro
Editorial Hiru Argitaletxea
Edicións de autor
Revistas culturais galegas
Edicións bibliográficas

PRODUCCIÓN CULTURAI
ARTESA

Rua A. Martínez Salazar, 3
15011 A CORUÑA - GALIZA
Telf. (981) 27 83 99
Fax (981) 25 02 12

Arte

Nos cadros de Ronaldo Martins hai matices suficientes para contemplar unha serie de espazos, volumes e pinceladas que enfatizan o enigmático e o real; o encontro e o desencontro; o concreto e o indeterminado; o escuro e a claridade. E nesta dimensión de controversias harmoniza a esas criaturas que nos falan por encima de calquera imprecisión que poda ter o noso sentido óptico. Son diversas as imaxes que nos levan ao centro dunha men-

saxe lúdica e que nos esclarecen o máis mínimo dese universo afrobrasileiro.

Na autenticidade do mito e da mística africana, transplantada ao Brasil, Ronaldo Martins tenta profundizar no Orixá, divindade de orixe ioruba que en África tiña máis de 600 divindades subalternas e que no Brasil consérvanse máis de 50.

Nesa amálgama de frecuencias

míticas móvese este pintor que resgata e sincroniza, nas propias raíces, toda unha serie de elementos que os plasma no lenzo, no cal podemos observar esa sinfonía de formas cromáticas con predilección das figuras míticas, como pode ser o Oxalá, nome brasileiro de Obatalá, fillo de Olorún e Deus Supremo dos orixás. E neste tramado selectivo de recursos mitolóxicos e de todo un cerimonial panteísta, vencellados ás tradicións africanas,

encontramos toda unha simboloxía heteroxénea no culto do Candomblé. No Candomblé hai suficientes signos de variadas expresións misteriosas que forman parte do concerto pictórico de Ronaldo Martins; diversas insinuacións e poucos artiluxos para visionar os ultramundos que configuran, na súa pintura, diversas modalidades, como son o Candomblé de Angola, de Caboclo, do Congo, de Keto, de Nagó e os bahianos, que todos

se practican no Brasil.

Mais a pintura de Ronaldo Martins non só é un tratado sobre temas tradicionais tamén está o lado reivindicativo e crítico sobre unha serie de cuestións de tipo ecolóxico e de supervivencia. Críticas ao panorama social brasileiro e a toda unha serie de comportamentos de descriminación que se practican no seu país. ♦

XOSÉ LOIS GARCIA

Música

Ampliando horizontes
Strictly Worldwide

Os discos conxuntos adoitan a ser irregulares, con momentos brillantes e outros que non o son tanto. Dezanove son os artistas que integran este traballo, con maioría europea e africana. Son 75 minutos de música folk cun nivel medio de calidade alto.

Entre o máis sobranceiro están as nosas pandereiteiras de Leilia, presentes a proposta da Federación de Asociacións Culturais, que deixan o pavillón alto co seu bon traballo interpretativo coas

Entre o máis sobranceiro están as nosas pandereiteiras de Leilia, que deixan o pavillón alto co seu bon traballo interpretativo coas "Muiñeiras de Calvos de Randín". De Suláfrica chega a bonita voz de Busi Mhlongo, acompañada polo grupo Twasa, que executan un fino tema composto pola cantante e Doc Mthlane, non isento dun fermoso ritmo moi marcado e uns coros perfeitos para a voz principal. Dunhas características semellantes é a peza interpretada pola cantante de Mali Djencha Diakite, resaltada por unhas belas harmonías vocais nunha composición da propia artista, con toques moi modernos. Seguindo con voces femininas, hai que subliñar o curioso folclore do Xapón, que escoitamos na voz de Angelin Tytöt (continuamos con coros que apoian á voz principal). O seu xeito de cantar é coñecido como "Joikhing", e rodéase de percusión para acompañar ao canto. O folk-rock ven representado polos alemáns Brich Und Das Polk, que deixan nesta obra un tema con moito ritmo, propicio para o baile, cunha harmónica "rebuldeira" que marca o ton do conxunto. A banda Ashkhabad é a representante de Turkmenistán, cunha peza tradicional moi movida arraxada por eles mesmos. A voz de Stabi Tohary Kuliev fúndese na música de resonancias arábegas que incita a danzar co seu espírito festivo.



non lle falta, desde logo, este aspecto, e que posúe uns teclados que fan un traballo escuro mais efectivo. A francesa Thierry Robin fai unha música que non ten nada que ver co que se podesen esperar dese país. Con semellanzas co folclore oriental, africano e centroeuropeo, a peza está incluída nun álbum no que

Os noruegueses Folkemusikk-gruppa i Hordaland poñen o contrapunto do clasicismo adaptado a pezas tradicionais, con predominio dos violíns. Este instrumento é tamén o que marca a interpretación das británicas Eliza Carthy e Nancy Kerr, cunha peza instrumental chea de delicadeza e sensibilidade. Os portugueses de Romanças son coñecidos polas actuacións que fixeron na Coruña e no festival da carballeira en Zas (mellor, por certo, esta última). Esta formación gostou máis en disco que ao vivo. Neste CD deixan impronta de calidade co tema tradicional luso "Carolina".

afondou nas raíces do povo xitano. Os soneros cubanos tamén teñen representación a cargo do conxunto Sierra Maestra, que aportan unha mostra de vitalidade bailonga procedente do Caribe, entre as percusións e os instrumentos de vento.

Seguramente o tema máis curioso, que xa é dicir entre tantos chea de curiosidades, sexa o do saxofonista e clarinetista macedónio Ferus Nustafov, gravado en directo en Eslovenia. Principia como unha pachanga, continua como música de raíz dos Balcáns e o seu desenlace é delirante, abrañando completamente. Ese minuto e medio final xa valerá por unha peza enteira.

Este disco, en suma, é unha boa ocasión de ampliar horizontes musicais, e é unha proposta que se vai continuar en próximos anos, sempre co Norte de introducir a música das nacións emerxentes. ♦

ÓSCAR LOSADA



Produto maduro
César del Caño:
Expreso-Estrella

Falar de César del Caño, verbo da súa traxectoria musical e deste seu primeiro disco, é facelo dun home que experimentou os diversos camiños da música. Como proba esta gravación, variada como quizá nengunha outra na discografía galega de sempre. C. del Caño iniciouse musicalmente na bisbarra do Ribeiro, da que procede, cantando en grupos pop e folclóricos; logo viria o canto coral: Orfeón Unión Orensana, prolongando esta actividade na súa posterior marcha a Barcelona — de onde ven o título do disco, "Expreso-Estrella". Na capital catalana canta, como é de rigor, nas estacións de metro, e nunha destas conxunturas

Produto maduro, necesario para superar os compartimentos estancos tan habituais na melomanía galega, xa que C. del Caño aproxima na súa arte mundos diversos

do canto coral, e na actualidade continua ampliando os seus estudos musicais.

O seu disco de debut reflicte toda esta bagaxe. Once temas, variados na súa composición e interpretación, redondean este disco irregular. Hai composicións sublimes e outras francamente vulgares. Entre as primeiras, a interpretada polo Coro Universitario Galego de Barcelona — "Tres camiños" —, a que integra instrumentos folclóricos-clásicos —gaitas, flautas, guitarra—, titulada "Marcha Espontánea nº 1", nunha liña parecida pero novamente con voces está a "Marcha Espontánea nº III", mentres que a "Habanera Frustrada" desvía o seu discurso músico-vocal cara unha interpretación un tanto experimental, pechando o disco unha composición propia de despedida — "Meu irmao... meu querido" —, de resonancias folclóricas, con sábia utilización de tarrañolas e teclados. Calquera destas composicións dignifican a gravación coma un produto maduro, necesario para superar os compartimentos estancos tan habituais na melomanía galega, xa que C. del Caño aproxima na súa arte mundos diversos, doadamente ensamblados. Hai tamén un tema simpático, "Vai tu", común a portugueses e galegos do Sul de Ourense, xa que foi recollido do canto colectivo naquelas terras. Outras composicións, as menos, embazan o disco, xa que son temas convencionais, coma o titulado "Ergac", que serve de sintonía radiofónica aos programas da coordinadora "Espazos Radiofónicos Galegos en Catalunya".


Tomemos estes pequenos detalles coma concesións, consecuencia se cadra da longa traxectoria de César del Caño, durante a que se xestou o disco, gravado entre Xaneiro do 1991 e Marzo do 1994. ♦

X.M. ESTÉVEZ

gotelo blanco
N o o i d a d e

Contos de indianos
Olegario Sotelo Blanco

Un exercicio de desmitificación e de reinvenção da memoria.



Xavier Tudela

'As TV privadas non teñen calidade e prexudican a normalización lingüística'

■ ÓSCAR LOSADA

"O asociacionismo en Catalunya é moi vizoso, máis de 25.000 asociacións, pero está a mudar a súa forma de actuar. A

Administración ten que apoiar a produción cultural, pra democratizala", afirma Xavier Tudela, sociólogo, secretario do Instituto de Proxección Exterior da Cultura Catalana.

Cales son as funcións do Instituto para a proxección da cultura catalana?

É unha entidade que naceu no ano 1978, como consecuencia do congreso da cultura catalana, que foi unha manifestación para recuperar a nosa cultura. O instituto realiza, basicamente, tres tipos de actividades: recopila e sistematiza todas as informacións e cifras da presenza da cultura catalana no exterior, organiza manifestacións culturais fóra do país e outorga anualmente premios para recoñecer o labor de entidades catalanas que non están na nosa terra.

Cal é a incidencia da cultura catalana fóra do país?

Existen 150 universidades onde temos leitorado de catalán e nalgúns até cátedras. No curso pasado arredor de mil estudantes de fóra do Estado español seguiron cursos de lingua ou cultura catalanas. Os países nos que temos maior presenza son Alemaña, os EEUU, Grande Bretaña e Franca.

O catalán semella moi integrado en todos os ámbitos da sociedade...

O que diferéncia e fai distinto a un catalán doutra persoa é, basicamente, a súa lingua e cultura. O nacionalismo catalán é totalmente integrador, convida a participar. Se vas a estudar a Londres terás que aprender o inglés, polo tanto se vas a Catalunya, dun xeito totalmente natural, aprendes o idioma do país.

Un grande asociacionismo

A Generalitat apoia co 50% do orzamento os actos culturais que organizan as asociacións culturais. Cal está a ser o resultado desta iniciativa da administración?

Desde o meu punto de vista está a dar un resultado máis que aceptábel. Hai un feito que non podemos obviar, o estado de benestar absorbeu de tal xeito a iniciativa da sociedade civil, queréndoo facer

todo, que semellaba que esta sociedade ía a pique. Unha vez volta rexurdir, coído que subvencionar ao 50% esta actividade fai, que por unha banda a actividade teña lugar e por outro que a sociedade civil ten que traballar para buscar a outra metade, o que é positivo pois así colabora na dinamización cultural.

Normalmente, as actividades de base son distintas ás institucionais, búscase outro tipo de acto cultural.

A función das institucións é a de crear infraestruturas, que custan moitos cartos. Con esta política que se está a efectuar é a sociedade civil a que propón iniciativas e a que se mobiliza a prol da cultura.

En Catalunya existen 25.000 asociacións. Aumentou o asociacionismo no seu país?

Aumentou, pero está mudando. Hoxe en día a xente principia a preocuparse por cousas que antes non a interesaban tanto, como son a defensa do consumidor, o medio ambiente, etc. Estase mudando de iniciativas culturais para manter a lingua e cultura, que está moi coitada pola administración mália continuar traballando sectores da sociedade civil, a iniciativas do tipo que antes comentei. No 50% das vilas hai, polo menos, unha asociación cultural, no 35% entre tres ou catro. No 27% dos municipios temos un grupo teatral e o 42% posúen un local para representar.

A descatalanización das TV

Onde hai máis atrancos para o asentamento do idioma, na educación, na cultura ou nos medios de comunicación?

O problema actual ven da televisión. A nivel lingüístico e cultural a aparición das tv privadas é nefasto, ademais da súa pésima calidade. Dise que temos TV privadas para obter liberdade de expresión e o que non pode ser é que as cadeas non emitan nada en catalán ou en galego. Están a nos prexudicar moitísimo. No fondo estas canles serven ao interese dun capital concreto e non a un interese xeral.

Hai reivindicacións para que estas televisións emitan informa-

ción en catalán?

Houbo proposicións, non de lei, no parlamento de Catalunya instando a estas canles a emitir na nosa lingua. O problema xeral é que as privadas están "desnormalizándonos" moito e non só a nivel lingüístico senón que están a rebaixar a cultura dos espectadores.

En Catalunya teñen unha grande forza as emisoras municipais, que emiten no idioma do país. Incluso as grandes cadeas fan a programación neste idioma, non si?

O 90% da programación autóctona está feita en catalán e é case inconcebíbel emitir noutro idioma. O que ocorre é que cada volta hai máis conexións estatais, o que fai minguar a emisión na nosa lingua.

Manexa vostede a cotío os conceptos Democracia Cultural e Democratización da Cultura.

É aquilo de que a cultura chegue a todo o mundo máis como un ben de consumo, quer dicir, a industria cultural, que está a facer posíbel que persoas que nunca asistiran a un concerto podan ter unha equipa que lle permita reproducir discos compactos. Polo tanto esta industria fixo que esta persoa poda consumir cultura (discos, libros, películas).

Outra cousa é o feito de que este produto que consumes podas, tamén, produci-lo.

Aqui entramos nunha dicotomía moi interesante porque mentres o 99% da xente do estado pode consumir cultura, non ten os elementos necesarios para produci-la. Aquí é onde entra a administración, que ten a obriga de axudar á xente que queira producir cultura, portanto é un concepto que, ás veces, pode ser contraditorio e que debe ser complementario.

O estado apórtalle algo culturalmente a Catalunya?


Máis ben quítalle un billón de pesetas anual. Para desenrolar a nosa lingua e cultura só podemos contar cos nosos propios esforzos, non temos un estado detrás que nos apoie senón que nos prexudica, porque cando tiña que apoiarnos nos campos internacionais non o fai, e tampouco nolo deixa facer a nós por cuestións constitucionais. Así o noso idioma fica fóra de programas como *Lingua* ou *Erasmus*. ♦

O 99% da xente do estado pode consumir cultura, non ten os elementos necesarios para produci-la. Aquí é onde entra a administración, que ten a obriga de axudar á xente que queira producir cultura

BIBLIOTECA A NOSA TERRA
INÓSI IOISI GALEGUISI

Textos sobre
**Arte Galega e
Deseño**

De Luís Seoane




Á venda en
quiosques e
librarias



As filmografías de Arthur Penn e Gianni Amelio revisaranse na tradicional cita da *Seminci*

Valladolid, con Xixón e Porto,
son os festivais internacionais de cinema máis próximos á Galiza



■ MIGUEL CASTELO

Coa acostumada anticipación a *Semana Internacional de Cine de Valladolid* ven de facer público o esquema esencial da súa próxima edición, a trixésimonove-na, a se celebrar entre os días 21 e 29 do vindeiro mes de Outubro. Os afeizoados galegos teñen nesta cita e nas de Xixón e Porto as máis próximas á espera dun festival internacional propio.

Dez apartados compoñen a oferta cinematográfica deste ano. Dentro da *Sección Oficial*, arredor de vinte longametraxes e outras tantas curtametraxes de recente produción competirán polo máximo

galardón, a *Espiga de Ouro*, dotado con tres millóns de pesetas destinados, na primeira das modalidades, para o distribuidor español do filme vencedor. Asimemo, un millón e medio millón de pesetas, respectivamente, constitúen os orzamentos dos outros dous premios desta sección que contan con dotación económica, o *Prémio ao Mellor Novo Director* e a *Espiga de Ouro de curtametraxes*.

Ademais das súas habituais seccións *Punto de Encuentro*, *Tiempo de Historia*, *La Serie del Año-TVE*, *Spanish Cinema* e *Escuelas de Cine*, este ano dedicada á australiana *Australian Film, Television and Radio School*, onde, entre outros, se formou a autora de "O piano", *Jane Campion*, a *Seminci* completa a súa oferta especificamente cinematográfica con cinco ciclos.

Arthur Penn,
narrador vizoso

Un dos ciclos, se cadra, de meirande interese desta edición será o dedicado a *Arthur Penn*. *Inexplicablemente* afastado dos labores de dirección, o autor de *A manda humana* constitúe o contrapunto de grande parte dos realizadores mozos que actualmente ofician dentro do compracente panorama hollywoodiense. O interese dos seus temas, a súa capacidade expresiva e máis o vigor do seu estilo narrativo confirmanlo como un dos grandes, non só do cinema norte-americano, senón dos cineastas mundiais contemporáneos. Os organizadores vallisoletanos ofrecerán o mellor da súa filmografía: *Bonnie and Clyde*, *Pequeno grande ho-*

me, *A milagre de Ana Sullivan*, *O zurdo* ou *Georgia*, entre outras.

Dous actores e
debuxos animados

Manuel Alexandre e *Rafael Alonso*, que pertencen con todos os dereitos a ese fato de espléndidos intérpretes, como moitos outros, forxados na cena teatral, terán tamén o seu espazo dentro da *Seminci 94*. Eles fan parte dese colectivo dos denominados actores de reparto que, ao igual que noutras cinematografías, resultan moito máis eficaces do que certas "stars". Sellos ciclos permiten contemplar o mellor dos seus traballos.

Dentro do apartado que, desde hai catro anos, este encontro cinematográfico ven dedicando ao cinema de imaxes animadas, para esta ocasión está preparada a obra completa de *Raoul Servais*. Tan escasa (arredor de doce títulos) como interesante, a filmografía deste cineasta belga, realizada, na súa práctica totalidade en metraje curta, verase acompañada pola súa, até o momento, única longametraxe, *Taxandria*, a singularidade formal da cal descansa na integración de diferentes técnicas de animación.

Descoñecido Amelio


Gianni Amelio, recoñecido director italiano (merecente en dúas ocasións, por *Porte aperte* e *Il ladro di bambini*, do Felix ao mellor cineasta europeo), tan só ten un título estreado, o segundo dos mencionados, nas pantallas comerciais españolas. A *Seminci*, onde *Amelio* obtivo a *Espiga de Prata* no 1990 co primeiro dos filmes citados, no ánimo de compensar esta eiva, proxectará o conxunto da súa obra, dentro dun ciclo organizado coa colaboración de *Cinecittà International* e a *RAI*.

Por cabo, e como colofón á Mostra de Cinema Canadano, ofrecida o ano pasado, a *Semana* ten preparado un ciclo dedicado a un singular cineasta desta nacionalidade, *Jean-Claude Labrecque*. Director de fotografía dos principais títulos da "nova onda" do Québec dos anos 70, *Labrecque* foi desenvolvendo ao tempo unha froitífera carreira como realizador, tanto no campo do documental como no terreo da ficción. Este ciclo permitirá contemplar a capacidade diversificadora deste completo cineasta.

A edición de novas publicacións e a celebración de mesas redondas e conferencias de prensa coas diversas personalidades, directores, produtores, actores, etc., asistentes constituirán o necesario e axeitado complemento á devandita oferta preparada por este modélico encontro audiovisual, que, non satisfeito coa súa anual posta en cena, ven organizando no decurso do ano diversas actividades de interese, como os ciclos *Cinema belga, anos oitenta*, *Mulleres no mundo*, *O cinema dos medios de comunicación* e *Cinema portugués: tan perto, tan lonxe* realizados en Xaneiro, Marzo, Abril e Xuño, respectivamente. ♦


CRÓNICA

Libros vivos




Xusto cen anos despois, Bernardo Máiz reconstrúe a volta ó mundo da corbeta *Nautilus*. Unha singradura polos sete mares, dende Bos Aires a Valparaíso, dende as costas americanas ás praias de Australia, nunha viaxe de descubertas sen precedentes na navegación galega.

NA MESMA COLECCIÓN



REPORTERO DE GUERRA EN IUGOSLAVIA
Delmi Álvarez



O PIRATA DA MOUREIRA
Jorge Parada Mejuto



NAUTILUS
Bernardo Máiz

Convocatorias

Actividades xuvenis en Oleiros

A Casa da Xuventude de Oleiros e a Fundación Municipal de Cultura organizan unha chea de actividades para este verán. A oferta comprende **cicloturismo, campamentos, travesías marítimas, vela, remo, natación, patinaxe, fútbol, baloncesto, viaxes**, e obradoiros de **fotografía, vídeo, teatro, coiro, teares e cinema** entre outros. Máis información e inscricións na Ponencia da Cultura (981) 61 00 00, e na Casa da Cultura (981) 63 65 98.

Taller de coreografía

A sala Galán de Santiago organiza un *Taller de creación coreográfica para actores e bailarins*. O curso será impartido por Carmen Werner da compañía *Provisional de Danza*, do 18 a 23 de Xullo. Os asistentes ao curso farán unha representación pública na sala Galán ao remata do curso. Inscricións e información na sala Galán: Gómez Ulla, 7. 15702 Santiago. Teléfono (981) 58 51 21 e 58 51 66.

Cursos da asociación Máximo Gorki

A asociación Máximo Gorki de solidariedade entre os povos encargase da organización de **curso de iniciación ao idioma ruso**, do 15 de Xullo ao 15 de Setembro en Vigo. Tamén hai cursos semellantes de catro semanas en Moscova, Leningrado e Kiev, e viaxes turísticas aos mesmos destinos. Completa o programa da asociación un **curso de iniciación ao encaixe ruso** durante o mes de Xullo. Máis información e inscricións no local da Máximo Gorki: Marqués de Valadares, 14-1º; ou no teléfono (986) 22 44 57, de 5 a 9 da noite.

Curso de monitores

A escola de tempo libre **Alento** organiza un curso para formación de monitores de actividades de lecer, que decorrerá do 1 ao 15 de Agosto no albergue da Asociación Recreativa O Viso (unha antiga casa reitoral en Lodoselo-Sarreaus). O prezo do curso ascende a 30.000 pta. (pódense pagar en tres prazos de 10.000 pta.) que inclúen pensión completa e aloxamento. O curso ven subsidiado pola Consellería de Cultura. Máis información no (981) 58 00 33.

Inter-cambio coa República checa

A asociación AMAVET da República checa, propón un inter-cambio con mozos de todo o Estado español, de 5 días de duración en réxime de pensión completa en habitacións dobles. A viaxe será en autocar con paradas en capitais europeas, polo que a duración total chega aos 9 días, seguramente do

18 ao 26 de Xullo. O prezo do inter-cambio é de 35.000 pta., das que é necesario entregar a conta 10.000 pta. para a reserva de praza. Máis información no Instituto de Investigacións Científicas e Ecolóxicas. Apartado de Correos 82. 37080 Salamanca. Teléfono (923) 26 46 07.

VIII Premio de poesía Feliciano Rolán

Convocado pola **Agrupación Cultural Guardesa** e aberto a todos os que desexen presentar os traballos (oriñais e inéditos) de tema e estilo libre. Cada concursante pode remesar un máximo de dous poemas de 30 a 100 versos, mecanografiados a dobre espazo, baixo plica e por quintuplicado ao Apartado de Correos 69 da Guarda, antes do 1 de Agosto de 1994. Os premios, 1º 30.000 pta., 2º 10.000 pta. e 3º 5.000 pta., entregaranse nas Festas do Monte de Santa Tegra, 10 de Agosto.

Itinerarios ecolóxico-culturais

A Cooperativa de Educación Medioambiental CEM organiza un roteiro para adultos pola Serra da Capelada (San Andrés de Teixido), do 1 ao 4 de Agosto, con aloxamento en establecementos hosteleros e tendas de acampada. A saída, adicada ao corredoísmo e a educación ambiental, fica aberta a maiores de 18 anos ou de 12 acompañados. O prazo de inscrición pecha o 27 de Xullo. Máis información no CEM: (981) 26 56 40.

Revolvato de música emerxente

O centro veciñal **Valadares** de Vigo (co apoio das rádios de Oleiros, Cereda, Culleredo, Rádio Medellín de Santiago e Ecce, amais das casas discográficas Edigal, ECD, The Plástico Guay, Can Records, Beltaine, Gal & Cia, Trevoada, e a revista 32 Pistas), organiza o primeiro **Revolvato de música emerxente**. O teu gozo no monte dos pozos do 15 ao 22 de Agosto no Monte dos Pozos, un lugar privilexiado do Concello de Vigo, cunhas vistas únicas sobre a Ria e as Illas Cies, parque forestal, lago navegabel, auga, electricidade e cantina. O revolvato comprende unha **acamurada**, do 15 ao 22 de Agosto cunha cuota mínima de 2.500 pta. que corresponde ás tendas de catro prazos, pódense reservar praza no Centro Veciñal e Cultural Valadares (CVCV). Estrada de Valadares, 233. 36314 Vigo. Fax: 986-46 94 55) ou facer a inscrición na mesma semana do revolvato na caseta da organización; tamén no revolvato terá lugar a **Feira de música independente**, do 17 ao 21 de Agosto, que ofrece unha serie de casetas de balde para discográficas, tendas de discos, fanzins, revistas musicais, etc. Os interesados expor os seus produtos pódense dirixir ao CVCV do 26 ao 30 de Xullo.

Amáis o encontro oferta unha serie de **curso** de iniciación e perfeccionamento de danzas do mundo, xogos de rol, escalada en rocha, corredoísmo, jazz e música moderna, gaita, instrumentos de cordas, guitarra eléctrica e percusión. O prazo de inscrición para os cursos pecha o 25 de Xullo, e os prezos van das 900 ás 6.000 pta. Completa o revolvato a **Mostra/concurso de música emerxente**, do 19 ao 21 de Agosto, coa asistencia de 30 grupos dos máis variados estilos musicais de Galiza e o norte de Portugal. Para participar na mostra/concurso hai que se inscreeber no CVCV antes do 25 de Xullo. Os cinco premios do concurso van das 35.000 ás 100.000 pta. Máis información no CVCV: (986) 46 86 84.

Prazas de aloxamento da Universidade de Santiago

A Universidade de Santiago de Compostela ven de facer pública a **convocatoria de prazas de aloxamento no Sistema de Residencias Integradas para o curso 1994-95**, a cal oferta un total de 1.530 prazas en sete centros pertencentes aos Campus de Compostela e Lugo, abertas a todas as persoas da comunidade universitaria. O prezo fixado para o aloxamento dos estudantes de primeiro, segundo e terceiro ciclo, vai segundo as súas posibilidades económicas das 4.000 ás 15.000 pta. por mes en habitación dobre, e das 5.000 ás 19.500 pta. en habitación individual. A escola de admisión atende á situación económica, o rendemento académico e ao feito de estar afectado por algunha discapacidade que afecte á súa mobilidade. A convocatoria inclúe as prazas da Residencia Universitaria de próxima apertura no campus de Lugo. O prazo para mandar as solicitudes fica aberto até o 29 de Xullo. Máis información no Vicerrectorado de Estudiantes e Servizos. Casa da Balconada. Rúa Nova, 6. 15705 Santiago. Teléfono (981) 57 39 06, Fax (981) 57 13 10.

Galiza desde a emigración ao retorno

A Confederación Intersindical Galega (CIG) organiza o curso *Galiza desde a emigración ao retorno* do 18 ao 22 de Xullo no paraninfo da Universidade de Vigo. O curso comprende as charlas de Arturo Cuadrado Moure (escritor e editor), María Reza Torrado (Profesora de Historia), Manuel Suárez Suárez (Secretario Técnico do Consello da Cultura Galega), Ana Santorun Ardome (Licenciada en Filoloxía Hispánica), María Clavería Prada (Sicóloga), Luís Pérez Leira (Coordenador da CIG-Migración) e Manuel Mera (Secretario Confederal da CIG). Máis información nos teléfonos do Campus de Vigo (986) 81 36 03, Campus de Pontevedra (986) 86 32 10, e Campus de Ourense (988) 25 11 11.♦

O trinquero

Teatro

Con estreas galegas, un percorrido polo teatro de fóra e un entorno para o disfrute

e a recriación histórica, a *Mostra Internacional de Ribadavia* é unha oportunidade excelente tamén para o *Turismo cultural*.♦

Anuncios de balde

■ **Desexo entablar amizade a medio da correspondencia con xente de calquer idade**. Oreyne Michael Ramírez Medina. Frank Hidalgo Gato, 29 A. Francisco Cadalia e Macedo. Trinidad, Sancti Spiritus. 6200 Cuba.

■ **Grande oferta de discos e cassetes**. Evénico Baños: (988) 21 05 85.

■ **Vendo aparato de masaxe adelgazante** con cinta inter-cambiábel a bolsas. 18.000 pta. (986) 21 06 69.

■ **Vendo máquina de coser industrial**. Marca *Singer*. Perguntar por Laura, de 17 a 22 h., no (986) 22 62 28.

■ **Alugase piso para o verán en Vigo** na rua Torrecedeira, con vistas á ria. Teléfono (988) 23 95 20.

■ **Grupo de xoves cataláns (de 3 a 4 persoas) buscan piso de aluguer, ou pensión, para a segunda quincena de Agosto, nas Rías Altas ou Baixas**, xa sexa na vila ou na cidade. Perguntar por Marta no (93) 491 06 83, ou escribir a: Marta Viñals, Travesera de las Cortes, 136 sótano 1º, 08028 Barcelona.

■ **Cómprase Gran Enciclopedia Galega completa**. Os interesados poden chamar ao telf. (986) 47 02 98 de 15 a 16 e de 21 a 23 horas.

■ **Casa de reposo La Levada**. Estamos abertos todo o ano, ofrecemos distintas actividades: cursos de fotografía, taller artesán e actividades deportivas (descenso por corda, rotas en bici e dacobalo, descenso por río). Posibilidade de realizar curas de xexun, consulta de médico hixienista. Teléfono e Fax: (986) 66 64 13.

■ **Mestre busca desesperadamente un traballo relacionado co ensino ou calquer outro: librarías, editoriais, conductor...** (981) 69 56 82. A Coruña.

■ **Mercado bicicleta estática para ximnasia**. Perguntar por Marisol a partir das 3 da tarde no (986) 25 34 69.

■ **Brigadas de solidariedade a Centroamérica**. Se te animas a botar unha man aos esforzos das xentes que queren mudar por si mesmas as súas condicións de vida, e queren facelo colectivamente; de estar interesada ou interesado en ter unha maior información do proxecto ponte en contacto con nós: Comité de Solidariedade (CO-SAL): 63 71 75 e 23 60 84 da Coruña, 74 70 92 da Costa da Morte, 24 83 48 de Ourense, 54 82 55 e 53 74 97 de

Santiago, e 20 48 03 de Vigo.

■ **Alugo chalet perto da praia**. Camposancos. Meses do verán (986) 62 70 40.

■ **Aulas de inglés para recuperacións con profesores nativos**. En Vigo. (986) 47 12 62.

■ **Alugo casa perto da desembocadura do Miño**, en Camposancos. Perguntar por María Xosé, de 13 a 15 e de 20 a 22 h., no (986) 62 71 07.

■ **Alugase estudio en Vigo**, con calefacción, auga quente, soleado, céntrico. Ideal para estudante. (986) 49 06 88.

■ **Percuro xente coa que montar a película sen un peso**. Se tes coñecementos de cine ou vídeo (nas áreas de fotografía, cámara, son e maquillaxe), chámame ao teléfono (986) 22 69 81 a partir das 8 do serán, e pregunta por Xan Leira.

■ **Andamos a andar a terra na procura de investigar e catalogar aqueles recunchos onde a historia se detivese con forza no seu día e que hoxe durmen o paso dos séculos**. Fuxindo de facer prácticas arqueolóxicas e de alterar o entorno e coa fin antedita, solicitámosvos nos escribades informándonos daqueles lugares sospeitosos (pedrafitas, antas, mámoas, etc.) e medio perdidos dos que teñades referencia. Viaxes Céltigas. Apartado 1364. 15007 A Coruña.

■ **Ofrecemos charlas sobre a situación do sócio-lingüístico do galego e do bretón** así como de aspectos xerais da Bretaña contemporánea (en galego ou francés) para centros de ensino de toda Galiza. Isabel e Neal. Algália de abaixo, 20-2º. Santiago. (981) 56 07 69.

■ **Vendo chalé de 2 plantas máis garaxe**, 2.500 metro cadrados de terreo e unha casa vella. Nas Rías Baixas. (923) 26 76 57.

■ **Véndese moto BMW, modelo K100 RS**. Poucos quilómetros, cor negra. Urxente por motivos de viaxe. Chamar ao teléfono (986) 22 65 86.

■ **Vendo equipo fotográfica completa ou por partes**. Cámara *Canon A1*, flash *Canon Speedlite 199A* e obxectivo *Canon FD-50 Tokina* (80-200), *Tamron-SP-13A* (24-48) e *Kenko 2XC-FE Teleplus M4*. Con manuais e estuches orixinais. Prezo total 75.000 pta. (consultar prezo por partes). Chamar ao (981) 52 01 76 de Santiago, despois das 9 da noite.♦

Cinema

O sol do marmelo
O Xoves 14, ás 20.15 h., no Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) Durán Loriga, 10. A Coruña, pasan *O sol do marmelo* (1992) de Vitor Erice. Entrada 150 pta., 100 pta. con Carné Xove.

Don Quintín o amargado
O Venres 15, ás 20.15 h., o CGAI proxecciona o filme de Luís Marquina *Don Quintín o amargado*, con guiñ de Luís Buñuel e máis Eduardo Ugarte. Entrada 150 pta., 100 pta. con Carné Xove.

Canoa
O Mércores 20 de Xullo, ás 8.30 do serán no auditorio do Concello de Vigo, cine club **Lumière** proxecciona o filme *Canoa* (México, 1975) dirixido por Felipe Cazals. O seguinte título na programación do cine club **Zegen, o señor dos burdeís** (Xapón, 1987) de Shohei Imamura, pódese ver o Mércores 27, á mesma hora e no mesmo auditorio. A

entrada para unha sesión vai a 300 pta. mentres que a mensual, catro ou máis sesións, a 1.000 pta. Máis información no teléfono do cine club **Lumière**: (986) 43 67 73, de 14.30 a 17 h.

Ter ou non ter
O Mércores 20 ás 20 e ás 22.15 h., no auditorio da Caixa Madrid en Pontevedra. O cine club **Pontevedra** ofrece dentro do seu ciclo *Historia do cinema*, o filme *Ter ou non ter*, dirixido en 1944 por Howard Hawks con Lauren Bacall e Humphrey Bogart no reparto.♦

Televisión

Vapor
O Sábado 16 á noite, en versión orixinal sub-titulada no espazo *Butaca Especial* da TVG. Dirixida por Joseph Losey en 1983. Intérpretes: Vanessa Redgrave, Sarah Miles, Diana Dors, Patti Love e Brenda Bruce.♦

VÍSTETE DE A NOSA TERRA



Pedimentos a:

A NOSA TERRA
Príncipe 22, baixo
36202 Vigo
através de cheque
bancario e
especificando talla:
pequena, mediana,
grande ou cativos

- Camiseta 800 pta.
 - Sudadeira 1.500 pta.
- (Máis gastos de envío)

Teatro

Mostra Internacional de Ribadavia
O Concello de Ribadavia artella a *X Mostra Internacional de Teatro*, do 15 ao 24 de Xullo, con actividades nas ruas da vila, no Museo Etnolóxico e no Auditorio do Castelo. O Venres 15



L'Home Xoc de Catalunya

abre no Museo Etnolóxico, a *Mostra sobre a historia da literatura dramática e do teatro galego, desde as orixes até 1953*; ás 11,30 da noite, no Auditorio do Castelo, *Teatro del Sur* pon en cena *El último Dios* de Juan García Larrondo; e *L'Home Xoc* un transeunte profesional pasea polas ruas os días 15 e 16. O **Sábado 16**, ás 11,30 da noite, no Auditorio do Castelo, o grupo **T de Teatre** encenifica *Hombres*, baixo a dirección de Sergi Belbel. O **día 17**, á mesma hora e no mesmo auditorio, **EDG-Uvegá** representa *Electra segundo Eurípides*, versión e dirección da man de Manuel Lourenzo. O **Luns 18**, **Teatro Meridional** presenta a obra *Naque, ou sobre piolhos e actores* de José Sanchis Sinisterra. **Martes 19**, ás 8,30 do serán, na Praza Maior, **Producciones Quinquilimon** de Asturias, estrea *Barren y Gochini, sociedad ilimitada*; e ás 11,30 no Auditorio do Castelo, **Chévere** encena *Máquina Total*. O **día 20**, ás 9 da noite, nas ruas, poderase ver *O tren musical* de **Axioma Teatro** (Almería); e ás 11,30 da noite, no Auditorio do Castelo, o arxentino **Jorge Gorosco** fará un **Retrato feroz de Antonin Artaud**. **Xoves 21**, Julio Cardoso dirixe **Producciones Teatrais do Sur** para interpretar *Machett* de Ionesco.

Bing Bang
Chévere Teatro representa a súa obra *Big Bang*, o Venres 22 en Manzaneda.

Commedia
Tras o grande éxito na Galiza coa obra *Commedia, un xoguet para Goldoni*, a compañía **Ollomoltranvia** ofrece tres actuacións fóra da Galiza: en Almagro (día 27), Logroño (día 29), e Burgos (o 30).

Música

Orquestra Sinfónica da Galiza
En concerto o día 22 no Pazo de Congresos da Coruña baixo a dirección de Víctor Pablo Pérez.


Banda de música de Coruxo
Pódese escoitar a banda de música **Unión Musical de Coruxo**, o Sábado 16, na Praza de Compostela (Vigo).

Concerto de gaitas
O Domingo 17, ás 10,30 da noite, na Praza de Castela de Rianxo, actúan os grupos **Gaiteros da Comunidade Autónoma** (Galiza) e **Palagaita** (Rusia-Galiza).

Fia na Roca
Actuación o día 23 na Guarda.

Éboli e Tress
Os grupos **Éboli e Tress**, actúan o día 16 no auditorio exterior do Centro Cultural do Porriño.

Exposicións




Calros Silvar, na Sala de Exposicións Hércules Coruñés, do 8 ao 23 de Xullo.

Retrincos
Obra de **Calros Silvar**, até o 23 de Xullo, na sala de exposicións do Hércules Coruñés (Costa da Palloza, 4-6, A Coruña). Horario: días laborables de 19 a 21 h., e Sábados de 12 a 14 e de 19 a 21 h.

Juan Morgado
Amosa as súas pinturas na Sala dos Peiraos (Praza da Constitución) de Vigo. Até o 29 de Xullo, de 11 a 14 h. e de 17 a 21,30 h.

Juan Morgado na Sala dos Peiraos de Vigo



Páxinas coordinadas por **IAGO LUCA**

Retablos de Arturo Baltar
Mostra aberta no Mosteiro de Poio.

Para Joseph Beuys
Obra gráfica de trinta artistas internacionais na Casa da Parra (Santiago). Aberta de Luns a Venres de 11 a 14 h. e de 17 a 21 h., Sábados de 11

a 14 h., e Domingos pechado.

Luís Viñas
Pintura na Fábrica de Allariz, do 16 ao 31 de Xullo.

Edmundo Paz
Pintura, até o 25 de Xullo, na sala Caixavigo.

Joaquín Sorolla
A mostra antolóxica de Joaquín Sorolla, fica exposta no Kiosko Alfonso da Coruña.

Escultura
Obra de **Antonio Taboada** na Casa das Artes de Vigo.

Homenaxe á flor
Acuarelas e oleos de **Maria Argentina Correa**, coa flor como temática comun na sala de exposicións da RENFE en Vigo. Aberta até o 15 de Xullo, de 11 a 2 na mañá e de 6 a 10 na tarde.

Santibañez
A Nova Sala de Exposicións Caixavigo acolle do 12 ao 25 de Xullo a mostra de oleos **Santibañez**, unha pintura impresionista-figurativa. De Luns a Sábado de 19 a 22 h.

Sean Graig
Acuarelas, até o 17 de Xullo, no Café Rúa Nova de Santiago.

Pepa a Loba
O *pub* Pepa a Loba de Santiago acolle até o 17 de Xullo unha mostra de pintura de **Manuel Rodríguez Varela**.

De Cuba a Galiza
Todo o mes de Xullo no Café Liceum do Porriño. Unha mostra representativa das propostas artísticas actuais en Cuba cunha grande variedade en temas e técnicas. Pintores primitivistas con outros figurativos ou abstractos representan a realidade dun povo de cultura afro-latina e o resultado do labor artístico cultural da Revolución Cubana. O taller cultural **Luis Díaz Oduardo** de Santiago de Cuba e o complexo artístico **El Batey** en Mella, agrupan estes artistas que veñen de expoñer por Alemaña, Italia, Hungría, Franca, etc. Participan na mostra **Israel Tamayo, Berto Luís Ruano, Alberto Lescay, José Seoane, Jorge Knight, Jorge Luís Chávez e Grettel Arati**.

Presencias
Obra de **Amador Magraner**, até o 23 de Xullo, na galería Trinta de Santiago.


Luís Carré
Fotografías na Casa das Artes de Vigo, de Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21,30 h., Sábados só de tarde e Domingos de mañá. Aberta até o 24 de Xullo.

O Novo Canogar
O Museo do Povo Galego (Santiago) amosa até o 25 de Xullo as pinturas máis recentes de **Rafael Canogar**. Aberta de Luns a Sábado de 10 a 13 e de 16 a 20 h. Pechado no Domingo.

Memoria de paisaxe
O Auditorio da Galiza expón até o 27 de Xullo de Martes a Domingo de 12 a 19 h., obra de **Juan Hernández Pijuan**.

Euroamericana de gravado
Até o 20 de Xullo na Estación Marítima da Coruña.

Argentina Correa na Sala de Exposicións da RENFE en Vigo



Lisboa/94

Exposicións

Fado, até Outubro no Museo Nacional de Etnoloxía. **A Influencia Oriental no Azulejo Portugués**, até Outubro no Museo Nacional do Azulejo. **Retrospectiva World Press Photo (1956/93)** na Cordoaria Nacional. **Debuxos de Paula Rego**, até Decembro no Museo Rafael Bordalo Pinheiro. **O Grande Teatro do Mundo ou Os Clásicos en Lisboa**, até o 30 de Setembro no Museo Nacional do Teatro. **Fernando Silva Pereira**, pintura, até o 16 de Xullo, na Galeria Barata. **Lisboa Subterránea**, até o 31 de Decembro, no Museo de Arqueología (07-351-1-362 00 00). **Lisboa en Movimento**, até o 30 de Outubro no Museo da Cidade (07-351-1-759 16 17). **Os Finalistas** até o 23 de Xullo na Sociedade Nacional de Belas Artes. **Máquinas de Cena**, cenários e adereços do Grupo de Teatro O Bando, até o 31 de Agosto no Culturgest (07-351-1-848 02 18).

Teatro

Europa Não! Portugal Nunca!!, espectáculo de humor de Mário Viegas, no Teatro Municipal de Sao Luiz (07-351-1-347 12 79). **O mozo que chegou de lonxe** de J. M. Synge, encenificada por Rui Mendes, no Teatro da Maslaposta (07-351-1-938 84 07). **Bent de Martin Sherman**, no Teatro da Graça (07-351-1-87 56 26). **Auto da India** de Gil Vicente, por Blanco Gil, no Teatro Ibérico (07-351-1-858 25 31). **Orpheu**, textos de Fernando Pessoa, Mário de Sá Carneiro e José Régio, por Ricardo Bragao, no Teatro Recordação d'Apolo (07-351-1-362 43 15). **Oleanna** de David Mamet, encenificada por João Lourenço, na Faculdade de Letras (07-351-1-797 09 69). **Ode poética**, textos de Camões, Pessoa, Florbela Espanca, Almeida Garrett e Bocage entre outros, no Teatro ABC (07-351-1-346 67 45).

Danza

Actuacións no Teatro de San Luis: **Escola de Danza do Conservatório Nacional**, até o 23; **Centre Nationale de Danse Contemporaine d'Angers**, o 19; e **Conservatório de Paris**, o 21.

Música

Programa do Ciclo de órgano: **Francis Chapelet**, o 17 na Sede Patriarcal; **João Pedro Oliveira**, o 22 na Igreja de San Sebastião (Setubal); **Tom Koopman** na Igreja dos Mártires o día 29 e na Sede Patriarcal o día 31; **Rui Paiba**, o 5 de Agosto no Convento de Mafra. **Opera: Carmen** (Bizet) o 25, 27, 29 e 31 no Coliseu (Porto).

Información xeral dos actos de Lisboa/94 no telf. (07-351-1) 346 06 50/41.

Mundial de futbol


Nesta semana xóganse os partidos finais do Mundial: **Día 16**, ás 21,30 h., xógase partido para decidir o terceiro e o cuarto posto entre os perdedores dos partidos **Suecia-Brasil** do día 14 e **Bulgária-Italia** do día 13. **Día 17**, ás 9,30 da noite, ten lugar a final.

Actividades

Actualidade e perspectivas do proxecto cubano
A Asociación de Amizade **Francisco Villamil** organiza o **III Festival solidario Galiza-Cuba**, que comprende a conferencia de Regla Díaz (reponsábel de prensa da Embaixada de Cuba en Madrid), o Xoves 14 ás 8 do serán, na galería Sargadelos de Vigo. Entrada de balde.

Feira do libro en Sanxenxo
Celébrase do 14 ao 17 de Xullo na Praza do Pazo.

Natural de Baños de Molgas, Moncho Borrajo asegura ter sabido misturar, en máis de 20 anos de profesión, a tradición de fonda crítica social de Castelao e a capacidade para chegar á xente do povo de Xan das Bolas. Provocador intencionado, defensor de causas perdidas, home de esquerdas "pero das de verdade" e feminista por influencia familiar, o humorista insiste en que a súa marcha fora da terra axudouno a tomar verdadeira conciencia de galego.



ANXO IGLESIAS

Moncho Borrajo

"Son unha mistura de Castelao e Xan das Bolas"

■ MARIA ALONSO

Que salientaría da súa evolución artística, forxada logo de 22 anos de exercicio?

Son un dos poucos humoristas que desde a época de Franco até este momento mantiven a poética do humor sempre en evolución. Agora teño xa un traballo demostrado que consistiu nun principio en levar ao teatro o que antes se facía nos cabarés e conseguir que a xente fose ao teatro para rir. Nestes anos seguin a tradición de moitos cómicos galegos, como Camba, Castelao, Maside, Xan das Bolas ou Quesada, e agora penso que son o representante último desa movida galega.

Pódese considerar galego o seu humor?

Teño algo moi galego que se pode atopar no fondo da filosofía dos humoristas de Galiza e que consiste, non en conseguir que a xente ría a gargalladas, senón en que simplemente esboce un sorriso.

De que xeito influíu sobre vostede a súa marcha de Galiza?

A emigración cultural que representou para min a chegada a Valencia para estudar Arquitectura servíume sobretudo para tomar conciencia de galego. Cons-

tatar que a xente dali defendía a súa identidade e a súa lingua fixo que me decatase de que eu tamén tiña cousas que defender, como a cultura e a historia de Galiza. Foi daquela cando comecei a cantar no noso idioma e souben que non tiña que sentir vergoña por ser galego, senón que debía levar a miña orixe a moita honra.

Corrían os anos 68, 69 e 70 e Moncho Borrajo viuse na obriga de "recompoñer todo o que tiña, sobretudo o meu catolicismo practicante e a falta de discrepancias políticas que se vivira na miña casa.

E que quedou dese conflito?

Sobretudo unha tremenda dúbida constante, que quizá é o que me fai sempre camiñar, atento en todo momento ao recoñecemento do que fago por parte dos demais, para atopar certa seguridade. Do conflito relixioso quedou o enfrentamento entre o catolicismo practicante e o desacordo coa Igrexa. Sexualmente, comprendín que a persoa monógama na que me convertera a miña educación podía non coincidir coas necesidades que che transmite o teu corpo. E politicamente quedeime coa necesidade de tomar sempre partido.

Como se considera Moncho Borrajo?

Persoalmente, teño cambiado moito, pe-

ro sen perder o meu carácter visceral de sempre, ese que me custou tantas labazadas. O que si noto é que me estou facendo máis tolerante que antes. Nunca fun unha persoa racista, senón máis ben o contrario, preocupada polas grandes diferencias sociais existentes e polos problemas dos considerados inferiores por algun motivo. Da época da Universidade gardo unha defensa total da muller. Xa daquela as poucas alunas que estudaban comigo dician que "el gallego" era o máis feminista de todos. Ese convencimento de que a muller non é baixo ningún concepto inferior ao home aprendino na miña casa, onde as decisións consensuábanse entre meu pai e miña nai.

É certo que vivemos nunha sociedade máis intolerante?

A intolerancia nace da mesma sociedade, cando nos empeñamos en facela máis competitiva, sobretudo no mundo laboral, e deixamos de valorar aos individuos por si mesmos para ter en conta só a súa posición social. Penso que a sociedade española é cada vez máis intolerante no que respecta ao racismo, ao traballo e a discriminación da muller, pero fíxose máis tolerante nas cuestións sexuais ou relixiosas. O movemento homosexual, as mulleres separadas, ou as nais solteiras xa non despertan o morbo de antes nen provocan grandes escándalos. ♦

TRES EN RAIA

De países e entornos

■ CARLOS MELLA

Os nosos gobernantes, cada vez que fan unha das súas falcatruadas, sempre poñen a mesma arreda: "é para homologarnos con Europa", "asi se fai nos países do noso entorno", e fican todos cheos de razón.

Pero só nos homologamos no malo: homologámonos nas multas de tránsito pero non nas estradas; nos impostos pero non nos servizos públicos; nas obrigas pero non nos dereitos.

Agora tócalle ao estado de benestar: non rexemos con el pero "iso pásalle tamén aos países do noso entorno". E dalle. O que pasa é que ali o estado de benestar é un estado de benestar, como o seu nome indica, e aquí é unha macanada.

Comparemos: aquí non rexemos co paro e para cobrar unha pensión vai haber que estudar unha carreira. En Dinamarca tampouco poden co paro, pero discorren: todo o que teña traballo fixo pode pedir un ano sabático para que entre un do paro. Ao que descansa só lle pagan até duascientas mil ao mes. Por cada fillo aquí cóbranse cincocentas pesetas e ali setenta e oito mil.

E digo eu, por que non homologamos o estado de benestar? Por que non facemos coma os países do noso entorno?

Entón sería a hora de falar de rebaixas. ♦

VOLVER AO REGO

Din que neste país non hai sociedade civil. A xente non se organiza, non demanda. Pero é falso.

Hai 140 bandas de música, máis orquestas que en nengunha outra comunidade quitado Valéncia, varios milleiros de gaiteros. Pero non se di que este seña un país de músicos. A música é Marta Sánchez e Madonna.

Só en Vigo e arredores existe unha nutrida nómina de grupos de folk: Arreguín, Chouteira, Matto Congrio, Muxicas, Na Lúa, Noitarega, Trisquel... Pero ningún di que haxa unha movida como a dos oitenta, porque non fan rock blando, pop hortera, ritmos simplistas e repetidos desde hai trinta anos, música oficial.

A sociedade civil existe, pero non conta para os medios de comunicación, se non é sumisa, mimética coa cultura anglo. Que alguén probe a facer rap en Lugo e xa verá que axiña sae na televisión. ♦

UN ALIMENTO DE CAMPIONATO



ERICA MEL

Cotaredo, 6 - 15703 Santiago
Telf. e Fax: 981 - 58 95 34

